



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 27
7 de outubro de 2020

Fascículo 4



CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F7

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación sen modificacións

I 1829 (11/PNC-000173)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación respecto da necesidade de adoptar medidas en relación coa pesca accidental de cetáceos

[8586](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 2063 (11/PNC-000198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible obrigatoriedade de usar máscara para as traballadoras do sector do marisqueo a pé

[8586](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.4. Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

1.5.1.4.1. Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

I 2947 (11/MFSG-000001)

Fiscalía Superior. Comunidade Autónoma de Galicia

Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2019

[8589](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.6. Composición da Mesa das comisións

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

I Elección da Presidencia da Comisión

[8587](#)



2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisión

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de outubro de 2020, polo que se admite a trámite o escrito das deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a creación dunha Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financieira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura e retomados sen conclusión na X lexislatura (doc. núm. 2616) [8977](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 2 de outubro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 1829 (11/PNC-000173)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación respecto da necesidade de adoptar medidas en relación coa pesca accidental de cetáceos
BOPG nº 19, do 22.09.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 2 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a pedir ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación que se fagan estudos máis exhaustivos sobre a eficacia da necesidade de adopción de medidas de protección dos cetáceos, así como a propor a adopción de medidas desde un punto de vista de proporcionalidade dos posibles danos que cada arte de pesca pode orixinar na interacción con estas especies.»

Rexeitamento da iniciativa

- 2063 (11/PNC-000198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible obrigatoriedade de usar máscara para as traballadoras do sector do marisqueo a pé
BOPG nº 19, do 22.09.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.4. Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

1.5.1.4.1. Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de outubro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

- 2947 (11/MFSG-000001)

Fiscalía Superior. Comunidade Autónoma de Galicia

Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2019

A Mesa acorda a admisión a trámite, o seu traslado á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios, e a súa publicación no *Boletín Oficial* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.6. Composición da Mesa das comisións

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 2 de outubro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

Elección de presidente

- 2063 (11/CEEM-000016)

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Elección da Presidencia da Comisión

Presidente:

Don José Manuel Balseiro Orol, do G. P. Popular de Galicia

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións

Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de outubro de 2020, polo que se admite a trámite o escrito das deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a creación dunha Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura e retomados sen conclusión na X lexislatura (doc. núm. 2616)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de outubro de 2020, adoptou o seguinte acordo: Examínase o escrito das deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a creación dunha Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura e retomados sen conclusión na X lexislatura.

Visto o disposto nos artigos 50 e 52 do Regulamento do Parlamento de Galicia e tendo en conta que se cumpre o requisito de lexitimación, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Admitir a trámite o escrito do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no que se solicita, ao abeiro do artigo 52.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a creación dunha Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura e retomados sen conclusión na X lexislatura.

2º. Remitir a solicitude á Xunta de Portavoces para efectos da súa inclusión, se é o caso, na orde do día dunha sesión plenaria.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA


05 OUT. 2020

Núm. 2947.....



**Fiscalía
Superior**

**Comunidade
Autónoma
de Galicia**




Me mo ria 20 19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA


05 OUT. 2020

Núm. 2947




**Fiscalía
Superior**

**Comunidade
Autónoma
de Galicia**



Me mo ria 20 19





Fiscalía
Superior

Comunidade
Autónoma
de Galicia

Me mo ria 20 19

CSV: BOPGDSPFGaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Fiscalía
Superior**

**Comunidade
Autónoma
de Galicia**

Me mo ria 20 19

CSV: BOPGDSPGcaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

ÍNDICE XERAL

PRESENTACIÓN	10
CAPÍTULO I. INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS	12
SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL COLABORADOR (NOVA OFICINA FISCAL)	15
SECCIÓN 2. INCIDENCIA DE VACANTES, SUBSTITUCIÓNS E REFORZOS. NOMEAMENTOS DE FISCAIS DELEGADOS AUTONÓMICOS	19
SECCIÓN 3. ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA	23
SECCIÓN 3.1. ORGANIGRAMA XERAL DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA	23
SECCIÓN 3.2. ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA	24
SECCIÓN 3.3. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO NA FISCALÍA AUTONÓMICA	27
SECCIÓN 3.4. REUNIÓNS DA XUNTA DE FISCAIS DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA	29
SECCIÓN 3.5. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA	31
SECCIÓN 3.5.1 ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA	31
SECCIÓN 3.5.1.1. INSTRUCIÓNS XERAIS IMPARTIDAS ÁS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA	31
SECCIÓN 3.5.1.2. REUNIÓNS DA XUNTA DE FISCAIS XEFES PROVINCIAIS DE GALICIA	33
SECCIÓN 3.5.1.3. XUNTAS DE COORDINACIÓN EN MATERIAS DE ÁREAS ESPECIALIZADAS	35
SECCIÓN 3.5.1.4. ACTIVIDADE INSPECTORA: INSPECCIÓNS E VISITAS INSTITUCIONAIS ÁS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA	35
SECCIÓN 3.5.1.5. RELACIÓNS COA POLICÍA XUDICIAL	36
SECCIÓN 3.5.2. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA	37
SECCIÓN 3.5.2.1. ACTIVIDADES DE RELACIÓN COS ÓRGANOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	38



SECCIÓN 3.5.2.2. ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS	41
SECCIÓN 3.5.2.2.3. CONVENIOS E PROTOCOLOS SUBSCRITOS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA	42
SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓNS. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS.....	43
SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA	45
§ 1. TRANSFORMACIÓN DIXITAL: FISCALÍA DIXITAL (FORTUNY DIXITAL)	45
§ 2. PLAN DE IMPLANTACIÓN DE FISCALÍA DIXITAL	46
§ 3. SITUACIÓN ACTUAL NA FISCALÍA AUTONÓMICA DE FISCALÍA DIXITAL	46
SECCIÓN 6. INSTRUCIÓNS XERAIS E CONSULTAS	48
SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS	49
SECCIÓN 7.1. RESUMO DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS EN 2019 EN GALICIA	49
SECCIÓN 7.2. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DO CADRO DE FISCAIS EN 2019.....	52
CAPÍTULO II. ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS.....	56
SECCIÓN 1. ÁREAS XENÉRICAS.....	59
SECCIÓN 1.1. ÁREA PENAL.....	59
SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIIS E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA.....	59
SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIIS	61
SECCIÓN 1.1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIIS ..	61
SECCIÓN 1.1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	72
SECCIÓN 1.1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIIS.....	77
SECCIÓN 1.1.1.3.1. DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDEMENTO ABREVIADO (DP)	77
SECCIÓN 1.1.1.3.2. PROCEDEMENTOS ABREVIADOS (PA)	88
SECCIÓN 1.1.1.3.3. DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (DU)	91
SECCIÓN 1.1.1.3.4. XUÍZO SOBRE DELITOS LEVES (XDL)	94



SECCIÓN 1.1.1.3.5. SUMARIOS (SU)	98
SECCIÓN 1.1.1.3.6. PROCEDEMENTO DO TRIBUNAL DO XURADO (PX)	101
SECCIÓN 1.1.1.4. ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL	103
SECCIÓN 1.1.1.5. MEDIDAS CAUTELARES. SOLICITUDES DE PRISIÓN	110
SECCIÓN 1.1.1.6. XUÍZOS	111
SECCIÓN 1.1.1.7. SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL (XP) E DAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS (AP)	115
SECCIÓN 1.1.1.8. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP). REFERENCIA A DILIXENCIAS PREPROCESUAIS (DPP) E EXPEDIENTES GOBERNATIVOS (EG)	124
SECCIÓN 1.1.1.9. EXECUTORIAS	129
SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)	131
SECCIÓN 1.1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)	132
SECCIÓN 1.1.2.1.1. RESUMO DOS DELITOS	133
SECCIÓN 1.1.2.1.2. EXAME DOS DELITOS INCOADOS	134
SECCIÓN 1.1.2.1.3. EXAME DOS DELITOS CUALIFICADOS	139
SECCIÓN 1.1.2.1.4. EXAME DOS DELITOS SENTENCIADOS	145
SECCIÓN 1.1.2.2. EXAME ESPECIAL DE GRUPOS DELITUOSOS	150
§ 1. DELITOS CONTRA A VIDA (HOMICIDIOS)	150
§ 2. DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE FÍSICA (LESIÓNS) ...	157
§ 3. DELITOS DE TORTURAS E CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	166
§ 4. DELITOS CONTRA A LIBERDADE E INDEMNIDADE SEXUAIS	172
§ 5. DELITOS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA	183
§ 6. DELITOS CONTRA AS RELACIÓNS FAMILIARES	183
§ 7. DELITOS CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIOECONÓMICA	189
§ 8. DELITOS CONTRA A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	201
§ 9. DELITOS CONTRA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	211
SECCIÓN 1.1.2.3. EXAME ESPECIAL DE DELITOS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	220
SECCIÓN 1.1.2.4. EXAME ESPECIAL DE DELITOS NO ÁMBITO DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA: EN DIP E MEDIDAS DE PRISIÓN	222
SECCIÓN 1.2. ÁREA CIVIL	226
SECCIÓN 1.2.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA	226



SECCIÓN 1.2.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	229
SECCIÓN 1.3. ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA.....	231
SECCIÓN 1.3.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVA NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	231
SECCIÓN 1.3.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVA NA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	233
SECCIÓN 1.4. ÁREA SOCIAL.....	236
SECCIÓN 1.4.1. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	236
SECCIÓN 1.4.2. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA	237
SECCIÓN 2. ÁREAS ESPECIALIZADAS.....	239
SECCIÓN 2.1. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO	239
SECCIÓN 2.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA	239
SECCIÓN 2.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO.....	243
SECCIÓN 2.2. ÁREA ESPECIALIZADA DE SINISTRALIDADE LABORAL....	252
SECCIÓN 2.3. ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO	262
SECCIÓN 2.4. ÁREA ESPECIALIZADA DE ESTRANXEIRÍA.....	277
SECCIÓN 2.5. ÁREA ESPECIALIZADA DE SEGURIDADE VIARIA	286
SECCIÓN 2.6. ÁREA ESPECIALIZADA DE MENORES.....	296
SECCIÓN 2.7. ÁREA ESPECIALIZADA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL	318
SECCIÓN 2.8. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS INFORMÁTICOS	320
SECCIÓN 2.9. ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL.....	334
SECCIÓN 2.10. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENAL	338
SECCIÓN 2.11. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS ECONÓMICOS.....	347
SECCIÓN 2.12. ÁREA ESPECIALIZADA DE TUTELA PENAL DA IGUALDADE E CONTRA A DISCRIMINACIÓN (DELITOS DE ODIO).....	356
CAPÍTULO III: TEMA ESPECÍFICO DE OBRIGADO TRATAMENTO	362
CAPÍTULO IV: PROPOSTAS DE REFORMAS LEXISLATIVAS.....	368
ANEXO: ALGUNHAS ABREVIATURAS UTILIZADAS.....	374





CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Fernando Suanzes

CSV: BOPGDSPGazU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PRESENTACIÓN

A actividade despregada polo Ministerio Fiscal ao longo do ano 2019 constitúe a base desta Memoria que pretende ser, ademais, un instrumento útil para identificar os problemas da Administración de Xustiza co obxectivo de poñer en marcha estratexias apropiadas para o seu fortalecemento.

Dos datos expostos neste documento despréndese, como primeira conclusión, un incremento significativo en case todos os indicadores da actividade xudicial. Houbo un crecemento importante próximo ao 10% en número de procedementos tramitados, de máis do 19% en cualificacións fiscais, e de preto dun 30% en número de xuízos. Trátase dunha estimulante noticia se temos en conta que o exercicio anterior estivo marcado por unha situación excepcional, como foi a folga na Administración de Xustiza, que implicou demoras e aprazamentos significativos na práctica totalidade das ordes xurisdicionais.

O ano 2019 foi por tanto un período de recuperación que demostrou a capacidade do sistema xudicial para afrontar situacións complicadas e achar solucións adecuadas á demanda dunha xustiza de calidade.

Agora enfrontámonos a un novo desafío, sen dúbida o de maior calado das últimas décadas. A crise provocada polo coronavirus COVID-19 situounos nun escenario sen precedentes que esixe o mellor de toda a sociedade e, por suposto, dos que exercemos a misión constitucional de defensa da legalidade, o interese público e os dereitos dos cidadáns.

Teño a absoluta convicción de que a Administración de Xustiza está plenamente preparada para dar unha resposta dilixente, activa e eficaz a este enorme reto. Ante as dúbidas e incertezas que inevitablemente xorden neste contexto inédito, e que poñen a proba o noso sistema xudicial, a presente Memoria expón unha certeza: o compromiso, competencia e lealdade de todos os operadores xurídicos sen excepción á hora de proporcionar á sociedade unha tutela xudicial efectiva. Sempre e moi especialmente agora, no momento en que máis se necesita, a Xustiza está á altura da cidadanía e ao servizo do Estado de Dereito.

Fernando Suanzes Pérez

Fiscal Superior de Galicia





CSV: BOPGDSPGcaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





CAPÍTULO I

INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS





CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL COLABORADOR (NOVA OFICINA FISCAL)

Na cúspide da organización do Ministerio Fiscal (en diante, MF) en Galicia encóntrase a *Fiscalía da Comunidade Autónoma* (FCA) constituída o 21/01/2008 (RD 1754/2007), con funcións de dirección, coordinación e representación xeral da institución. Ten a súa sede na cidade da Coruña, sede tamén do respectivo Tribunal Superior de Xustiza (TSX). Estende o seu ámbito territorial a toda Galicia e as súas funcións ao ámbito competencial do propio TSX, conforme o art. 21.2 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal (EOMF) e demais disposicións concordantes). O día 21 de xaneiro de 2018 cumpriuse xa o *primeiro decenio da constitución e posta en funcionamento desta Fiscalía autonómica de Galicia como órgano independente*.

§ 1. CADRO DE FISCAIS NA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Conforme o Real decreto (RD) 1754/2007 o cadro orgánico desta Fiscalía autonómica estaba integrado, a 31.12.2018, por catro fiscais, concretamente: un fiscal xefe denominado fiscal superior da Comunidade Autónoma de Galicia, con categoría equiparada á de presidente do TSX; un tenente fiscal, denominado tenente fiscal; e dous fiscais da categoría 2^a.

- Fiscal superior: Exmo. Sr. Fernando Suanzes Pérez (desde a súa posesión en data 27.03.2015)
- Tenente fiscal: Ilmo. Sr. José Ramón Piñol Rodríguez.
- Fiscais: Ilmo. Sr. Carlos Mariscal de Gante Castillo e Ilmo. Sr. Carlos Varela García.

Ao igual que no ano anterior, en 2018 o cadro orgánico permaneceu invariable. non lle afectou a ampliación operada ultimamente polo RD 255/2019, do 12 de abril (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2019).

§ 2. PERSOAL COLABORADOR (OFICINA FISCAL)

§ 2.1. Situación actual do persoal colaborador e da Unidade de Apoio na Fiscalía autonómica de Galicia

A Nova Oficina Fiscal de Galicia (NOF) quedou efectivamente implantada no ano 2016.

Nas memorias anuais das fiscalías provinciais faise referencia ao seu persoal colaborador. Polo que se refire a esta fiscalía autonómica, o cadro do persoal colaborador estaba integrado a data do 31/12/2019 por cinco persoas do funcionariado xudicial, todas coa condición de titulares:



- Unha funcionaria do corpo de xestión procesual e administrativa (CXPA): Pilar Rubido Pérez (posto singularizado de coordinación da NOF).
- Tres persoas funcionarias do corpo de tramitación procesual e administrativa (CTPA).
 - M^a-Mar Caruncho Vázquez e Eva Sánchez Fandiño.
 - Emilio Castro Bolaño (posto singularizado de rexistro, estatística e calidade da Fiscalía, funcionario REC).
- Unha funcionaria do corpo de auxilio xudicial (CAX): Marta Pociña Piñeiro.

En canto á *Unidade de Apoio ao Fiscal Superior de Galicia*, está integrada, ademais de pola referida coordinadora e o responsable REC, por outros dous postos singularizados:

- *Unha secretaria persoal do fiscal superior de Galicia*, posto creado pola Xunta de Galicia (XG) no ano 2008 (Resolución do 31/12/2008 da Consellaría de Xustiza, DOG 13/01/2009). Está ocupado pola funcionaria xudicial do CTPA María-Jesús Fernández Villar.
- *Un xefe de Gabinete e Prensa*: Francisco José Delgado Trigo, licenciado en Ciencias da Información e xornalista de recoñecido prestixio.
- *Un chofer persoal oficial* do parque móbil da Xunta de Galicia: Ramiro Mosquera Miras.

§ 2.2. Especial referencia á Xefatura de Gabinete e de Prensa

Trátase dun posto singularizado, creado en 2008 e configurado como «persoal de apoio» de libre designación, adscrito á Área de Apoio á Xefatura. Desde a súa toma de posesión, en data do 01/09/2015, o posto está desempeñado por Francisco-José Delgado Trigo.

A misión principal deste gabinete é a relación cos medios de comunicación e os profesionais do xornalismo e, así mesmo, prestar apoio nesta materia tanto ao Fiscal Superior como ao conxunto das persoas integrantes do MF na CA de Galicia (CAG).

Ademais, como é habitual, o pasado ano 2019 colaborou constantemente cos diferentes fiscais das fiscalías provinciais e de área (FFPP e FFAA) para asesorar na realización de entrevistas ou outras intervencións públicas relacionadas cos medios informativos. O obxectivo fundamental é trasladar á opinión pública o labor que realizan os membros do MF, mostrar unha imaxe positiva do Ministerio Público e facer efectivo o dereito da cidadanía a recibir unha información veraz dos procesos xudiciais.

Ferramenta fundamental no labor deste gabinete é o *Protocolo de Comunicación do Ministerio Fiscal en Galicia*, aprobado pola Instrución núm. 2/2018, do 2 de novembro (que actualizou e substituíu ao anterior de 2017).

Ao longo do ano 2019, o Gabinete de Comunicación realizou labores de difusión de diferentes eventos de relevancia pública. Entre eles destacan a Escola de Verán do Ministerio Fiscal, a Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia, as visitas do Fiscal Superior a fiscalías provinciais e



de área, as xuntas de fiscais de diferentes especialidades, o convenio co Colexios de Médicos de Galicia, a visita do Fiscal de Sala de Seguridade Viaria, a presentación da Memoria da Fiscalía. Desde o Gabinete xestionáronse tamén máis dun millar de solicitudes de información realizadas desde os diferentes medios de comunicación.

§ 2.3. Dirección e coordinación do funcionariado da Fiscalía autonómica (notas internas)

Durante o ano 2019, o Fiscal Superior non emitiu notas internas, dirixidas ao funcionariado nin aos fiscais, para mellorar a organización e funcionamento interno do organismo. Permanecen en vigor as dúas emitidas o pasado ano 2018 (sobre protección de datos e outras cuestións), das que se deu conta na anterior memoria anual.

§ 2.4. Funcionariado colaborador nas Fiscalías Territoriais de Galicia.

De acordo coa información facilitada polas propias fiscalías, ao final de 2019 as cifras que seguen son as do persoal funcional colaborador, titular e substituto/interino, que prestou servizo, pertencentes aos tres corpos da Administración de Xustiza (AX), CXPA, CTPA e CAX.

■ Datos resumidos sobre o funcionariado colaborador:

- *Cifra total de funcionariado titular.* 125, o que supón unha ratio de 0,85 funcionarios por cada un dos 147 fiscais titulares, lonxe aínda da necesaria ratio de 1 funcionario/1 fiscal.
- *Cifra total de funcionariado interino/substituto:* 13 funcionarios de reforzo, aos que hai que sumar 19 funcionarios interinos de apoio. Polo tanto, o total de funcionariado interino (reforzo ou apoio) foi de 32.
- *Outro persoal colaborador.* Á parte da mencionada cifra de funcionariado, existen outras 5 persoas que desempeñan, por concurso e libre designación, funcións de *secretaría persoal* do Fiscal Superior e de cada un dos 4 fiscais xefes provinciais. Tamén, como persoal laboral e de libre designación, segundo o exposto, hai un *xefe de Gabinete e Prensa* na Fiscalía autonómica.

■ Datos detallados sobre o funcionariado colaborador (titular):

Distribución por corpos:

- CXPA: 13 (10,40% do total). Deles, 8 asumen funcións de coordinación da oficina fiscal.
- CTPA: 93 (74,40%). Deles, 3 asumen funcións de rexistro, estatística e calidade.
- CAX: 19 (15,20%).

Distribución por fiscalías territoriais do funcionariado (titular):

- Fiscalía da CA de Galicia: 5 (1 CXPA, 3 CTPA e 1 CAX).
- *Fiscalía Provincial da Coruña* (sede principal): 32 (2 CXPA, 25 CTPA e 5 CAX)



- Fiscalía de Área de Santiago: 11 (1 CXPA, 9 CTPA e 1 CAX).
- Fiscalía de Área de Ferrol: 5 (1 CXPA, 3 CTPA e 1 CAX).
- *Fiscalía Provincial de Lugo* (sede principal): 11 (2 CXPA, 7 CTPA e 2 CAX).
 - Sección Territorial de Mondoñedo: 3 (CTPA).
 - Sección Territorial de Monforte de Lemos: 2 (CTPA).
- *Fiscalía Provincial de Ourense* (sede principal): 12 (1 CXPA, 9 CTPA e 2 CAX).
 - Sección Territorial de Verín: 1 (CTPA).
- *Fiscalía Provincial de Pontevedra* (sede principal): 23 (3 CXPA, 17 CTPA e 3 CAX).
 - Fiscalía de Área de Vigo: 18 (2 CXPA, 12 CTPA e 4 CAX)
 - Sección Territorial de Cambados: 2 (CTPA).



SECCIÓN 2. INCIDENCIA DE VACANTES, SUBSTITUCIÓNS E REFORZOS. NOMEAMENTOS DE FISCAIS DELEGADOS AUTONÓMICOS

§ 1. CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS DE GALICIA

Tal como se indica detalladamente na sección 7.1 deste capítulo, o actual cadro orgánico de persoal está composto por un total de 147 fiscais (RD 255/2019, do 12 de abril (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2019)).

§ 2. SOLICITUDES DE FISCAIS DE REFORZO. SUBSTITUCIÓNS PROFESIONAIS OU INTERNAS

- Convén recordar *en canto ao ano 2018* que no seu primeiro semestre tivo lugar unha impactante folga do funcionariado xudicial de Galicia. Para paliar os seus efectos, esta Fiscalía autonómica remitiu o 9 de xullo dese ano á FXE unha solicitude de 21 fiscais de reforzo (EG 31/2018). A dita proposta non tivo acollida favorable, entre outras razóns, pola pronta normalización do traballo atrasado polos fiscais.
- *Polo que se refire ao ano 2019*, cabe destacar o seguinte:
 - *Fiscais de reforzo para o período estival* (do 1 de xullo ao 15 de setembro). A petición da Inspección Fiscal (EG 287/2019), esta FCA de Galicia, logo de información recibida das fiscalías territoriais, mediante oficio do día 21 de xuño (EG 28/2019) remitiu informe-proposta con solicitude de 8 fiscais de reforzo (2 FP A Coruña, 3 FP Pontevedra, 1 FA Santiago, 1 FA Ferrol e 1 FA Vigo).
 - *Fiscais de reforzo para XVSM e Xulgados de Familia da Coruña*. Mediante oficio datado o 23 de xullo de 2019, a FP da Coruña comunicou a esta Fiscalía autonómica a necesidade de nomear fiscais de reforzo pola situación existente neses órganos xudiciais (aumento de vistas e comparencias por nomeamento de xuíces de reforzo). Por medio dun oficio datado o 23 de xullo, esta Fiscalía solicitou á Unidade de Apoio-FXE o nomeamento dun fiscal de reforzo para o XVSM e outro para os dous xulgados de familia da Coruña. Posteriormente, mediante oficio data 7 de outubro, a xefatura da FP da Coruña reiterou á Unidade de Apoio-FXE a necesidade dun fiscal de reforzo (profesional ou externo) para atender as necesidades xurdidas en xulgados da Coruña (os referidos XVSM e os dous xulgados de familia, así como o Xulgado de 1ª Instancia núm. 7 e os xulgados do social).
- *Referencia a substitucións profesionais ou internas*. Conforme vén sendo habitual, en cumprimento do art. 5 do RD 634/2014 e das instrucións recibidas da Inspección Fiscal, mediante oficio do 19 de novembro esta Fiscalía autonómica (EG 37/2019) remitiulle ao devandito órgano da FXE as listaxes de fiscais, enviadas polas fiscalías territoriais, para substitucións profesionais (plan anual de substitucións 2020).



§ 3. NOMEAMENTOS DE FISCAIS DELEGADOS AUTONÓMICOS E MELLORA DA COORDINACIÓN EN ÁREAS ESPECIALIZADAS

■ *Indicacións previas.* Un dos obxectivos estratéxicos da Fiscalía autonómica de Galicia é a *mellora continua da dirección e coordinación en áreas especializadas*. Para o cumprimento de tal obxectivo, as actuacións realizadas máis relevantes son:

- 1.- *Relación e coordinación constante con distintos organismos.* De forma especial, coa FXE e a Xunta de Galicia, ben de xeito puntual, ben de xeito periódico e programado a través de reunións (como as da “Comisión Mixta” Fiscalía-Xunta). Destacable é tamén a relación coa Policía Xudicial (Policía Nacional, Garda Civil, Policía Autonómica...).
- 2.- *Dinámica de coordinación dentro da propia Fiscalía de Galicia.* Realizada a través das Xuntas de Fiscais Xefes e, particularmente, a través de Xuntas periódicas de Fiscais especialistas, baixo a dirección e coordinación do Fiscal Superior e, de ser o caso, do Fiscal Delegado Autonómico respectivo.
- 3.- *Instrucións xerais do Fiscal Superior, dirixidas a membros do Ministerio Fiscal e Policía Xudicial (art. 25 do EOMF e concordantes).*
- 4.- *Nomeamento de novos fiscais delegados autonómicos en áreas estratéxicas.*

■ *Resumo do período 2008-2019.* Tras a reforma do EOMF de 2008, a implantación do principio de especialización dentro da nosa institución supuxo a creación progresiva dunha auténtica rede de fiscais especialistas, baixo a dirección horizontal de cada fiscal-xefe territorial e a dirección vertical dos fiscais de sala coordinadores ou delegados da FXE.

■ *Actuacións realizadas antes de 2015.* Desde a referida reforma de 2008, na nosa CA fóronse creando as correspondentes prazas de fiscais delegados provinciais en cada unha das FFPP, así como de fiscais de enlace en FFPP e/ou FAA. Ademais, foise impulsando a creación de prazas de fiscais delegados autonómicos en áreas especializadas de especial valor estratéxico. Antes do ano 2015, creáranse dúas prazas de fiscal delegado autonómico (FDA): Medio ambiente e Urbanismo (30 de marzo de 2009) e Seguridade Viaria (13 de setembro de 2011).

■ *Actuacións realizadas desde 2015.* A partir dese ano, para incrementar a coordinación e eficiencia das áreas ou seccións especializadas, creáronse un total de 4 novas prazas de FDA:

- FDA de Sinistralidade Laboral (29 de xaneiro de 2016)
- FDA en materia civil e de protección de persoas discapaces (28 de outubro de 2016)
- FDA de Violencia sobre a Muller (2 de xaneiro 2018)
- FDA de Menores (22 de xullo de 2019)



■ *Especial referencia ao ano 2019*

■ *Fiscal Delegado Autonómico na especialidade de Menores.* Tras a tramitación correspondente, a través do EG núm. 26/2019 desta Fiscalía, logo de proposta do Fiscal Superior en data do 20 de xuño, *por decreto do día 22 de xullo de 2019 do Fiscal Xeral do Estado o Ilmo. Sr. Manuel Ucha López*, Fiscal Delegado Provincial de Menores na Fiscalía Provincial de Ourense, *foi nomeado como Fiscal Delegado Autonómico da especialidade de Menores na CA de Galicia*. Tras ese nomeamento, o Fiscal Superior, mediante decreto do 11 de setembro, efectuou a correspondente delegación de funcións. Posteriormente, mediante decreto do 26 de novembro ditado no expediente gubernativo núm. 33/2019, o Fiscal Superior acordou propoñer o referido Fiscal Delegado Autonómico como representante desta FCA de Galicia no *Observatorio Galego de Familia e Infancia*.

■ *Fiscal Delegado para Galicia da Fiscalía Especial contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada (Fiscalía Anticorrupción).* Ao finalizar o ano 2019 aínda se estaba tramitando o noso EG núm. 17/2019, coa finalidade de examinar a necesidade e oportunidade do nomeamento dese fiscal delegado para Galicia da Fiscalía Anticorrupción. Tras a proposta do Fiscal Superior formulada polo decreto do 23 de xuño (EG núm. 17/2019), en reunión do Consello Fiscal, celebrada o día 14 de novembro de 2019, a Fiscalía Xeral do Estado apuntou a posibilidade de crear dúas prazas de fiscais delegados anticorrupción nas provincias da Coruña e Pontevedra. E iso sen prexuízo de considerar axeitado e non incompatible que o Fiscal Superior de Galicia constituíse a figura do Fiscal Delegado de Delitos Económicos relacionados coa Administración, que podería dar amparo ás Fiscaías Provinciais de Lugo e Ourense. Este tema será abordado con máis detalle no apartado da especialidade de delitos económicos desta memoria.

§ 4. REFERENCIA ÁS FISCALÍAS TERRITORIAIS

Polo que se refire ao ano 2018, como xa se indicou na nosa memoria anual respectiva, foron renovadas, para novo mandato dos xa titulares, a maior parte das xefaturas provinciais e de área de Galicia (A Coruña, Lugo, Pontevedra, Santiago e Vigo).

En canto a 2019, o máis salientable é o cambio operado na Fiscalía Provincial de Ourense. O seu Fiscal Xefe, Ilmo. Sr. Florentino Delgado Ayuso, en situación de suspensión de funcións pola FXE, cesou o día 22 de maio por razón do seu traslado voluntario á Fiscalía Provincial de Madrid (RD 348/2019, do 17 de maio, BOE núm. 119, do 18 de maio). A partir de entón, asumiu a condición de Fiscal Xefe en funcións o Tenente Fiscal, Ilmo. Sr. Carlos Valenzuela Cameáns. Producida a xubilación deste último (finais de xaneiro de 2020), o novo Fiscal Xefe en funcións desa Fiscalía é o Ilmo. Sr. Julián Pardinás Sanz.



§ 5. REFERENCIA A SUBSTITUCIÓNS E REFORZOS

Estas cuestións non se formulan máis que respecto das fiscalías provinciais e de área. Por medio da Orde JUS/798/2019, do 16 de xullo (BOE núm. 178, do 16 de xullo), acordouse o nomeamento de fiscais substitutos para o ano xudicial 2019-2020. Este persoal externo, «sen pertencer á carreira fiscal, realiza funcións de apoio ou reforzo de carácter non permanente nas Fiscalías» (art. 1 RD 634/2014). Polo que se refire á CA de Galicia, *os 16 avogados fiscais substitutos, nomeados para ese período son os seguintes:*

FISCALÍA	N.º ORDE	APELIDOS E NOME
A CORUÑA	1	Zabalete Carballo, Alicia.
	2	Muñiz Camañez, María Manuela.
	3	García Pelayo, Carlos María
	4	Castro Garcia, María Begoña.
	5	Rodríguez Gonzalez, Beatriz Elena
	6	Romero Gallardo, Alfredo Heliodoro
LUGO	1	Lamas Meilán, Manuel María
	2	Fernandez Acebo, María Dolores.
OURENSE	1	Iglesias Diaz, Héctor.
	2	Ballón Lage, Alberto José
PONTEVEDRA	1	Pumar Fernandez, Monica.
	2	Touriño Araujo, Manuel Jesus.
	3	Barges Alonso, María Luisa
	4	Villar Penide, Francisco Jose
	5	Enríquez Magallanes, Ana María
	6	Recio Juárez, Matías

Segundo a información facilitada polas fiscalías provinciais de Galicia, durante o ano 2019 consta que, á parte dos 147 fiscais titulares, prestaron servizo un total de 23 avogados fiscais substitutos (substitución externa), que representan un 15,65% da cifra total dos titulares. Algúns dos fiscais substitutos, segundo períodos, actuaron durante ese ano en varias sedes fiscais distintas (o que explica que o seu número sexa superior ao dos 16 nomeados ao inicio do ano xudicial 2019-2020).

A referida cifra total de 23 fiscais substitutos divídese entre 19 para funcións de apoio puntual (82,61%) e só 4 para funcións de reforzo (17,39%).

Distribución da cifra total por fiscalías provinciais:


- Fiscalía Provincial da Coruña: 9 fiscais substitutos (todos de apoio)
- Fiscalía Provincial de Lugo: 5 (2 de apoio e 3 de reforzo)
- Fiscalía Provincial de Ourense: 0
- Fiscalía Provincial de Pontevedra: 9 (8 de apoio e 1 de reforzo)



SECCIÓN 3
ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA

SECCIÓN 3.1
ORGANIGRAMA XERAL DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA

§ 1. DESCRICIÓN XERAL



§ 2. ESPECIAL REFERENCIA ÁS FISCALÍAS TERRITORIAIS

Da situación da *Unidade de Fiscalía en Ribeira (A Coruña)*, dependente da Fiscalía de Área de Santiago, xa tratamos na *Memoria Anual 2018 –exercicio 201– (sección 1.3, capítulo I. En relación co ano 2019, facemos unha breve referencia á situación en 2019 das seccións territoriais de Verín e Cambados, obxecto de debate no seo da Comisión Mixta Xunta-Fiscalía e no da Xunta de Fiscais Xefes Provinciais).*

■ Sección Territorial de Verín (Ourense)

Hai xa algún tempo que se propuxo a súa supresión, dada a súa escasa dotación e utilidade. En reunión do 2 de decembro de 2019 da Comisión Mixta Xunta-Fiscalía, o Fiscal Xefe da Unidade de Apoio-FXE indicou que se retomaría o proceso de supresión despois da constitución do novo Goberno da nación.

■ Sección Territorial de Cambados (Pontevedra)

Situación similar se dá nesta outra ST, pendente da súa eventual desaparición. En reunión do 14 de xuño de 2019 da propia «Comisión Mixta», o Fiscal Xefe provincial de Pontevedra informou de que lle propoñería á Unidade de Apoio-FXE a conveniencia da supresión desa ST, o cal deberá ser obxecto de decisión polo MXU.

SECCIÓN 3.2.

ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA

Con precedente na Instrución 11/2005 FXE, do 10 de novembro, a partir da reforma do EOMF operada pola Lei 24/2007, do 9 de outubro, introduciuse na estrutura organizativo-funcional do MF, xunto cun novo despregamento territorial, o *principio de especialización*. Isto supuxo a creación de determinadas áreas ou seccións especializadas nas fiscalías provinciais, cunha dobre supervisión e coordinación: nun plano horizontal, polos respectivos fiscais xefes territoriais; e, nun plano vertical, por fiscais de sala da FXE (fiscais de sala coordinadores ou delegados).

O organigrama que segue está integrado polos **fiscais delegados a nivel autonómico** que existen actualmente na CA de Galicia.



**DIRECCIÓN E
COORDINACIÓN
XERAL
DE SECCIÓNS
OU ÁREAS
ESPECIALIZADAS
A NIVEL
AUTONÓMICO**
Fiscal Superior
de Galicia
Exmo. Sr.
Fernando
Suanzes Pérez

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO

Fiscal delegado autonómico:
Ilmo. Sr. Álvaro García Ortiz
(adscrito a Fiscalía de Área de Santiago)

ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA

Fiscal delegado autonómico:
Ilmo. Sr. Carlos Gil García
(adscrito a Fiscalía de Área de Vigo)

**ÁREA TECNOLÓXICA: SISTEMA DE INFORMACIÓN
DO MINISTERIO FISCAL
(REDE SIMF)**

Fiscal responsable autonómico:
Ilmo. Sr. Carlos Varela
(adscrito á Fiscalía autonómica de Galicia)

ÁREA DE SINISTRALIDADE LABORAL

Fiscal delegado autonómico:
Ilmo. Sr. Luis Anguita Juega
(adscrito a Fiscalía Provincial da Coruña)

ÁREA ANTIDROGA

(DEPENDENCIA DIRECTA DE FISCALÍA ESPECIAL ANTIDROGA)

Fiscal delegado autonómico:
Ilmo. Sr. Fernando Mtez. Quiroga
(adscrito a Fiscalía Provincial da Coruña)

ÁREA DE CIVIL E PROTECCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Fiscal delegado autonómico:
Ilmo. Sr. Santiago Miguel Cruces
(adscrito a Fiscalía Provincial de Pontevedra)

**ÁREA DE VIOLENCIA DE XÉNERO
(VIOLENCIA SOBRE A MULLER)**

Fiscal delegada autonómico:
Ilma. Sra. Rosalina Carrero Cotado,
(adscrita a Fiscalía Provincial de Pontevedra)

ÁREA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Fiscal delegado autonómico:
Ilmo. Sr. José-Ramón Piñol Rguez.
(adscrito á Fiscalía autonómica de Galicia)

ÁREA DE MENORES

Fiscal delegado autonómico:
Ilmo. Sr. José Manuel Ucha López
(adscrito á Fiscalía Provincial de Ourense)



No ámbito provincial existe outra rede de **fiscais delegados ou encargados e de enlace nas fiscalías provinciais e de área**, no ámbito das distintas áreas especializadas (violencia de xénero e doméstica, sinistralidade laboral, medio ambiente e urbanismo, estranxeiría, seguridade viaria, menores, cooperación xurídica internacional, delincuencia informática, protección de vítimas no proceso penal, vixilancia penitenciaria, delincuencia económica, protección de persoas con discapacidade, protección de persoas maiores, protección de consumidores e usuarios, rede de fiscais do Sistema de Información do Ministerio Fiscal (SIMF).



SECCIÓN 3.3.

DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO NA FISCALÍA AUTONÓMICA

A distribución do traballo entre os fiscais integrantes do equipo, conforme á normativa vixente, véñse reflectindo nas sucesivas reunións da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica. A distribución do traballo é, esencialmente, a acordada na reunión ordinaria desa Xunta de Fiscais do 06/04/2015, con efectos aplicativos desde o 27/03/2015 e lixeiras modificacións en reunións posteriores de 2016, 2017, 2018 e 2019. A distribución do traballo é a que se indica a seguir, conforme a normativa vixente e o acordado concretamente nas reunións ordinarias da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica, que tiveron lugar os días 21/06/2016, 14/12/2016 e 19/12/2017. Esta distribución é a que se mantivo na última reunión da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica, celebrada o día 03/12/2019. Na vixente distribución do traballo, que segue o criterio de repartición de asuntos polo número de procedemento, distinguimos tres apartados: asuntos en xeral, especialidades e asistencia a xuízos e vistas no TSX.

DISTRIBUCIÓN DE TRABALLO (1): ASUNTOS EN XERAL				
Aprobada en reunión ordinaria de Xunta de Fiscais de CA de Galicia celebrada o día 06/04/2015, con aplicación desde 27/03/2015				
ASUNTOS	SR. SUANZES	SR. PIÑOL	SR. MARISCAL	SR. VARELA
ASUNTOS XUDICIAIS E OUTROS	Acabados 0	Acabados 1, 4 e 7	Acabados 3, 6 e 9	Acabados 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA DO CIVIL E DO PENAL		Acabados 1, 4 e 7	Acabados 3, 6 e 9	Acabados 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA SOCIAL		Acabados 1, 4 e 7	Acabados 3, 6 e 9	Acabados 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA DO CONTENCIOSO-ADMVO.		Acabados 1, 4 e 7	Acabados 3, 6 e 9	Acabados 2, 5 e 8
ASUNTOS ELECTORAIS		Todos os números		
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL	Acabados 0	Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados 2, 5 e 8
OBSERVACIÓNS	Os ASUNTOS ACABADOS EN 0 (CERO) correspondentes á xurisdición contencioso-administrativa e á xurisdición social repartiranse, polo número anterior, entre os señores Piñol, Mariscal e Varela. Todo iso sen prexuízo dos asuntos que, de ser o caso, queira reservar para si o Fiscal Superior			
	TRATÁNDOSE DE SUMARIOS véñse levando unha quenda especial independente e distinta da quenda ordinaria utilizada no procedemento inicial (dilixencias previas)			
	SUPOSTOS DE ENTRADA DE VARIOS ASUNTOS CONTENCIOSO-ADMVOS. SUCEPTIBLES DE SER ACUMULADOS NUN SÓ PROCESO. En tales casos, segundo o acordado na reunión da Xunta de Fiscais celebrada o 29/09/2015, "por tratarse de pretensións que se formulan en relación cun mesmo acto, disposición ou actuación, serán despachadas polo fiscal a quen por quenda lle correspondera o primeiro, mesmo se a Sala os rexistrou como procedementos distintos".			



DISTRIBUCIÓN DE TRABAJO (2): ESPECIALIDADES

Aprobada en reunión ordinaria de Xunta de Fiscais de CA de Galicia celebrada o día 06/04/2015, con aplicación desde o 27/03/2015. Na posterior reunión da Xunta celebrada o 29/09/2015 esta distribución por áreas especializadas axustouse ao disposto na conclusión 12.2 da Instrución 1/2015 da FXE, de 13/07/2015, sobre cuestións relativas a funcións dos fiscais de sala coordinadores e os fiscais de sala delegados da FXE. Desta forma, a distribución de traballo por especialidades resulta ser a seguinte:

ESPECIALIDADES	FISCAL ENCARGADO
SEGURIDADE VIARIA	SR. PIÑOL
ESTRANXEIRÍA	
CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO	
VIXILANCIA PENITENCIARIA	
DELINCUENCIA INFORMÁTICA	
CONSUMIDORES E USUARIOS	
VIDEOVIXILANCIA	
PROTECCIÓN DE DATOS	
MENORES	SR. MARISCAL
SOCIAL	
PROTECCIÓN DE VÍTIMAS	
SINISTRALIDADE LABORAL	
VIOLENCIA SOBRE A MULLER	SR. VARELA
MEDIO AMBIENTE E INCENDIOS	
CIVIL	
DELITOS ECONÓMICOS	
ADEMAIS, O SR. VARELA É O FISCAL RESPONSABLE DO SISTEMA DE INFORMACIÓN DO MINISTERIO FISCAL (SIMF)	

DISTRIBUCIÓN DO TRABAJO (3): ASISTENCIA A XUÍZOS E VISTAS DO TSX

Segue vixente a distribución do traballo para asistencia a xuízos e vistas orais do TSX, acordada en reunión ordinaria da xunta celebrada o día 15/12/2015, á vista das novas competencias atribuídas á súa Sala do Civil e do Penal. Existe unha quenda semestral, na que participan os catro fiscais do equipo, incluído o propio Fiscal Superior (cun réxime de suplencias).

Normas de repartición de procedementos e asistencia a vistas:

- a) Procesos contra aforados:** Repartiranse conforme a unha quenda preestablecida de antigüidade, do fiscal máis antigo ao máis moderno, aqueles procedementos que se inicien mediante *presentación de querela (mesmo tras arquivárense unhas dilixencias de investigación penal)*, ou *inhibidos mediante exposición razoada do órgano xudicial ou situación asimilable*. A repartición dos demais procedementos realizarase pola quenda ordinaria segundo o número que corresponda.



b) Procesos que poidan determinar a abstención dun fiscal por razón de amizade ou outra causa que comprometa razoablemente a súa imparcialidade: Repartiranse por sorteo entre os dous fiscais restantes, iniciándose a continuación unha quenda entre eles.

c) Repartición de asuntos dun fiscal durante o período de vacacións e en caso de enfermidade ou baixa prolongada: Dos tres números a repartir, dous deles repartiranse segundo que o número sexa par ou impar. O terceiro número e os asuntos finalizados en 0 repartiranse polo número anterior (par ou impar), e, caso de non o haber, por sorteo iniciándose a partir deste unha quenda entre os fiscais afectados.

d) Asistencia a xuízo de procedementos penais: O criterio xeral será que asista o fiscal que realizou a cualificación do asunto.

e) Suspensións de comparecencias ou vistas en asuntos contencioso-administrativos, laborais ou doutra natureza: Asistirá o fiscal ao que corresponda a nova data de sinalamento pola quenda rotatoria mensual establecida.

f) Dilixencias de investigación penal (DIP) referidas a unha mesma persoa: Se se trata dunha denuncia en que se reiteran esencialmente os mesmos feitos obxecto doutras dilixencias anteriores, acumularanse a estas para a súa resolución polo fiscal que interveu nas primeiras. Se se tratar de feitos novos, sen conexión cos anteriores, serán obxecto de novas DIP, que serán despachadas polo fiscal a quen pola quenda ordinaria lle corresponda.

SECCIÓN 3.4.

REUNIÓN DA XUNTA DE FISCAIS DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

Ao longo do ano 2019 celebráronse as seguintes reunións da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica (art. 24 EOMF):

■ **Reunión ordinaria do día 4 de xuño de 2019.** Os asuntos tratados foron, resumidamente, os seguintes: 1) aprobación da acta da reunión anterior; 2) distribución de vacacións estivais (fiscais e funcionariado); 3) visitas de inspección ás fiscalías territoriais de Galicia e coordinación coa Inspección Fiscal; 4) distribución do traballo entre os fiscais; 5) puntos a incluír na orde do día da próxima reunión da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia; 6) cuestións relacionadas con arquivo e expurgo de expedientes e documentos desta Fiscalía.; 7) rolda de intervencións.

■ **Reunión extraordinaria do día 2 de xullo de 2019.** Relación sumaria de asuntos tratados: 1) Compatibilidades: Nota Informativa da Fiscalía Xeral do Estado do 21 de febreiro de 2019.; 2) Plan de Acción 2018/2020 de Igualdade da carreira fiscal (Decreto 7 de xuño de 2019 da Fiscalía Xeral do Estado; 3) rolda de intervencións.



- *Reunión ordinaria do día 3 de decembro de 2019.* Os asuntos tratados foron, resumidamente, os seguintes: 1) aprobación, se procede, da acta da reunión anterior; 2) manual de estilo e imaxe corporativa do MF; 3) Intervención do MF nos procedementos de *exequátur* e impugnacións de laudos ante a Sala do Civil e do Penal dos TSX; 4) calendario de inspeccións ordinarias das fiscalías territoriais de Galicia e coordinación coa Inspección Fiscal durante o ano 2020; 5) distribución de servizos de fiscais e funcionarios durante as festas de Nadal e Reis; 6) dación de conta do protocolo de actuación na práctica das funcións de inspección ordinaria; 7) rolda de intervencións.



SECCIÓN 3.5.

ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O EOMF dota dunha indubidable relevancia orgánica e institucional á figura do Fiscal Superior da CA. Ademais da dirección da súa propia Fiscalía, correspóndelle outra función no ámbito territorial da propia CA. Por unha banda, o artigo 22 do EOMF atribúelle a xefatura do MF, función orgánica e interna de dirección e coordinación da Fiscalía de Galicia. Por outra, a representación institucional do MF e a correspondente interlocución cos distintos órganos e institucións en xeral e, nomeadamente, cos da propia CA (art. 11.2 e concordantes).

En definitiva, o Fiscal Superior asume as funcións de xefatura e representación da institución no territorio da CA, con distintas intervencións nos ámbitos provinciais, autonómico e nacional.

SECCIÓN 3.5.1

ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA

SECCIÓN 3.5.1.1.

INSTRUCCIÓNS XERAIS IMPARTIDAS ÁS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA

Esta materia queda explicada na sección 6 deste capítulo I, en canto ás instrucións xerais ditadas no ano 2019 polo Fiscal Superior de Galicia.

En todo caso, cabe sinalar aquí as instrucións ou criterios particulares fixados polo Fiscal Superior nalgún tema ou cuestión concreta, como unha controversia xurdida entre dúas fiscalías territoriais de Galicia, como xa acontecera en dous supostos anteriores, en 2017 e 2018.

No ano 2019 incoouse en data do 4 de novembro o EG núm. 42/2019, a partir dun escrito do Fiscal Xefe provincial da Coruña, xunto con outro do Fiscal Xefe de Área de Ferrol, no que se expoñía, para a súa resolución polo Fiscal Superior, unha discrepancia sobre distribución do traballo entre ambas as dúas fiscalías. A cuestión de fondo versaba sobre se debería ser un fiscal da Fiscalía de Área de Ferrol ou outro da sede principal da Fiscalía Provincial da Coruña quen acudise ás sesións dun xuízo oral sinalado para os días 21, 26, 27 e 28 de novembro de 2019 na Sección Segunda da Audiencia Provincial da Coruña (dimanante do PA 33/2016 do Xulgado de Instrución núm. 1 de Ferrol).

Mediante *decreto de conclusión con data do 11 de novembro de 2019*, o Fiscal Superior configurou e aceptou a súa propia competencia para resolución da discrepancia formulada, como unha consulta que os fiscais xefes formulan ao Fiscal Superior, conforme á que considerou a mellor interpretación dos diversos apartados do art. 22 e concordantes do EOMF, así como sobre a base da Instrución 4/2011 da FXE, do 17 de novembro, *sobre o funcionamento das*



fiscalías de área e outras cuestións relativas ao vixente modelo orgánico territorial do Ministerio Fiscal.

Como se explica no propio decreto, *o Fiscal Superior xa tivera oportunidade de abordar dous asuntos referidos á distribución de traballo en relación cos fiscais que deben acudir a xuízos nos órganos con sede na Coruña. O primeiro foi un caso puntual, resolto no noso EG 8/2017 (NGF 131/2017), relativo a procedementos penais tramitados e cualificados polos fiscais da Fiscalía de Área de Santiago correspondente aos partidos xudiciais de Muros, Noia e Negreira (que logo se xulgan na Coruña). O segundo suposto, resolto no noso EG núm. 57/2018 (NGF 390/2018) foi un caso referente a un procedemento de violencia sobre a muller, no cal, fose cal for o ámbito do órgano xudicial, a celebración do acto do xuízo corresponde sempre á Sección Primeira da Audiencia Provincial da Coruña.*

*Este segundo caso formulouse por instancia da Inspección Fiscal da FXE para evitar conflitos no futuro, para o cal recomendou ao Fiscal Superior a *fixación de criterios claros respecto do que debe entenderse por "asuntos complexos".**

Os criterios fixados eran os seguintes (fundamento cuarto do decreto de conclusión con data do 6 de novembro de 2018 ditado en EG 57/2018):

1º) A distribución de traballo entre os fiscais que deben acudir a xuízos nos órganos xudiciais con sede na Coruña relativos a procedementos penais tramitados e cualificados polos fiscais da Fiscalía de Área de Santiago correspondentes aos partidos xudiciais de Muros, Noia e Negreira (que logo se xulgan na Coruña), así como aos de violencia sobre a muller (que calquera que sexa o seu ámbito territorial corresponden sempre á Sección Primeira da Audiencia Provincial da Coruña, situada nesa cidade) é competencia da Xunta de Coordinación da provincia da Coruña, que integra, ademais da provincial, as fiscalías de área de Santiago e Ferrol.

2º) O acordo hoxe vixente foi adoptado nas Xuntas de Coordinación Provinciais do 23 de decembro de 2013 e do 24 de novembro de 2017, no sentido de concretar a asistencia a aqueles casos de procedementos por xurado e os que teñan por obxecto asuntos complexos.

3º) Por asuntos complexos deben entenderse todos aqueles que se refiran a grupos ou organizacións criminais, numerosos feitos punibles, gran cantidade de investigados ou vítimas, pericias que impliquen o exame de abundante documentación ou complicadas análises, actuacións no estranxeiro, persoas xurídicas ou delitos de terrorismo.

Tamén se considera complexa, en interpretación aberta, calquera outra causa que por consideracións intrínsecas relativas á propia esencia do asunto (tramas complexas, determinados asuntos que requiren coñecementos especiais, como os económicos, por exemplo) ou extrínsecas exasperadas (dificultosas periciais, documentais ou similares, duración das sesións...) considere excepcionalmente o Fiscal Xefe Provincial no caso concreto; tendo en conta que a norma xeral é que aos xuízos deben asistir os fiscais da Fiscalía Provincial.

4º) A excepcional asistencia dos Fiscais de Santiago aos xuízos da Coruña deberá facerse con planificación abonda para non alterar nin afectar á boa marcha e organización das respectivas oficinas fiscais.



Os criterios expostos –continúa o apartado segundo do decreto de conclusión do EG 42/2019– serían aplicables, *mutatis mutandi*, aos homónimos supostos da Fiscalía Provincial da Coruña e a de Área de Ferrol. E iso malia que a distribución de traballo sobre as cuestións que se dilucidan parece ser máis propio da competencia das Xuntas de Coordinación Provincial (arts. 24.3 e 23.10 EOMF) que dunha regulación *ad hoc* do Fiscal Superior.

Admitida a complexidade do asunto, a cuestión nuclear formulada é se debe acudir a xuízo o fiscal cualificador (o da Fiscalía de Área de Ferrol) ou calquera outro que o substitúa, aínda que non interviñese na instrución. Para resolver a cuestión, no seu decreto de conclusión do EG núm. 42/2019 o Fiscal Superior acudiu ao disposto na referida Instrución 4/2011 FXE e aos acordos vixentes adoptados pola Xunta de Coordinación Provincial, adoptados nas súas reunións do 23 de decembro de 2013 e do 24 de novembro de 2017. Finalmente, o Fiscal Superior considerou que, á falta dunha regulación *ad hoc*, que debe facerse na Xunta de Coordinación Provincial delimitando a casuística na medida do posible, no suposto formulado debe asistir aos xuízos na Audiencia un fiscal da Fiscalía Provincial da Coruña (sede principal).

Por último, cabe significar que no *punto 3º da reunión ordinaria da Xunta de fiscais xefes provinciais e de área de Galicia*, celebrada na sede desta Fiscalía autonómica o *día 20 de novembro de 2019*, foi obxecto de tratamento o tema das *“relacións entre fiscalías provinciais e de área, en especial as distribucións de traballo”*. Como se reflicte no apartado correspondente da acta desa xunta, tras un intenso debate, con exposición de posturas de varios fiscais xefe (os de Santiago, A Coruña e Pontevedra), o Fiscal Superior recordou que o concepto de “complexidade” está fixado no decreto ditado por el [o decreto de conclusión, do día 6 de novembro de 2018, ditado en EG 57/2018], no que quedou resolto este problema por pedimento da propia Inspección Fiscal. Así mesmo, indicou que no futuro deberán tratar de solucionar os problemas que se formulen con respecto á Instrución 4/2011, o decreto do Fiscal Superior en materia de complexidade e as peculiaridades de caso.

SECCIÓN 3.5.1.2.

REUNIÓN DA XUNTA DE FISCALIS XEFES PROVINCIAIS DE GALICIA

Baixo a presidencia do Fiscal Superior de Galicia, como superior xerárquico, ao longo do pasado ano 2019, tiveron lugar dúas reunións da *Xunta de Fiscais Xefes provinciais da CA de Galicia*, os días 8 de xullo e 20 de novembro:

- *Reunión ordinaria do día 8 de xullo de 2019*. Celebrouse na sede da Fiscalía autonómica, coa *asistencia dos catro fiscais xefes provinciais, baixo a presidencia do Fiscal Superior*, asistido do Fiscal Xefe provincial de Lugo en funcións de secretario. Os asuntos tratados foron os seguintes:

- 1) Estudo das formalidades e restricións do acceso dos fiscais e tramitadores da Fiscalía aos expedientes das cotas doutros fiscais, e se deben establecerse medidas adicionais



de control do acceso aos das seccións de violencia de xénero, menores, discapacidades e delitos sexuais con vítimas menores de idade (proposta de Fiscalía Provincial da Coruña).

2) Estudo, valoración e dúbidas sobre a materia de compatibilidades. (Nota informativa da Fiscal Xeral do Estado 21/02/2019). (Fiscalía CA Galicia).

3) Plan de acción 2018/2020 de igualdade da carreira fiscal. (Decreto da FXE de 7/06/2019). (Fiscalía CA Galicia).

4) Medidas que se deben adoptar en relación cos incendios forestais durante 2019. Medios de investigación tecnolóxicos, balizamentos, cámaras de trapeo, análise dos teléfonos dos investigados, tempos de investigación etc. (Fiscalía CA Galicia).

5) Instauración de gardas de dispoñibilidade nas fiscalías en materia de violencia de xénero. Solicitud de colexio de avogados de instauración de programas de citación para ultimar os acordos de conformidades. O programa existe e está ben confeccionado. Regularización do sistema de recursos de apelación no TSX. Valoración de fórmulas de contestación (momento de envío de carretas ou non envío de carretillas e documentación), presenza en supostos especiais ou, para ser máis exactos, derivados dunha especialidade. Desenvolvementos de sistemas de mediación en familia e implantación de novas figuras de mediación penal. Desenvolvemento de plans de mediación penal. (Fiscalía Provincial Pontevedra).

6) Rolda de intervencións.

- *Reunión ordinaria do día 20 de novembro de 2019.* Celebrouse na sede da Fiscalía autonómica, coa *asistencia dos catro fiscais xefes provinciais e os tres fiscais xefes de área*, baixo a presidencia do Fiscal Superior, asistido do Fiscal Xefe de Área de Ferrol en funcións de secretario. Os asuntos tratados foron os seguintes:

- 1)** Manual de estilo e imaxe corporativa do MF. Cumprimento e medidas de implantación;
- 2)** unificación dos modelos das *carpetillas* de especialistas; **3)** relacións fiscalías provinciais e de área, en especial a distribución de traballo; **4)** Xustiza Dixital: estado actual en cada fiscalía. Propostas de mellora e implantación; **5)** cuestións e puntos a incluír na orde do día da “Comisión Mixta Xunta-Fiscalía” do día 2 decembro de 2019;
- 6)** necesidade de creación de fiscais anticorrupción en Galicia e delegado autonómico de delitos económicos; **7)** rolda de intervencións.



SECCIÓN 3.5.1.3.

XUNTAS DE COORDINACIÓN EN MATERIAS DE ÁREAS ESPECIALIZADAS

Baixo a habitual presidencia do Fiscal Superior e a asistencia de fiscais especialista, celebráronse en 2019 dúas destas xuntas de coordinación:

- *Xunta en materia de menores.* Celebrada o día 10 de maio de 2019 na sede desta Fiscalía autonómica. Á parte, tamén cabe mencionar unha reunión ou xunta de fiscais de menores de Galicia, realizada en Lugo o día 18 de novembro de 2019, coa Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Consellaría de Política Social da XG)
- *Xunta en materia de Seguridade Viaria.* Celebrada o día 21 de novembro de 2019 na propia sede desta Fiscalía.

SECCIÓN 3.5.1.4.

ACTIVIDADE INSPECTORA: INSPECCIÓNS E VISITAS INSTITUCIONAIS ÁS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA

■ Inspeccións ordinarias efectuadas pola Fiscalía autonómica

Segundo os plans aprobados nas reunións da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica, durante o ano 2019 aprobáronse, finalmente, inspeccións ás Fiscalías territoriais de Galicia por parte desta Fiscalía autonómica (conforme o art. 13.2 EOMF e demais normas e protocolos da Inspección da FXE), ás seguintes fiscalías:

■ *Inspección ordinaria á Fiscalía de Área de Ferrol (día 12 de marzo de 2019)*

Fiscais inspectores: Fiscal Superior, don Fernando Suanzes Pérez, acompañado dos fiscais: don Carlos Mariscal de Gante Castillo e don Carlos Varela García, este último como fiscal secretario. Obxectivos da visita:

- 1) Cumprimento da Circular 4/2013, sobre dilixencias de investigación penal; 2) dilixencias preprocesuais en ámbitos non penais. Cumprimento do disposto no apartado XX da Circular número 4/2013, sobre dilixencias preprocesuais en ámbitos non penais; 3) expedientes gubernativos.

■ *Inspección ordinaria á Fiscalía de Área de Santiago de Compostela (18 de xuño de 2019).*

Asistiron o Fiscal Superior de Galicia, D. Fernando Suanzes Pérez, e os fiscais D. José-Ramón Piñol Rodríguez e D. Carlos Varela García, actuando este último como secretario. Obxectivos da visita:

- 1) Dilixencias de investigación penal. Cumprimento da Circular número 4/2013, sobre as dilixencias de Investigación; 2) dilixencias preprocesuais en ámbitos non penais.



Cumprimento do disposto no apartado XX da Circular número 4/2013, sobre dilixencias preprocesuais en ámbitos non penais; 3) expedientes gubernativos.

■ *Inspección ordinaria á Fiscalía Provincial de Pontevedra* (día 18 de xuño de 2019). Asistiron o Fiscal Superior de Galicia, D. Fernando Suanzes Pérez, e os fiscais D. José-Ramón Piñol Rodríguez e D. Carlos Varela García, actuando este último como secretario. Obxectivos da visita:

1) Cumprimento das observacións realizadas na última inspección; 2) novas tecnoloxías, aplicacións informáticas e rexistro; 3) procedementos penais pendentes de ditame. Tempos na actividade da Fiscalía; 4) dilixencias de investigación penal. Cumprimento da Circular número 4/2013, sobre dilixencias de investigación; e 5) expedientes gubernativos.

■ Visitas institucionais realizadas pola Fiscalía autonómica

Á parte das formais visitas de inspección, o Fiscal Superior realizou visitas institucionais a fiscalías territoriais galegas para exercer a súa función de coordinación mediante o coñecemento directo e *in situ* de problemas e particularidades, a través do intercambio de información e opinións cos respectivos fiscais xefes, fiscais e persoal funcional: *Visita institucional á Fiscalía de Área de Vigo* (día 9 de maio de 2019).

■ Visitas ordinarias realizadas pola Inspección Fiscal (FXE)

Durante o ano 2019 a Inspección Fiscal (FXE) realizou tamén visita de inspección ordinaria a fiscalías territoriais de Galicia:

■ *Fiscalía Provincial de Ourense* (días 28, 29 e 30 de maio de 2019)
Previamente solicitouse desta Fiscalía Superior información da anterior inspección efectuada no ano 2016 (o 18 de novembro).

SECCIÓN 3.5.1.5. RELACIONES COA POLICÍA XUDICIAL

As relacións coas Forzas e Corpos de Seguridade estatais, autonómicos e locais veñen sendo permanentes e fluídas, tanto a nivel institucional como de traballo operativo.

Estas relacións son particularmente intensas en áreas especializadas (violencia de xénero, sinistralidade laboral, medio ambiente, menores, estranxeiría, delincuencia informática etc.).

Como en anos anteriores, é salientable a actividade de relación da Fiscalía *en materia de seguridade viaria* con representantes da Policía Xudicial, particularmente a Garda Civil de Tráfico. Así, representantes de Garda Civil e Policía Local asistiron a Xunta de Fiscais en materia de seguridade viaria, celebrada na sede desta Fiscalía autonómica o día 21 de novembro de 2019.



En materia de incendios forestais, en 2019 seguiu a ser destacable a actuación desenvolvida polas forzas especialmente, e co recordo da súa actuación en vagas tráxicas de incendios forestais en 2017, 2006 e outros anos. Como en anos anteriores, en 2019 o Fiscal Superior ditou unha instrución xeral (a 1/2019), do 24 de xullo, sobre as actuacións en materia de incendios forestais. Nesta instrución, o Fiscal Superior ditou indicacións aos fiscais para coordinar o seu traballo coa Policía Xudicial.

Polo que se refire á violencia de xénero, o papel das distintas forzas policiais segue sendo crucial para a prevención, protección e erradicación deste fenómeno delituoso; é decisiva a súa intervención na prevención e aseguramento das vítimas a través do Sistema Viogén e os seus protocolos de valoración de risco policial (VRP), actualizados periodicamente. A actuación policial nesta materia cobrou máis protagonismo, incluso, tras a aprobación en 2018 do «Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á Violencia de Xénero na Comunidade Autónoma de Galicia». A nivel autonómico, a coordinación do traballo das forzas policiais estatais en Galicia realízase a través da Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller da Delegación do Goberno; a nivel provincial, por medio das Unidades de Violencia sobre a Muller das catro Subdelegacións do Goberno.

SECCIÓN 3.5.2.

ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA

O EOMF atribúelle ao Fiscal Superior a *representación institucional do Ministerio Fiscal no territorio da respectiva CA*, sen prexuízo das atribucións do Fiscal Xeral do Estado (art. 22.4). Polo tanto, correspóndelle exercer a representación institucional do MF e a interlocución cos distintos órganos públicos e institucións en xeral e, nomeadamente, cos da propia CA (art. 11.2 e concordantes). Especialmente relevantes son as relacións cos organismos que, conforme o seu Estatuto de Autonomía, configuran a súa estrutura político-xurídica, isto é, o Parlamento autonómico e a Xunta de Galicia; ademais do TSX de Galicia, organismo xurisdiccional no que culmina a organización xudicial do seu territorio.

Como consecuencia desta función representativa, o Fiscal Superior exerce as seguintes funcións:

- 1)** Relacións institucionais, especialmente cos órganos e institucións da CA de Galicia (art. 11.2 EOMF e concordantes). Destaca a colaboración coa Asemblea Lexislativa de Galicia, ante quen debe presentar a *Memoria Anual da Fiscalía* (art. 11.2 do EOMF).
- 2)** Actividades de colaboración coa CA de Galicia (art. 11.3 do EOMF e concordantes).
- 3)** Subscrición de convenios coa CA de Galicia, coa autorización previa do Fiscal Xeral do Estado (art. 11.3 do EOMF e concordantes).
- 4)** Remisión de informes ao Goberno da CA de Galicia en relación coas necesidades de organización e funcionamento das Fiscalías Provinciais, en materia de medios informáticos, novas tecnoloxías (TIC) e demais medios materiais e persoais (arts. 11.3 e 18.3, alínea 1ª *in fine* do EOMF).



SECCIÓN 3.5.2.1.**ACTIVIDADES DE RELACIÓN COS ÓRGANOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA****SECCIÓN 3.5.2.1.1.****RELACIÓNS CON ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMA GALEGA (XUNTA DE GALICIA)**

Son frecuentes e fluídas as relacións da Fiscalía autonómica coa Xunta de Galicia, máxime tendo en conta que a nosa CA ten transferidas competencias en materia de medios persoais e materiais de Xustiza desde o ano 1995 (RD 2166/1994 e normativa complementaria posterior).

Estas relacións Fiscalía-Administración son particularmente intensas, en primeiro lugar, coa *Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, AAPP e Xustiza (VCPAPX)*. Dentro do dito departamento, é frecuente a relación coa Dirección Xeral de Xustiza.

Ademais, en canto a temas de TIC existe relación con diversos servizos da AMTEGA (Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia). Tamén son destacables as relacións mantidas coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (da Consellaría de Política Social) en temas relacionados coa sinatura e renovación de convenios de mediación familiar intraxudicial

■ Reunións ou eventos concretos máis relevantes en 2019

- 01/03/2019. Intervención na Xornada de Clausura do Máster Universitario de Avogacía - Santiago de Compostela.
- 07/03/2019. Acto Institucional en conmemoración do Día Internacional da Muller, celebrado na Cidade da Cultura de Galicia - Santiago de Compostela
- 14/05/2019. Celebración 175 Aniversario do Corpo da Garda Civil. Sede. Pazo de Mariñán-Bergondo.
- 14/05/2019. A Estrada (Pontevedra), sede da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). Intervención nas Xornadas sobre de Menores, Seguridade, Saúde e Responsabilidade.
- 14/05/2019: Día Mundial do Seguro. Organiza Fundación INADE. Pazo de Fonseca-Santiago de Compostela.
- 15-17/05/2019: Actos destinados á celebración do Día das Letras Galegas. Cercedo-Cotobade-Pontevedra.
- 21/05/2019: Reunión preparatoria da Xunta de Fiscais Superiores CC.AA. /FXE. Sede: Fiscalía Xeral do Estado.
- 06-07/06/2019: Intervención na inauguración do Curso de Sinistralidade Laboral (CEJ), impartido neste Tribunal, baixo a dirección da fiscalía destinada na Fiscalía Provincial da Coruña D.^a Begoña Ramos.
- 11-14/06/2019: Escola de Verán Ministerio Fiscal 2019 (Avances na loita contra a violencia de xénero e outras formas de violencia sobre a muller). Sede: Pazo de Mariñán (A Coruña).



- 14/06/2019: Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia. Sede Fiscalía Superior Galicia.
- 27/06/2019: Xunta Fiscais Superiores CC.AA coa Fiscalía Xeral do Estado. Sede FXE.
- 05-06/07/2019: XIII Xornadas Xurídicas de Sarria (Lugo).
- 18-20/09/2019: Curso do Ministerio Fiscal (A resposta do Estado de Dereito fronte á Delincuencia na Rede). Sede Pazo de Mariñán- A Coruña.
- 20/09/2019: Asistencia á Conferencia do Presidente do Tribunal Constitucional no Ilustrísimo Colexio Oficial de Médicos da Coruña.
- 30/09/2019: Solemne acto de Apertura das Universidades Españolas Curso 19/20. Sede: Paraninfo Universidade da Coruña.
- 17/09/2019: Entrevista co Xerente da Fundación Galega contra ou Narcotráfico. Sede: Fiscalía Superior de Galicia.
- 08/10/2019: Xornada Formativa Fundación Galega Contra ou Narcotráfico. Sede: Escola Galega de Administracións Públicas-Santiago de Compostela.
- 14-15/10/2019: Curso de Dirección e Xestión do Ministerio Fiscal (CEJ), baixo a dirección do Fiscal Superior da CA de Galicia, na sede do Salón de Actos do TSX de Galicia.
- 18/11/2019. Reunión Asociación Galega de Pais e Nais Separados. Sede Fiscalía Superior Galicia, a instancia da mencionada asociación.
- 21/11/2019. Sede TSX de Galicia. Reunión con Fiscais Delegados Especialistas en Seguridade Viaria, Policía Local, G. Civil e Dirección Xeral de Tráfico de Galicia. Mantendo ademais reunións co Vicepresidente da Xunta de Galicia, o Alcalde de Vigo e a Alcaldesa da Coruña, acompañando o Fiscal de Sala de Seguridade Viaria D. Bartolomé Vargas Cabrera.
- 27/11/2019. Sede FXE. Xunta de Fiscais Superiores das Fiscaías da CA coa Fiscalía Xeral do Estado.
- 02/12/2019. Comisión Mixta Xunta de Galicia - Fiscalía CA de Galicia. - Sede: Xunta -Santiago de Compostela.
- 18/12/2019. Encontro anual co Observatorio de Violencia de Xénero (EGAP), celebrado na Sala de Xuntas de Vicepresidencia da Xunta de Galicia (Santiago de Compostela).

SECCIÓN 3.5.2.1.2.

RELACIÓNS CO PARLAMENTO AUTONÓMICO DE GALICIA

Neste apartado, cabe destacar as seguintes actuacións, no marco do disposto no art. 11.2 do EOMF e disposicións concordantes.

- Acto de toma de posesión como Valedora do Pobo de D.^a M^a Dolores Fernández Galiño (02/08/2019).
- *Entrega formal da Memoria Anual relativa ao ano 2018 á Presidencia do Parlamento autonómico* (11/11/2019), e posterior presentación aos medios de comunicación
- *Comparecencia do Fiscal Superior de Galicia ante a Comisión de Xustiza do Parlamento autonómico galego para a presentación e exposición da Memoria Anual relativa ao ano 2018* (11/12/2019).



*SECCIÓN 3.5.2.1.3.**RELACIÓNS CO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA*

Ao longo de 2019, como vén sendo habitual, a relación co TSX é constante e fluída, tanto no plano xurídico-procesual como no institucional, podendo destacarse:

- Toma de posesión do Presidente do TSX de Galicia Exmo. Sr. José M^a Díaz Castroverde, que tivo lugar o 20/09/2019.
- *Intervención do Fiscal Superior de Galicia no solemne acto de apertura do ano xudicial 2018-2019 en Galicia (25/10/2019).* Como todos os anos, o máximo representante do MF en Galicia tivo a honra de participar neste singular acto, xunto a representantes de diversos organismos e institucións.

*SECCIÓN 3.5.2.1.4.**RELACIÓNS CON OUTROS ORGANISMOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA*

No marco da súa actividade representativa, ademais das xa citadas, hai que ter en conta as puntuais relacións que o Fiscal Superior mantén con outras institucións singulares da nosa CA. Como mostra destas relacións, pode citarse, entre outros, os seguintes actos correspondentes ao ano 2018:

- 15/06/2019: Sesión constitutiva da nova corporación municipal. Concello da Coruña.
- 01/07/2019: Sesión constitutiva da nova corporación provincial da Coruña. Deputación Provincial da Coruña.
- 03/09/2019: Acto Inaugural do Novo Edificio Xudicial de Pontevedra.
- 09/10/2019: Entrevista coa Directora Xeral de Modernización da Xustiza. Sede: Fiscalía Superior de Galicia.
- 18/11/2019. Entrevista coa Valedora do Pobo. Sede: Fiscalía Superior, entrevista a instancias da propia valedora.
- 09/12/2019. Entrega da Medalla Emilia Pardo Bazán, recoñecemento creado polo Goberno galego a principio deste ano co propósito de recoñecer o labor dos colectivos ou persoas que traballan a prol da igualdade entre homes e mulleres.
- 18/12/2019. Encontro Anual do Observatorio de Violencia de Xénero, organismo creado para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.



SECCIÓN 3.5.2.2.

ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS

SECCIÓN 3.5.2.2.1.

COLABORACIÓN EN MATERIA DE MEDIOS PERSOAIS, MATERIAIS E TECNOLÓXICOS. COMISIÓN MIXTA FISCALÍA-XUNTA DE GALICIA

Durante o ano 2019 realizáronse dúas reunións desta Comisión Mixta: unha o 14 de xuño e outra o 2 de decembro. Nelas tratáronse diversos temas de interese, de entre os cales destacamos: o proxecto das novas Oficinas de Asistencia ás Vítimas de Delito (OAVD) e o desenvolvemento de Fiscalía Dixital.

SECCIÓN 3.5.2.2.2.

PARTICIPACIÓN NOUTROS ÓRGANOS DE COLABORACIÓN CONSTITUÍDOS NA CA DE GALICIA

Destacamos os tres seguintes.

- *Participación no Observatorio Galego de Violencia de Xénero*, creado por Decreto 157/2012, do 5 de xullo, como órgano colexiado institucional de Galicia, encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolven en Galicia, así como o establecemento da súa natureza, fins, composición e adscrición. No seo deste observatorio tivo decisiva participación a Fiscalía de Galicia para a aprobación en 2018 do *Protocolo de Cooperación Institucional en materia de Violencia de Xénero en Galicia*.
- *Participación no Observatorio Galego de Familia e da Infancia*, creado e regulado recentemente polo Decreto 43/2019, do 11 de abril (DOG núm. 81, do 29 de abril). Este observatorio é un órgano colexiado de carácter asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e proposta de actuacións en materia de familia e de infancia, adscrito á consellería competente en materia de familia (actualmente, a Consellaría de Política Social)
- *Participación na Comisión de Garantías de Videovixilancia de Galicia*, creada ao abeiro da LO 4/1997, do 4 de agosto, reguladora do uso de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos, desenvolvida posteriormente polo capítulo III (arts. 12-16) do Regulamento de desenvolvemento e execución da citada LO (RD 596/1999, do 16 de abril). En todo caso, haberá que ter en conta agora o disposto sobre o tratamento dos datos persoais con fins de videovixilancia e a súa repercusión no dereito á intimidade, nos termos previstos agora na nova Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais. Durante o ano 2019 a mencionada Comisión celebrou catro xuntanzas, concretamente os días 18 de febreiro, 6 de maio, 18 de setembro e 28 de novembro.



SECCIÓN 3.5.2.2.3.

CONVENIOS E PROTOCOLOS SUBSCRITOS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

■ Convenios

■ Convenios subscritos en materia de mediación intraxudicial familiar (MIF) entre a Fiscalía e a Xunta de Galicia

- *Convenio de MIF en Pontevedra para 2019 (renovación)*. Foi asinada o día 16/09/2019 a prórroga deste convenio de colaboración entre o CGP, a XG (VCPAPX), o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados de Pontevedra).

- *Convenio de MIF en Vigo para 2019 (renovación)*. Asinada o día 21/10/2019 a prórroga deste Convenio de colaboración entre o CXPX, a XG (Vicepresidencia e CPAPX, e Consellaría de Política Social), o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia) e varios colexios profesionais (o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Vigo).

■ Convenios subscritos en materia de mediación penal entre a Fiscalía e a Xunta de Galicia

- *Convenio de mediación penal na Coruña para 2019 (renovación)*. Asinada o día 16/09/2019 a prórroga do referido Convenio de colaboración entre o CXPX, a XG (VCPAPX), o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia) e o Colexio de Avogados da Coruña.

- *Convenio de mediación penal en Santiago de Compostela para 2019 (renovación)*. Asinada a prórroga o día 11/10/2019 o referido Convenio de colaboración entre o CXPX, a XG (VCPAPX), o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia), o Colexio de Avogados de Santiago, e a Universidade de Santiago (USC), a través do seu Centro Integral de Análise e Resolución de Conflitos (CIARCUS).

■ Convenios ou protocolos subscritos noutras materias

- *Convenio e Protocolo de Colaboración e Actuación entre a Fiscalía da Comunidade Autónoma e os Ilustres Colexios Oficiais de Médicos de Galicia en materia de agresións contra médicos*: elaborado e asinado polo Fiscal Superior de Galicia cos Ilustres Colexios de Médicos de Galicia en data do 22 de xullo de 2019.

■ Referencia a outros convenios ou protocolos

En fase de elaboración por parte da XG, con participación da Fiscalía de Galicia, encóntrase un protocolo de grande interese e relevancia como é o *Protocolo de actuación psicolóxica de asistencia ás vítimas e á cidadanía* (conforme o acordado no punto 3º da reunión de 18 de decembro de 2017 da Comisión Mixta Xunta-Fiscalía. Faise un comentario deste protocolo no apartado desta memoria relativo á área especializada de vítimas.



SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓNS. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS

Conforme a normativa reguladora do MF as, fiscalías terán unha *instalación axeitada* na sede dos órganos xurisdicionais; poderán, ademais, contar coas súas propias instalacións fóra daquelas, cando conveña á mellor prestación do servizo (arg. art. 72.1 EOMF). As instalacións estarán dotadas dos *medios precisos* que se consignent nos correspondentes orzamentos xerais do Estado ou, no seu caso, da respectiva Comunidade Autónoma (art. 72.2 do EOMF).

■ Dependencias e edificios

■ *Dependencias da Fiscalía autonómica. Novo edificio.* Nada especial hai que engadir ao xa comentado en memorias de anos anteriores. Seguimos á espera de conseguir un novo edificio para a Fiscalía autonómica, posiblemente cando o permitan as limitacións e prioridades orzamentarias en materia de edificios, concentradas actualmente pola Administración autonómica nos proxectos de novos edificios ou remodelacións en Pontevedra e Vigo.

■ *Novos edificios para fiscalías de Galicia. Plan de infraestruturas da Xunta de Galicia*

- *Pontevedra. Xa rematou a construción do novo edificio da Parda, que se inaugurou o día 3 de setembro de 2019. Comunícase* co edificio preexistente por medio dunha pasarela cuberta, formando un único complexo xudicial. Alberga inicialmente un total de 14 unidades xudiciais non penais redistribuídas (4 Xulgados do Social, 2 Xulgados do Mercantil, 3 do Contencioso-Administrativo e 5 de Primeira Instancia). O anterior edificio quedará exclusivamente para a Fiscalía Provincial e os órganos xudiciais penais (Xulgados de Instrución, Penais, Vixilancia Penitenciaria e Menores). Ademais, o novo edificio ten capacidade para outras unidades xudiciais máis, para deixar cubertas as eventuais necesidades dos próximos 15 ou 20 anos.

- *Vigo. Rehabilitación do antigo Hospital Xeral como nova "Cidade da Xustiza".* O proxecto definitivo foi presentado en Vigo o día 27/11/2017. Conta cun investimento inicial de máis de 25 millóns de euros e albergará a sede da Fiscalía de Área de Vigo. O desenvolvemento desta iniciativa leva consigo o traslado das dependencias dos dous edificios actuais situados na rúa Lalín, de onde se trasladarán 35 unidades xudiciais, pero hai espazo dispoñible para a creación de ata 22 unidades máis no futuro. En canto ao desenvolvemento das obras, cabe dicir que, tras a fase previa de derrubamento, en maio de 2018 xa comezou a fase construtiva do proxecto e actualmente prevese a finalización da obra para o segundo semestre de 2020.

■ Outros medios materiais

As dependencias desta Fiscalía autonómica, como se dixo en memorias anteriores, están dotadas pola Administración competente (XG) dos medios materiais xerais precisos.



No último trimestre do ano 2018 a Administración subministroulle ao funcionariado, sobre todos ao de postos singularizados, equipos informáticos mellorados e dotados con dobre monitor, co obxecto de funcionar axeitadamente co novo sistema de visor documental e todas as melloras que comporta o novo proxecto de “Fiscalía Dixital” mediante a nova versión da aplicación Fortuny.

Nas últimas reunións da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia xa se lle expuxeron á Administración as necesidades existentes nas fiscalías territoriais de Galicia, co fin de seguir mellorando os medios materiais e tecnolóxicos, así como de persoal informático de apoio específico ás fiscalías, peticións que adoitan ser atendidas con notable dilixencia e eficiencia.

Ultimamente, como medida de seguridade para a protección de datos persoais, estanse a instalar nas oficinas fiscais armarios ou estantes con peche mediante chave, co obxecto de impedir o acceso non autorizado a expedientes e documentación.



SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA

§ 1. TRANSFORMACIÓN DIXITAL: FISCALÍA DIXITAL (FORTUNY DIXITAL)

A *transformación dixital* (TD) constitúe un factor de *gran valor estratéxico e operativo, ferramenta fundamental para obter valor engadido e a efectividade das organizacións*, públicas ou privadas, é dicir, para a suma de *eficacia* (logro de obxectivos propostos) e *eficiencia* (uso optimizado dos recursos, con aforro de tempo, traballo e custos).

No ámbito da AX e, en particular do MF, a TD está a vir da man dos proxectos de *Xustiza Dixital e Fiscalía Dixital*, moi ligados aos da *Nova Oficina Xudicial (NOX)* e da *Nova Oficina Fiscal (NOF)*.

Este tema foi obxecto de tratamento recorrente, *a nivel central*, nas reunións do Pleno do Consello Fiscal e da Xunta de Fiscais Superiores de CCAA, así *como, a nivel autonómico*, nas reunións das Xuntas de Fiscais Xefes de Galicia, da Xunta de Fiscais da Fiscalía autonómica e da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia.

O proxecto *Fiscalía Dixital* baséase na evolución de Fortuny como ferramenta tecnolóxica integral. Supón a *integración de cinco sistemas ou aplicacións*:

- 1) Os sistemas de xestión procesual dos órganos xudiciais e fiscalías** («entendemento» Minerva-Fortuny).
- 2) O sistema Lexnet como plataforma segura para as comunicacións electrónicas ou telemáticas entre órganos xudiciais e fiscalías.** Por un lado, posibilita a recepción nas fiscalías das comunicacións de incoación de procedementos xudiciais (itineracións) e as notificacións de resolucións xudiciais. Por outra parte, facilita a remisión de escritos desde as fiscalías aos órganos xudiciais, ben sexan escritos iniciadores (denuncias, querelas, demandas...) ou escrito de trámite (ditames ou informes).
- 3) A plataforma de sinatura electrónica Portasinaturas.** Coa súa integración con Fortuny, os escritos iniciadores ou de trámite do fiscal poderán ser asinados dixitalmente a través desta ferramenta, utilizando a súa tarxeta profesional criptográfica, e seren remitidos ao órgano xudicial.
- 4) O visor documental da Xunta (Visor EXE, distinto do estatal HORUS).** Permite unha fiscalía acceder á información e documentación dos expedientes xudiciais do seu ámbito territorial, así como descargarlos e incorporalos á *carpetilla* e ao apartado *documentos* de Fortuny.
- 5) O cargador de expedientes.** É a aplicación web para permitir o intercambio electrónico dos expedientes administrativos entre as AA.PP. e a AX, a instancia de maxistrados, xuíces e letrados da AX.

O traballo cooperativo entre as Administracións central e autonómica (MXU e XG), a FXE e a propia Fiscalía de Galicia, permitiu, malia obstáculos diversos (como o importante impacto da folga funcional de 2018) a case completa implantación do proxecto *Fiscalía Dixital*



(*Fortuny Dixital*) nas fiscalías territoriais da nosa CA. Decisiva foi, finalmente, a actuación da XG, especialmente a través da súa Vicepresidencia e Consellería de Xustiza (VCPAPX) e a súa Dirección Xeral de Xustiza, así como a AMTEGA, organismo dependente da Presidencia.

§ 2. PLAN DE IMPLANTACIÓN DE FISCALÍA DIXITAL

Aínda que está operativo desde xuño de 2006 nas fiscalías provinciais de Galicia, con sucesivas melloras e versións, o certo é que *Fortuny non se implementou nesta Fiscalía autonómica ata principios de 2011. En maio de 2018 foi implementada a última versión, Fortuny 7.4.5.2*, logo de formación impartida a fiscais e funcionariado.

O desenvolvemento do plan de implantación de Fiscalía Dixital efectuado pola Xunta de Galicia foi, en resumo, o seguinte:

- 1) *Maio de 2018: Despregamento da versión Fortuny 7.4.5.2.* Está dispoñible e en uso en todas as fiscalías territoriais de Galicia (autonómica, provinciais, de área e seccións territoriais).
 - 2) *5 de xaneiro de 2019: Activación de Fortuny Digital.* Supuxo o «entendemento» entre as aplicacións de xestión procesual dos órganos xudiciais e das fiscalías (Minerva e Fortuny), coa integración, a través de Fortuny, do sistema de comunicacións Lexnet e a sinatura dixital (*Portasinaturas*). Tamén está dispoñible, sen integración en Fortuny, o visor documental da XG (Visor EXE).
- 1) A activación referida foi acompañada de formación previa e apoio posterior *in situ*, dirixida a funcionariado e a fiscais, por parte de persoal formador facilitado pola Xunta de Galicia.

§ 3. SITUACIÓN ACTUAL NA FISCALÍA AUTONÓMICA DE FISCALÍA DIXITAL

En canto á *situación das fiscalías provinciais de Galicia* (incluíndo as súas fiscalías de área e seccións territoriais) cómpre atender ao indicado nas súas respectivas memorias anuais. Se ben pode dicirse, en síntese, que en todas xa está implantado e operativo en todas as ordes xurisdicionais, tras as dúas fases de despregamento e activación, está pendente unha fase subseguinte coa integración do visor documental do MXU (Horus) para acceder aos documentos do SICC (Sistema de Información, Control e Consulta do MF).

Polo que se refire á nosa Fiscalía da CA de Galicia, de forma resumida a situación actual é a seguinte:

- 1) *Comunicacións electrónicas ou telemáticas entre o TSX e a Fiscalía.* A través da interoperabilidade e «entendemento» entre os respectivos sistemas de xestión procesual (Minerva e Fortuny), xestiónase o fluxo de entradas e saídas de todas esas comunicacións (itineracións e notificacións xudiciais, escritos iniciadores ou de trámite do MF). As comunicacións xudiciais entran directamente a través de Fortuny, remitidas desde Minerva; e, pola súa banda, os escritos fiscais, asinados dixitalmente, envíanse ao órgano xudicial tamén



a través de Fortuny. Indubidablemente, este novo sistema «integrado» resulta máis eficaz e eficiente e está activado en todas as ordes xurisdiccionais. Polo tanto, por regra xeral xa non se usa o «Lexnet antigo» (non integrado en Fortuny), salvo en supostos concretos (como comparencias como parte en apelacións do procedemento do Xurado cando aínda non se coñece o número do rolo de Sala). Existen, por outra parte, casos en que as notificacións xudiciais remitidas telematicamente non chegan acompañadas da documentación necesaria para a emisión do ditame fiscal. Entón, sobre todo na orde penal, recórrase á entrega material dos autos á Fiscalía por parte da Sala do TSX, ou ben accédese ao visor EXE da XG e descárgase a documentación precisa.

2) *Sinatura dixital integrada en Fortuny.* Está activada a integración con Fortuny do portasinaturas para a sinatura electrónica (ferramenta «Portasinaturas» da Xunta). A integración desta funcionalidade posibilita a sinatura dixital ou electrónica, mediante tarxeta profesional criptográfica, dos escritos do MF (iniciadores ou de trámite). Verificada esa sinatura, o documento asinado envíase directamente desde Fortuny ao órgano xudicial, quedando o oportuno comprobante.

3) *Visor documental (non integrado en Fortuny).* Está dispoñible o *visor documental da Xunta* (Visor EXE, distinto do estatal HORUS), que permite acceder á documentación asociada a procedementos xudiciais do TSX (os que estean «colgados» no propio visor) e, incluso, engadilos, se se considera oportuno, á carpeta documental dos expedientes electrónicos de Fortuny. Eses documentos xudiciais poden ser manexados polo fiscal na propia oficina ou nas vistas ou comparencias xudiciais e mesmo poderían facelo fóra da Fiscalía mediante un sistema VPN (rede privada virtual).

4) *Dotación de equipamento e mobiliario.* O proceso de despregamento e activación de Fortuny Digital foi acompañado da dotación de novos equipos informáticos para fiscais e funcionariado; con dobre pantalla para fiscais e tamén para a secretaria persoal do Fiscal Superior e para dous funcionarios (a xestora e coordinadora da oficina fiscal e o tramitador funcionario REC). Así mesmo, e como medida de protección de datos persoais, instaláronse varios armarios con andeis con sistema de peche con chave.

Aínda que falta algunha fase complementaria para a implantación total de Fortuny, o certo é *que se avanzou moito. De todos os xeitos, hai varios problemas ou deficiencias que subsisten e debería intentarse a súa solución, principalmente o seguinte:*

Falta de interoperabilidade interna (entre distintas fiscalías). Traballouse moito en prol da *interoperabilidade externa*, é dicir o intercambio de información e documentación entre as fiscalías e outros organismos, especialmente os órganos xudiciais. Pero non acontece o mesmo coa *interoperabilidade interna, ou sexa, o intercambio entre as fiscalías*. Este obstáculo ponse de manifesto especialmente na nosa Fiscalía autonómica de Galicia cando teñen entradas, por exemplo, *recursos de apelación penal* ordinaria ou do procedemento do Xurado. A documentación chega desde a fiscalía provincial en formato papel, xa que non existe interconexión entre os módulos de Fortuny desta fiscalía e a autonómica, e cómpre elaborar un escrito de comparencia do fiscal en formato papel para ser entregado á Sala do Civil e do Penal do TSX, o cal adoita facerse a través do sistema antigo de Lexnet (non integrado en Fortuny).



SECCIÓN 6. INSTRUCCIÓN XERAIS E CONSULTAS

Nesta sección faise referencia ás instrucións emitidas pola Fiscalía autonómica de Galicia ás fiscalías territoriais dependentes (fiscalías provinciais e de área), así como aos fiscais integrantes destas. Segundo a normativa vixente, os fiscais superiores, en canto superiores xerárquicos dos fiscais xefes provinciais do seu territorio, poderán ditarlles ordes e instrucións, xerais ou específicas, aos referidos xefes provinciais, convenientes ao servizo e ao exercicio das funcións encomendadas (art. 25 do EOMF e concordantes).

Polo que se refire ao ano 2019, o Fiscal Superior ditou *unha instrución xeral*, que se sinala a seguir:

- **Instrución 1/2019**, do 24 de xullo, *sobre as actuacións en materia de incendios forestais*.



SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS

SECCIÓN 7.1. RESUMO DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS EN 2019 EN GALICIA

■ Exposición de datos

EQUIPO DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA - ANO 2019 CIFRA TOTAL E DISTRIBUCIÓN POR CATEGORÍAS				
CATEGORÍA	2019	2018	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	OBSERVACIÓNS
2ª CATEGORÍA (FISCAL)	101	100	1 (1%)	5,78% DO TOTAL ESTATAL 5,40 FISCALES/100.000 HABITANTES 1 FISCAL/18.505,11 HABITANTES
3ª CATEGORÍA (AVOGADO FISCAL)	46	46	0 (0%)	
TOTAL EQUIPO (TODAS AS CATEGORÍAS)	147	146	1 (0,68%)	

■ Análise de datos

■ Cifra total e categorías de fiscais en Galicia

- O pasado ano 2019, mediante RD 255/2019, do 12 de abril (BOE núm. 89, do 13 de abril) realizouse unha nova ampliación do cadro orgánico do MF, alcanzándose a cifra total de 2.553 fiscais, cun aumento de 80, equivalente ao 3,23%, respecto á cifra anterior de 2.473 (segundo o derogado RD 62/2015). Entre esas novas prazas está unha de 2ª categoría na Fiscalía Provincial de Lugo, polo que o equipo orgánico do MF en Galicia durante 2019 pasou de 146 a 147, cun aumento interanual de 1 (0,68%).

A partir de entón, non se produciron máis ampliacións no cadro de fiscais, aínda que se recorreu a puntuais substitucións externas e reforzos de persoal, en casos xustificadas, conforme á normativa vixente para o efecto.

Polo tanto, o *cadro orgánico do Ministerio Público en Galicia durante o ano 2019* está integrado por un *total de 147 prazas*, cun aumento interanual de 1 (0,68%), equivalente a unha porcentaxe do 5,76% na referida cifra estatal (2.553). Non obstante, elévase a 6,18% se tomamos de referencia a cifra total do cadro de fiscais que, con exclusión dos órganos centrais da institución, teñen o seu destino nas fiscalías territoriais (2.380).

Segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE), a CA de Galicia conta cunha poboación de 2.699.499 habitantes (censo padrón de habitantes a data 01/01/2019), distribuídos nun total de 4 provincias e 313 municipios. Ten unha ratio de 5,44 fiscais por cada 100.000



habitantes, equivalente a 1 fiscal por cada 18.505,11 habitantes; case igual á ratio do conxunto de España, que —cunha poboación de 47.26.208 e 2.553 fiscais— é de 5,43 fiscais/100.000 habitantes (equivalente a 1 fiscal/18.419,98 habitantes).

Cómpre salientar que a cifra de 147 fiscais do equipo orgánico en Galicia segue sendo inferior á correlativa de xuíces e maxistrados, que é de 351 (a data do 01/01/2018, segundo informe “A Xustiza dato a dato. Ano 2018”, do CXPX), cunha ratio de 13,00 por cada 100.000 habitantes de 2019, equivalente a 1/7.690,8 habitantes), e de 2,39 xuíces/fiscais.

Á parte da cifra de 147 fiscais titulares, integrantes do equipo orgánico do MF en Galicia, durante o ano 2019 tamén prestaron servizo un total de 16 avogados-fiscais substitutos (substitucións externas previstas no RD 634/2014, do 25 de xullo, á marxe das substitucións profesionais entre os fiscais de carreira). Desta cuestión xa se tratou anteriormente (§ 2, sección 2 deste capítulo I).

- *Distribución da cifra total por categorías. A distribución do cadro orgánico é a seguinte: 101 prazas de 2ª categoría (fiscal) e 46 prazas de 3ª categoría (avogado-fiscal).*
- *Distribución do equipo fiscal por postos de dirección ou coordinación-decanato (independentemente da categoría). É a seguinte, conforme o disposto no mencionado RD 255/2019 (texto articulado e anexo):*
 - 1 fiscal superior de CA (máximo responsable da Fiscalía autonómica);
 - 1 tenente fiscal de fiscalía de CA;
 - 4 fiscais-xefes de fiscalías provinciais (A Coruña, Lugo, Ourense e - Pontevedra);
 - 4 tenentes fiscais de fiscalías provinciais;
 - 3 fiscais-xefes de área (nas fiscalías de área de Santiago, Ferrol e Vigo);
 - 35 fiscais coordinadores;
 - 8 fiscais decanos.
- Órganos xudiciais atendidos polo equipo do Ministerio Fiscal en Galicia

Segundo datos obtidos do Punto Neutro Xudicial (PNX) existen en Galicia un total de 485 órganos xudiciais, sumadas todas as xurisdicións. En todos eles interveñen os membros do Ministerio Fiscal, con particular intensidade nos órganos da xurisdición penal.



XURISDICIÓNS	Número de órganos
Xurisdición Civil (1):	
Xulgados de 1ª Instancia	51
Xulgados do Mercantil	7
Xulgados de Violencia contra a Muller	46
Xulgados de Familia	9
Xulgados de 1ª Instancia e Instrución	74
Xulgados de Menores	4
Audiencias Provinciais. Seccións Cívís	8
Audiencias Provinciais. Seccións Mixtas	1
Tribunal Superior Xustiza (TSX). Sala do Civil e do Penal	1
TOTAL	201
Xurisdición Penal (2):	
Xulgados de Instrución	31
Xulgados de 1ª Instancia e Instrución.	74
Xdos. de Violencia contra a Muller	46
Xulgados de Menores	4
Xulgados de Vixilancia Penitenciaria	3
Xulgados do Penal	21
Xulgados do Penal de Executorias	0
Audiencia Provinciais. Seccións Penais	7
Audiencias Provinciais. Seccións Mixtas	1
TSX Sala do Civil e do Penal	1
TOTAL	188
Xurisdición Contencioso-Administrativa	
Xulgados do Contencioso-Administrativo	16
TSX. Sala do Contencioso-Administrativo	1
TOTAL	17
Xurisdición Social:	
Xulgados do Social	27
Xulgados do Social de Execucións	0
TSX. Sala do Social	1
TOTAL	28
TOTAL XURISDICIÓNS	485

Á parte dos órganos xudiciais expostos, existen en Galicia 268 xulgados de paz (a data do 01/01/2018, CXPX).



SECCIÓN 7.2.
DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DO CADRO DE FISCAIS EN 2019

FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (FISCALÍA SUPERIOR)

DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL SUPERIOR	1	2		As catro provincias da CA de Galicia
TENENTE FISCAL	1	2		
FISCAIS	2	2		
TOTAL	4			

FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA

DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de Arzúa, A Coruña, Betanzos, Carballo, Corcubión e Ordes (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	26	2	2	13	
AVOGADOS-FISCAIS	5	3			
TOTAL	33		2	13	

FISCALÍA DE ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de Muros, Negreira, Noia, Padrón e Ribeira (RD 2123/2008)
FISCAIS	8	2		4	
AVOGADOS-FISCAIS	5	3			
TOTAL	14			4	

FISCALÍA DE ÁREA DE FERROL

DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira (RD 2123/2008)
FISCAIS	3	2		1	
AVOGADOS-FISCAIS	3	3			
TOTAL	7			1	



FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2		1	Partidos xudiciais de A Fonsagrada, Becerreá e Lugo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	4	2			
AVOGADOS-FISCAIS	5	3			
TOTAL	11			1	

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONDOÑEDO					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	2	2	1	1	Partidos xudiciais de Mondoñedo, Vilalba e Viveiro (RD 2123/2008)
AVOGADOS-FISCAIS	2	3			
TOTAL	4		1	1	

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONFORTE DE LEMOS					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	1	2	1	1	Partidos xudiciais de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (RD 2123/2008)
AVOGADOS-FISCAIS	2	3			
TOTAL	3		1	1	

FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de: A Pobra de Trives, Celanova, Ourense, O Carballiño, O Barco de Valdeorras e Ribadavia. (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	7	2		2	
AVOGADOS-FISCAIS	5	3			
TOTAL	14			2	

SECCIÓN TERRITORIAL DE VERÍN					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	1	2	1	1	Partidos xudiciais de: Bande, Verín e Xinzo de Limia (RD 2123/2008)
AVOGADOS-FISCAIS	1	3			
TOTAL	2		1	1	



FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de: A Estrada, Caldas de Reis, Lalín, Marín, Pontevedra e Cangas do Morrazo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	13	2	1	5	
AVOGADOS-FISCAIS	7	3			
TOTAL	22		1	5	

FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de: O Porriño, Pontearreas, Redondela, Tui e Vigo (RD 2123/2008)
FISCAIS	16	2	1	5	
AVOGADOS FISCAIS	10	3			
TOTAL	27		1	5	

SECCIÓN TERRITORIAL DE CAMBADOS					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	4	2	1	1	Partidos xudiciais de: Cambados e Vilagarcía de Arousa (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	2	3			
TOTAL	6		1	1	





CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPCaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





CAPÍTULO II

ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS

CSV: BOPGDSPCaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

INDICACIÓN PREVIA. A actividade do Fiscal Superior de Galicia como xefe e representante do MF na nosa comunidade autónoma xa foi obxecto de tratamento na sección 3.5 do anterior capítulo I, ao que nos remitimos.

SECCIÓN 1. ÁREAS XENÉRICAS

SECCIÓN 1.1. ÁREA PENAL

SECCIÓN 1.1.0.

INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA


SECCIÓN 1.1.1.

EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA

DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS EN GALICIA EN 2019



DINÁMICA DE DELITOS EN GALICIA EN 2019

DELITOS INCOADOS	16.951
DELITOS CUALIFICADOS	18.478
DELITOS SENTENCIADOS	118.673

"VOLATILIZACIÓN" DE DELITOS (DIFERENZA ENTRE DELITOS INCOADOS E CUALIFICADOS) ANO 2019 - GALICIA					
	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	CIFRA VOLATILIZACIÓN	V.I.	% VOLATILIZACIÓN
CIFRA TOTAL	118.673	18.478	100.195	27.508 (37,84%)	84,43%
SUMA GRUPOS DELITOS PATRIMONIAIS E DE LESIÓNS	64.147	6.437	57.710	15.320 (36,14%)	89,97% (57,60% de cifra total volatilización; e 48,63% de cifra total delitos incoados)
GRUPO DELITOS DE LESIÓNS	36.487	2.753	33.734	8.228 (32,26%)	92,45% (33,67% de cifra total volatilización; e 28,43% de total delitos incoados)
GRUPO DELITOS PATRIMONIAIS	27.660	3.684	23.976	7.092 (42,00%)	86,68% (23,93% de cifra total volatilización; e 20,20% de total de incoados)
SUBGRUPO FURTOS/ ROUBOS	12.578	2.114	10.464	3.054 (41,21%)	83,19% (43,64% de volatilización en delitos patrimoniais; e 10,44% de cifra total volatilización)



SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS


Baséase este exame nas estatísticas e memorias das fiscalías provinciais de Galicia. Noutro apartado faise referencia aos datos de procedementos penais correspondentes ao ámbito da Fiscalía da CA de Galicia

SECCIÓN 1.1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

§ 1. EXPOSICIÓN DE DATOS SOBRE PROCEDEMENTOS PENAIS

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA - PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) RESUMO PERÍODO ANOS 2015-2019 - DATOS TOTAIS DE GALICIA			
ANO	TRAMITADOS (PENDENTES, INCOADOS E REABERTOS)	REMATADOS (POR SENTENZA, FINALIZACIÓN O TRANSFORMACIÓN)	PENDENTES (A FINAL DE ANO)
2015	215.701	186.828	28.873
2016	158.695	123.529	35.166
2017	136.751	104.175	32.576
2018	132.454	97.015	35.439
2019	144.381	108.661	35.720
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.) 2018-2019	11.927 (9,00%)	11.646 (12,00%)	281 (0,79%)
PORCENTAXE (%) NA CIFRA DE TRAMITADOS	100%	75,26%	24,74%
V.I. PERÍODO 2015- 2019	-71.320 (-33,06%)	-78.167 (-41,84%)	
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2015-2019	157.596	124.042	33.554
% NA CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2015-2018	100%	78,71%	21,29%



EVOLUCIÓN PROCEDEMENTOS PENAIS (POR DELITO)
TRAMITADOS E INCOADOS - GALICIA PERÍODO 2015-2019

§ 2. ANÁLISE DE DATOS SOBRE PROCEDIMENTOS PENAIS

§ 2.1. DATOS TOTAIS E DINÁMICA DE PROCEDIMENTOS NO PERÍODO 2015-201

■ Exame xeral

Ao longo dese período obsérvase unha tendencia cara a un *descenso case continuo dos procedementos tramitados e incoados* por delito.

En canto aos *procedementos tramitados*, cunha cifra media anual de 157.596, apréciase, entre o inicio e o final do ciclo, un *marcado descenso acumulado* de -71.320, equivalente a un terzo (33,06%), que sería superior (44,57%) de non computarmos os novos xuízos por delito leve (XDL).

Pola súa banda, os *procedementos incoados*, cunha cifra media anual de 124.042 (78,71% dos tramitados), tamén mostran entre o inicio e o final do período *outro marcado descenso acumulado* de -78.167, equivalente a -41,84%; que sería superior tamén (-50,71%) se non se computasen os novos XDL¹.

Destacan especialmente os *descensos rexistrados no ano 2016* (-26,43% tramitados e -30,97% incoados). A partir de 2017, hai unha tendencia cara á estabilización en torno a unha cifra media anual de 140.000 procedementos tramitados e 110.000 incoados.

Estes marcados descensos entre 2015 e 2019 (co intervalo do ano 2018, marcado pola repercusión da folga do funcionariado xudicial de Galicia) están motivados polas *reformas legais de 2015 (Lei 41/2015 e LO 1/2015)*.

Como a seguir detallaremos, é o *procedemento de dilixencias previas (DP)* o que concentra o maior descenso, en termos absolutos e relativos, dada a súa condición de auténtico “filtro preliminar”. Entre o inicio e o final do período 2015-2019, cunha cifra media anual de 116.352 tramitados e 93.203 incoados, este tipo procedemental experimentou un avultado descenso acumulado de arredor da metade (-47,78% tramitados e -54,09% incoados). En igual período, produciuse un descenso paralelo nas terminacións por finalización anticipada (FA), mediante acumulación/inhibición (A/I) e sobresemento provisional (SP). Este descenso paralelo de FA fíxose notar especialmente en DP, procedemento no que, no mesmo período 2015-2019, se rexistrou nas A/I un descenso acumulado de case a metade (-46,47%), así como de dous terzos (-69,47%) nos SP. Estes datos evidencian o impacto producido pola aplicación do novo art. 284 da LACrim (reformado pola Lei 41/2015), que introduciu como medida de axilización a supresión, por regra xeral, da obrigada remisión aos órganos xudiciais e fiscalías dos atestados sen autor coñecido.



■ Valoración positiva

Como consecuencia da dinámica de descenso de procedementos, produciuse unha correlativa de liberación de recursos que permitiu aumentar a actividade e eficiencia dos órganos xudiciais e das fiscalías. Conforme a estatística fiscal e en relación co referido período 2015-2019, os órganos xudiciais rexistraron un aumento do 27,67% de sentenzas ditadas, que sería unha variación en clave de descenso (-15,29%) de non se contar as sentenzas ditadas no emerxente XDL. En canto ás fiscalías, no mesmo período experimentouse un apreciable aumento do 11,94% no total de cualificacións (sen contar o incremento de 69,52% nos escritos de alegacións no proceso penal de menores). Ademais, tamén se rexistrou un importante incremento na porcentaxe de procedementos tramitados obxecto de cualificación fiscal, do 5,89% en 2015 ao 9,02% en 2019, que sería superior (11,89%) no caso de non se computaren os XDL (sen trámite de cualificación escrita).

■ Valoración crítica

Malia os efectos positivos das reformas de 2015 (descenso na entrada de asuntos e conseguinte liberación de recursos), algúns indicadores da xurisdición penal poñen de manifesto a súa insuficiencia. Así o indican estudos realizados a partir de informes do CXPX. Parece que fai falta algo máis e distinto que meras reformas legais puntuais, tanto no ámbito organizativo como no procesual e material, para conseguir non só a diminución de asuntos que ingresan no sistema penal, senón tamén a suficiente axilidade, eficacia e eficiencia deste.

Para concretar eses indicadores, podemos fixar a nosa atención nalgúns datos do informe da Sección de Estatística do CXPX sobre “Indicadores da xurisdición penal de Galicia” (período anos 2015 a 2019): números de asuntos ingresados por maxistrado/xuíz; número de asuntos por cada 1.000 habitantes; taxas de resolución, pendencia e conxestión.

GALICIA - PERÍODO 2015-2019		
NÚMERO DE ASUNTOS INGRESADOS POR MAXISTRADO/XUÍZ		
FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE INFORMACIÓN DO CXPX		
ANO	CIFRAS	V.I.
2015	1.623,8	8,36%
2016	1.031,8	-36,46%
2017	918,8	-10,95%
2018	824,2	-10,30%
2019	873,4	5,97%
V.I. PERÍODO 2015-2019	46,21%	
CIFRA MEDIA PERÍODO 2105-2019	1.054,4	



GALICIA - PERÍODO 2015-2019 - TAXA DE LITIXIOSIDADE
ASUNTOS INGRESADOS POR CADA 1.000 HABITANTES
FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE INFORMACIÓN DO CXPX

ANO	CIFRAS	V.I.
2015	102,2	-7,84%
2016	65,3	-36,20%
2017	58,4	-10,57%
2018	52,5	-10,10%
2019	55,7	6,10%
V.I. PERÍODO 2015-2019	-46,50%	
CIFRA MEDIA PERÍODO 2105-2019	66,82	

Os datos anteriores, referidos a Galicia, constitúen indicadores expresivos, en relación co período 2015-2019, dunha tendencia *cara ao descenso dos asuntos ingresados no sistema penal* (aspecto en principio positivo, pola liberación de recursos conseguinte). O descenso interanual resulta elevado en 2016 (primeiro ano completo de aplicación das reformas de 2015), con algo máis dun terzo (-36,20%); pero en 2017 esa tendencia empeza a cambiar ata chegar ao aumento de 6,10% en 2019 (posible recuperación tras a folga do funcionariado xudicial de Galicia o ano anterior). *A nivel estatal, no conxunto de España*, os datos obtidos da mesma fonte tamén reflicten *a mesma tendencia ao descenso dos asuntos ingresados*. En 2016 rexístrase un avultado descenso de preto da metade (-45,35%); pero tamén se atenúa a partir de 2017 a tendencia ao descenso, ata chegar a 2019 cun aumento do 1,22%.

Cousa distinta son os *indicadores relativos ás taxas de resolución, pendencia e conxestión*. Estes mostran signos dunha tendencia *cara á diminución da capacidade resolutiva dos asuntos ingresados ou dos tramitados* (suma de pendentes iniciais e ingresados no ano), así como unha *correlativa tendencia cara ao aumento da pendencia a final de ano*.

GALICIA - PERÍODO 2015-2019
TAXAS DE RESOLUCIÓN, DE PENDENCIA E DE CONXESTIÓN
FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE INFORMACIÓN DO CXPX

TAXA	ANO	CIFRA	V.I.
TAXA DE RESOLUCIÓN	2015	1,03	1,98%
	2016	1,04	0,97%
	2017	1,01	-2,88%
	2018	0,95	-5,94%
	2019	1,00	5,26%
	V.I. PERÍODO 2015-2019	-2,91%	
	CIFRA MEDIA PERÍODO 2105-2019	1,006	
TAXA DE PENDENCIA	2015	0,17	-10,53%
	2016	0,20	-17,65%
	2017	0,23	15,00%
	2018	0,32	28,13%
	2019	0,27	-15,62%
	V.I. PERÍODO 2015-2019	58,82%	
	CIFRA MEDIA PERÍODO 2105-2019	0,24%	

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

TAXA DE CONXESTIÓN	2015	1,18	-1,67%
	2016	1,22	3,39%
	2017	1,23	0,82%
	2018	1,33	8,13%
	2019	1,28	-3,76%
	V.I. PERÍODO 2015-2019	8,47%	
	CIFRA MEDIA PERÍODO 2105-2019	1,25	

- *Taxa de resolución (número de asuntos resoltos por cada un ingresado).* En Galicia é inicialmente positiva en 2015 e 2016 (1,03 e 1,04), pero descende lixeiramente en 2017 (1,01), ata quedar nunha taxa de 1,00 en 2019. Algo similar acontece no conxunto de toda España, dado que se aprecian datos inicialmente positivos en 2015 e 2016 (1,02 e 1,03), pero decaen en 2017 (0,98) e quedan nunha taxa de 1,00 en 2019.
- *Taxa de pendencia (número de asuntos pendentes ao final do período por cada asunto finalizado).* A nivel de Galicia os datos móstranse inicialmente positivos nos anos 2015 e 2016 (0,17 e 0,20); pero tamén se atenúan a partir de 2017 (0,23), ata quedar en 2019 nunha taxa de 0,27. De forma semellante, no conxunto de toda España aprécianse datos positivos en 2015 e 2016 (0,16 e 0,14), cunha evolución negativa a partir de 2016 e 2017 (0,37 e 0,41) e final en 2019 cunha taxa de 0,23.
- *Taxa de conxestión (número de asuntos pendentes a final do período por cada un dos tramitados —suma de ingresada nun período e pendente de período anterior—).* En Galicia a situación inicial era dunha taxa de conxestión de 1,18 e 1,22 en 2015 e 2016, respectivamente, para finalizar cunha de 1,28 en 2019. Dun xeito similar, no conxunto de España, tras iniciar o período cunha taxa de conxestión de 1,13 en 2015, elevouse ata 1,41 en 2017 ata quedar en 1,22 en 2019.

Á vista do exposto, poderíase dicir respecto das *reformas de 2015* que, por unha banda, algúns indicadores, como a taxa de litixiosidade, revelan o *aspecto positivo do descenso do número de asuntos que ingresan no sistema penal*. Por outra banda, outros indicadores (*taxas de resolución, de pendencia e de conxestión*), alértannos dun *aspecto negativo, a persistencia de lentitude, falta de axilidade suficiente que afecta á eficacia temporal do proceso*.

A sensación que se ten, por parte de distintos operadores xurídicos, é que *a reforma penal de 2015 (Lei 41/2015 e LO 1/2015) tivo só un éxito parcial e conxuntural*, porque hai menos asuntos penais, pero segue existindo lentitude. E non hai que esquecer a *eficacia temporal do proceso* e as garantías constitucionais deste, que conforman o concepto total de *proceso xusto ou debido*; unha das cales é, precisamente, *o dereito fundamental a un proceso sen dilacións indebidas ou dereito ao proceso dentro dun prazo razoable*. *O tempo é algo consubstancial ao proceso e factor determinante da súa eficacia*, que se basea nun axeitado equilibrio entre celeridade e respecto ás garantías procesuais, idea da que está imbuído o artigo 24 da CE e que confirma a xurisprudencia constitucional. *O proceso xurisdiccional*, en canto sucesión temporal



de actos que tenden a unha resolución definitiva e firme dun conflito, está dotado dunha *inmanente e dinámica dimensión temporal*, tal como afirma a doutrina científica e a xurisprudencia do Tribunal Constitucional (así, STC 58/1999).

§ 2.2. DATOS TOTAIS DE PROCEDEMENTOS NO ANO 2019

■ *Datos xerais*

De acordo coa estatística fiscal de 2019 consta a *cifra total de 144.381 procedementos xudiciais tramitados* por delito en Galicia, *cun aumento interanual de 11.927, equivalente ao 9,00%*, que contrasta cos descenso de anos anteriores (-3,14% en 2018, -13,83% en 2017 e -26,43% en 2016). Dentro desta cifra total de tramitados, a maior parte (75,47%) corresponde aos *procedementos incoados ou ingresados*, concretamente *108.964, cun aumento interanual de 5.606, equivalente a 5,42%*, salientable tamén fronte aos descenso de anos precedentes (-7,26% en 2018, -11,86% en 2017 e 38,78% en 2016). Sen computar a cifra de XDL incoados (18.667), “sucesor” parcial do antigo xuízo de faltas (XF), o total de procedementos incoados situárase en 90.297, cun incremento similar de 4.053, equivalente ao 4,70%, en contraste cos descenso de anos anteriores (-7,24% en 2018 e -32,85% en 2017). Nas cifras totais de 2019 incluíronse non só os datos das catro provincias galegas senón tamén os do TSX de Galicia (30 causas tramitadas contra persoas aforadas e, dentro delas, 26 incoadas ou ingresadas no ano).

O mencionado aumento das cifras de tramitación e incoación en 2019 (9,00% e 5,42%), fronte ao descenso do ano anterior (-3,14% e -7,16%), parece un dato puntual, atribuíble á normalización e recuperación tras o impacto da folga do funcionariado xudicial do ano 2018.

■ *Algúns datos relevantes sobre procedementos en 2019*

- *Procedemento tramitado de maior peso cuantitativo.* É o de DP (66,56% do total), seguido de XDL (17,19%), PA (9,84%), DU (6,24%), SU (0,15%) e PX (0,0015%).
- *Procedemento de DP, “filtro preliminar”* común para a maioría dos delitos. Así o demostran as cifras da estatística fiscal de 2019: preto de dous terzos (60,94%) dos procedementos tramitados remataron por “finalización anticipada” (sobresemento/arquivo ou acumulación/inhibición); só 13,48% se converteron noutro procedemento; o resto quedaron pendentes a final de ano (26,85%)
- *Procedemento de maior eficacia, en termos de cualificación fiscal e terminación por sentenza.* É o procedemento de DU, polas seguintes razóns, actualizadas con datos de 2019:



- Representan un elevado 38,45% do total (23.447) de procedementos tramitados con posibilidades reais de ser obxecto de cualificación fiscal (todos menos DP, “filtro preliminar procedemental”, e XDL, sen trámite de cualificación fiscal escrita).
- Case as tres cuartas partes (72,00%) das DU tramitadas (9.017) son obxecto de cualificación fiscal, nivel superior ao doutros procedementos (53,87% PA e 25,12% SU) e só superado polo PX (77,27%).
- Case dous terzos (61,04%) das DU tramitadas son obxecto de sentenza condenatoria por conformidade (5.504).

§ 2.3. DATOS PARTICULARES DE PROCEDEMENTOS NO ANO 2019 (tramitados, rematados e pendentes a final de ano)

§ 2.3.1. PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (PENDENTES INICIO ANO, INCOADOS E REABERTOS)

■ *Procedementos pendentes no inicio de ano:* 33.287 procedementos, cun aumento interanual de 5.964 (21,83%) e unha porcentaxe do 23,05% no total de tramitados (144.381). A maior parte desta “pendencia inicial” son en DP, cunha cifra de 22.395, equivalente aproximadamente a dous terzos do total (67,28%); o resto, nos demais procedementos.

■ *Procedementos reabertos no ano:* 2.130, cun incremento de 359 (20,25%) e unha porcentaxe do 1,48% no total de tramitados. Son 1.423 en DP (66,75%); o resto, nos demais procedementos.

■ *Procedementos incoados ou ingresados no ano:* son os 108.964 referidos anteriormente, cun aumento interanual de 5.606, equivalente a 5,42%, e unha porcentaxe de tres cuartos (75,47%) na cifra total de tramitados (144.381).

Nas seguintes táboas reflíctense detalladamente os datos particulares dos procedementos tramitados e incoados nos órganos xudiciais de Galicia en 2019, tanto por tipoloxía procedemental como por provincias.



PROCEDEMENTOS PENAIS TRAMITADOS POR TIPOLOXÍA - GALICIA AÑO 2019

	TIPO PROCEDEMENTO	CIFRA	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% NA CIFRA TOTAL (144.381)
1º	DP	96.110	6.136 (6,82%)	66,56%
2º	XDL	24.824	3.031 (13,91%)	17,19%
3º	PA	14.205	2.166 (17,99%)	9,84%
4º	DU	9.017	577 (6,84%)	6,24%
5º	SU	203	23 (12,78%)	0,15%
6º	PX	22	-6 (-21,43%)	0,015%

PROCEDEMENTOS PENAIS TRAMITADOS POR PROVINCIAS - GALICIA AÑO 2019

	PROVINCIA	CIFRA	V.I.	% NA CIFRA TOTAL
1º	PONTEVEDRA	60.933	6.366 (11,67%)	42,11%
2º	A CORUÑA	51.982	4.381 (9,20%)	36,01%
3º	LUGO	17.159	915 (5,63%)	11,89%
4º	OURENSE	14.277	3.147 (22,46%)	9,90%

PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS POR TIPOLOXÍA - GALICIA AÑO 2019

	TIPO PROCEDEMENTO	CIFRA	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% NA CIFRA TOTAL (108.964)
1º	DP	72.292	1.202 (1,69%)	66,35%
2º	XDL	18.667	1.553 (9,07%)	17,13%
3º	DU	8.878	594 (7,17%)	8,15%
4º	PA	9.003	2.232 (32,96%)	8,26%
5º	SU	102	32 (45,71%)	0,093%
6º	PX	22	-6 (-21,43%)	0,020%

PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS POR PROVINCIAS - GALICIA AÑO 2019

	PROVINCIA	CIFRA	V.I.	% NA CIFRA TOTAL
1º	PONTEVEDRA	49.128	677 (1,40%)	45,10%
2º	A CORUÑA	38.035	2.294 (6,42%)	34,92%
3º	LUGO	11.628	212 (1,86%)	10,67%
4º	OURENSE	10.147	-575 (-5,36%)	9,31%



§ 2.3.2. PROCEDEMENTOS REMATADOS (FINALIZACIÓN ANTICIPADA, TRANSFORMACIÓN E SENTENZA)

■ *Datos totais de procedementos rematados*

■ Conforme a estatística fiscal, no ano 2019 figura un total de 108.661 procedementos penais rematados en Galicia, cun aumento interanual de 11.646, equivalente ao 12% (-6,87% en 2018, ano de folga funcional), e unha porcentaxe do 78,71% no total de rematados (144.381). Nesa cifra total de terminacións en 2019 incluíronse non só os datos das catro provincias galegas senón tamén os do TSX de Galicia (22 causas rematadas contra persoas aforadas).

■ Cabe destacar tamén os seguintes datos:

- Mantense a constante de que só unha pequena parte foron finalizados por sentenza. Concretamente, a estatística fiscal reflicte unha cifra total de *19.976 sentenzas*, cunha porcentaxe do *18,38% dos procedementos rematados e de 13,84% dos tramitados*.

- *O resto dos procedementos tramitados, 88.685 (81,61%)* finalizaron de dúas *formas alternativas á sentenza*: a) *finalización anticipada (FA)*, concretamente 74.852 (51,84% dos tramitados); ou b) *por transformación (TF) noutro procedemento*, concretamente 13.833 (9,59%).

- *Relación de datos entre cualificacións fiscais e sentenzas ditada en 2019*. Conforme á estatística fiscal, formuláronse un total de 14.212 cualificacións polo MF, cunha porcentaxe do 9,84% respecto dos procedementos tramitados, e foron ditadas un total de 19.976 sentenzas, cunha porcentaxe do 13,84%. Non obstante, se tomamos como referencia a cifra dos 23.447 procedementos que poden ser obxecto de cualificación fiscal escrita (todos menos DP e XDL), as porcentaxes resultan deferentes. Así, serían 13.254 sentenzas (excluídas as de XDL), cunha porcentaxe de 56,53% procedementos tramitados, e as 14.212 cualificacións fiscais supoñerían un superior 60,61%.

§ 2.3.3. DATOS PARTICULARES DAS DISTINTAS FORMAS DE TERMINACIÓN PROCEDEMENTAL (POR SENTENZA E OUTRAS FORMAS ALTERNATIVAS)

Á parte das 19.976 sentenzas ditadas en 2019 —examinadas logo extensamente na sección 1.1.17 deste capítulo II—, detállanse agora os *procedementos finalizados de modo distinto a sentenza*, que neste ano alcanzaron un total de 87.522, cun aumento interanual de 7.542 (9,43%) e unha porcentaxe do 80,55% na cifra total de rematados (108.661), así como de 60,62% na de tramitados (144.381). A maior parte desta forma de terminación alternativa (TA) corresponde ao procedemento de DP, cunha cifra de 71.044 (81,17%).



Dentro desas formas de TA, pódese distinguir entre terminación por *transformación noutro procedemento (TF)* e *finalización anticipada (FA)*.

■ *Terminación por transformación noutro procedemento (TF)*. Figura unha cifra total de 13.833, cun incremento interanual de 2.928 (26,85%) e porcentaxes de 12,73% e 9,58%, respectivamente, nas cantidades de procedementos rematados e tramitados. A maior parte (o 93,67%) destas TF producíronse en DP, concretamente 12.958.

■ *Terminación por finalización anticipada, FA (acumulación/inhibición, sobresemento ou arquivo)*. Consta a cifra total de 74.852, cun aumento de 5.777 (8,36%) e porcentaxes de 68,88% e 51,84%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos rematados e tramitados. A maior parte destas TA (o 77,60%) corresponden ao procedemento de DP, cunha cifra total de 58.088 (4,38%), distribuída entre 20.550 A/I, 8.302 AD e 29.236 SP. Podemos distinguir dous grupos básicos de *finalización anticipada*:

- *Acumulacións/inhibicións (A/I)*: 20.939, con porcentaxes de 19,27% e 14,50%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos rematados e tramitados.

- *Sobresementos/arquivos (S/A)*: 52.750, con porcentaxes de 48,55% e 36,53%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos rematados e tramitados. A maior parte (o 71,16%) destes S/A producíronse en DP (cifra total de 37.538, distribuída entre 8.302 AD e 29.236 SP. O resto de S/A corresponde a XDL (8.158 e demais procedementos.

§ 2.4. PROCEDEMENTOS PENDENTES AO FINAL DO ANO

Da estatística fiscal de 2019 resulta a cifra total de 35.720 procedementos pendentes a final do ano, é dicir en trámite e sen finalizar, cun aumento interanual de 281 (0,79%). A cifra é resultado da operación [procedementos tramitados]-[procedementos rematados]=[procedementos pendentes]. A maior cifra desta pendencia (70,01%) concéntrase en DP, cunha cantidade de 25.006.

§ 2.5. ESPECIAL REFERENCIA Á APLICACIÓN DO ART. 324 DA LACRIM (CONTROL DE PRAZO DE INSTRUCCIÓN)

A estatística fiscal de 2019 reflicte os seguintes datos sobre o particular:

■ *Declaracións de complexidade*: 2.066, cun aumento interanual de 595 (40,45%), distribuídas entre 2.000 no ámbito de DP e 66 en SU.

■ *Declaracións de prazo máximo*: 945, cun incremento de 76 (875%), todas en DP.



SECCIÓN 1.1.1.2.


EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Reflectimos aquí a actividade desenvolvida por esta fiscalía autonómica en materia penal ante a Sala do Civil e do Penal do TSX de Galicia. Os datos referidos á intervención do MF proceden da estatística propia da Fiscalía; os demais son datos de elaboración propia a partir da estatística xudicial (Punto Neutro Xudicial, PNX), agás os datos de persoas aforadas (obtidos das fontes propias de Fiscalía).

§ 1. EXPOSICIÓN DE DATOS

§ 1.1. RESUMO XERAL

PROCEDEMENTOS PENAIS - TSX GALICIA 2019



PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA - ANO 2019
RESUMO XERAL - MOVIMENTO ASUNTOS E INTERVENCIÓN FISCAL
(ELABORACIÓN PROPIA BASEADA EN DATOS DE ESTATÍSTICA XUDICIAL -PNX- E ESTATÍSTICA FISCAL)

	ANO 2019	ANO 2018	V.I.
PROCEDIMENTOS TRAMITADOS NO ANO	148	101	47 (46,53%)
PROCEDIMENTOS INCOADOS NO ANO	123	94	29 (30,85%)
PROCEDIMENTOS REMATADOS NO ANO	123	76	47 (61,84%)
SENTENZAS DITADAS	76	42	34 (80,95%)
PROCEDIMENTOS INGRESADOS EN FISCALÍA	123	97	26 (26,80%)
DITAMES EMITIDOS POLO FISCAL	62	38	24 (63,16%)
XUÍZOS E VISTAS ASISTIDAS POLO FISCAL	13	9	4 (44,44%)



§ 1.2. EXPOSICIÓN DETALLADA

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA - ANO 2019 MOVIMENTO XERAL DE ASUNTOS (ELABORACIÓN PROPIA BASEADA EN DATOS DE ESTATÍSTICA XUDICIAL- PNX-)

	ANO 2019	ANO 2018	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	148	101	47 (46,53%)
PENDENTES AO INICIO DO ANO	25	7	18
INCOADOS NO ANO	123	94	29 (30,85%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
REMATADOS NO ANO	123	76	47 (61,84%)
PENDENTES AO FINAL DO ANO	25	25	0 (0%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA - ANO 2019 DISTRIBUCIÓN SEGUNDO TIPOLOXÍA PROCEDEMENTAL (ELABORACIÓN PROPIA BASEADA EN DATOS DE ESTATÍSTICA XUDICIAL- PNX-)

	ANO 2019	ANO 2018	V.I.
PROCEDEMENTOS PENAIS CONTRA PERSOAS AFORADAS			
TRAMITADOS NO ANO	30	30	0 (0%)
PENDENTES AO INICIO DO ANO	4	2	2 (100%)
INCOADOS NO ANO	26	28	-2 (-7,14%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
REMATADOS NO ANO	22	26	-4 (-15,38%)
PENDENTES AO FINAL DO ANO	8	4	4 (100%)

APELACIÓNS CONTRA SENTENZAS PROCEDEMENTO LEI XURADO (PX)

	ANO 2019	ANO 2018	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	13	10	3 (30%)
PENDENTES AO INICIO DO ANO	3	1	2
INCOADOS NO ANO	10	9	1 (11,11%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
REMATADOS NO ANO	11	7	4 (57,14%)
PENDENTES AO FINAL DO ANO	2	3	-1 (-33,33%)

APELACIÓNS ORDINARIAS (CONTRA OUTRAS SENTENZAS E AUTOS DE AUDIENCIAS PROVINCIAIS)

	ANO 2019	ANO 2018	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	79	55	24 (43,64%)
PENDENTES AO INICIO DO ANO	16	4	12
INCOADOS NO ANO	63	51	12 (23,53%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
REMATADOS NO ANO	68	39	29 (74,36%)
PENDENTES AO FINAL DO ANO	11	16	-5 (-31,25%)



CUESTIÓNS DE COMPETENCIA			
	ANO 2019	ANO 2018	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	22	6	16 (266,67%)
PENDENTES AO INICIO DO ANO	2	0	2 (100%)
INCOADOS NO ANO	20	6	14 (233,33%)
REMATADOS NO ANO	18	4	14 (22,22%)
PENDENTES AO FINAL DO ANO	4	2	2 (100%)

RECURSOS DE QUEIXA			
	ANO 2019	ANO 2018	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	4	0	4 (100%)
PENDENTES AO INICIO DO ANO	0	0	0 (0%)
INCOADOS NO ANO	4	0	4 (100%)
REMATADOS NO ANO	4	0	4 (100%)
PENDENTES AO FINAL DO ANO	0	0	0 (0%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA - ANO 2019 PERSOAS AFORADAS EN CAUSAS PENAIS (ELABORACIÓN PROPIA BASEADA EN DATOS DE ESTATÍSTICA XUDICIAL —PNX—)			
	ANO 2019	ANO 2018	V.I.
TOTAL AFORADOS	40	29	11 (37,93%)
CARREIRA XUDICIAL	34	23	11 (47,83%)
CARREIRA FISCAL	5	5	0 (0%)
TOTAL AFORADOS CARREIRAS XUDICIAL E FISCAL	39	28	11 (39,29%)
GOBERNO AUTONÓMICO	0	0	0 (0%)
PARLAMENTO AUTONÓMICO	1	1	0 (0%)
OUTROS	0	0	0 (0%)
TOTAL AFORADOS GOBERNO, PARLAMENTO AUTÓNOMO E OUTROS	1	1	0 (0%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESUMO DE INTERVENCIÓN DO MINISTERIO FISCAL - ANO 2019 (ELABORACIÓN SEGUNDO FONTES PROPIAS DE FISCALÍA)			
	ANO 2019	ANO 2018	V.I.
INGRESADOS EN FISCALÍA	123	97	26 (26,80%)
DITAMES EMITIDOS	62	38	24 (63,16%)
XUÍZOS E VISTAS ASISTIDOS	13	9	4 (44,44%)
RECURSOS CASACIÓN INTERPOSTOS POR FISCAL	0	0	0 (0%)



**PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA
RESOLUCIÓNS DEFINITIVAS (SENTENZAS E AUTOS DEFINITIVOS)
E RECURSOS DE CASACIÓN INTERPOSTOS -2019
(ELABORACIÓN PROPIA BASEADA EN DATOS DE ESTADÍSTICA XUDICIAL- PNX-)**

	ANO 2019	ANO 2018	V.I.
SENTENZAS	76	42	34 (80,95%)
AUTOS DEFINITIVOS	48	37	11 (29,73%)
RECURSOS DE CASACIÓN CONTRA RESOLUCIÓNS DEFINITIVAS SALA TSX (ELEVADOS NO PERÍODO)	39	27	12 (44,44%)

§ 2. ANÁLISE DE DATOS

■ *Procedementos penais tramitados no TSX de Galicia*

A información que segue foi elaborada a partir dos datos obtidos da estatística xudicial (PNX).

■ *Datos xerais.* No ano 2019 tramitáronse 148 procedementos penais no TSX de Galicia, cun apreciable aumento interanual de 47 (46,53%). A maior parte foron procedementos de apelacións “ordinarias” (contra sentenzas e autos da audiencia provincial), concretamente 79, que representan máis da metade do total (53,38%). Ese total de 148 procedementos distribúese entre 25 pendentes ao inicio do ano (16,89%); 123 incoados no ano (83,11%) e 0 reabertos. Foron finalizados outros 123 e quedaron outros 25 pendentes ao final do ano (coherente diferenza de tramitados - rematados).

■ *Datos particulares segundo tipoloxía procedemental*

- *Procedementos penais contra persoas aforadas.* Consta a cifra total de 30 procedementos tramitados, sen variación interanual; analizada entre 4 pendentes a inicio de ano, 26 incoados no ano (-2=-7,14%) e 0 reabertos. Foron finalizados no ano 26 (case todos con auto de arquivo por non se formular en forma a preceptiva querela) e quedaron 8 pendentes.

- *Procedementos de apelación “especial” contra sentenzas ditadas no procedemento do Xurado (PX).* Tramitáronse un total de 13 no ano, cun aumento interanual de 3 (30%), distribuídos entre 3 pendentes do ano anterior, 10 incoados (+1=11,11%) e 0 reabertos. Foron finalizados 11 e quedaron 2 pendentes ao final do ano.

- *Procedementos de apelación “ordinaria” (PAO, apelacións penais contra sentenzas e autos ditados pola audiencia provincial).* Consta a cifra total de 79 tramitados, que supón un apreciable incremento interanual de case a metade, 24 (43,64%); analizada entre 16 pendentes a inicio de ano, 63 incoados (+12=23,53%) e 0 reabertos. Foron finalizados 68 (65 por sentenza e o resto por auto) e quedaron 11 pendentes ao final do ano.

- *Cuestións de competencia.* Tramitáronse 22 no ano, cun destacado incremento interanual de 16 (266,67%), distribuídas entre 2 pendentes de ano anterior e 20 incoadas no ano (+14=233,33%). Foron resoltas 18 e quedaron 4 pendentes ao final do ano.



■ Procedementos penais ingresados en Fiscalía

TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESUMO DE INGRESADOS EN FISCALÍA - ANO 2019			
	2019	2018	V.I.
TOTAL PROCEDEMENTOS	123	97	26 (26,80%)
PROCEDEMENTOS CONTRA PERSOAS AFORADAS	26	24	2 (8,33%)
APELACIÓNS "ESPECIAIS" CONTRA SENTENZAS DITADAS POR AUDIENCIA PROVINCIAL EN P. XURADO	10	9	1 (11,11%)
APELACIÓNS "ORDINARIAS" CONTRA SENTENZAS E AUTOS DITADOS POR AUDIENCIA PROVINCIA	63	51	12 (23,53%)
CUESTIÓNS DE COMPETENCIA	20	6	14 (233,33%)

■ Intervención do MF: cualificacións e ditames; xuízos e vistas, e recursos de casación

- *Cualificacións.* Ao igual que no ano anterior, non se formulou cualificación fiscal ningunha ante a Sala do TSX de Galicia (causas contra aforados).

- *Ditames.* Efectuáronse en 2019 un total de 62 ditames (escritos), cun destacado aumento interanual de 24 (63,16%) e coa seguinte distribución: 19 en procedementos penais por delito (contra aforados); 22 en apelacións (2 especiais de PX e 10 ordinarias); 20 en cuestións de competencia; 4 en recursos de queixa; e 9 en "outros procedementos" (1 impugnación de denegación de xustiza gratuíta, 6 incidentes de recusación de xuíces ou fiscais e 2 incidentes de abstención).

- *Xuízos e vistas.* Non se celebrou xuízo ningún nos procedementos competencia do TSX de Galicia (aforados), se ben se celebraron un total de 13 vistas de apelación (coa preceptiva intervención do MF), cun aumento interanual de 4 (44,44%), das cales 11 foron en apelacións "especiais" de PX (incremento de 4) e 2 en apelacións "ordinarias" (sen variación).

- *Recursos de casación.* Non consta ningún interposto polo Fiscal en 2019. Porén, si que consta na estatística xudicial a cifra de 39 elevados durante o ano (contra sentenzas, interpostos polas partes), cun aumento interanual de 12 (44,44%).

■ Resolucións definitivas (sentenzas e autos)

- *Sentenzas.* Segundo a estatística xudicial (PNX) consta un total de 76 sentenzas ditadas en 2019, cun elevado incremento interanual de 34 (80,95%). A distribución é a seguinte: a) 11 ditadas en apelacións "especiais" do PX (aumento de 31), todas elas desacolledoras (salvo unha, todas conforme ao MF); e b) 65 ditadas en apelacións "ordinarias" (aumento de 30), das que 51 foron desacolledoras e 14 acolledoras.

- *Autos definitivos.* Conforme á mesma fonte xudicial, consta un total de 48 autos definitivos ditados en 2019 (todos en "apelacións ordinarias", cun aumento interanual de 11 (29,73%), distribuídos entre 47 que resolven sobre o fondo do asunto e 1 de "outros autos definitivos" (desistencias, desertos, sobresementos e restantes finais).



SECCIÓN 1.1.1.3.
EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS

SECCIÓN 1.1.1.3.1.
DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDEMENTO ABREVIADO (DP)

§ 1. EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2019 - DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDEMENTO ABREVIADO (DP)								
DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
VOLUME TRAMITADO	PENDENTES AO INICIO DO ANO	8.395	3.970	2.495	7.531	22.395	17.636	4.759 (26,98%)
	INCOADAS NO ANO	24.009	7.845	6.529	33.883	72.292	71.091	1.201 (1,69%)
	“INGRESADAS” (INCOADAS NO ANO CON ENTRADA EN FISCALÍA)	21.265	7.216	6.070	32.658	67.235	64.858	2.377 (3,66%)
	REABERTAS NO ANO	468	169	228	558	1.423	1.247	176 (14,11%)
	TOTAL TRAMITADAS	32.872	11.984	9.252	41.972	96.110	89.974	6.136 (6,82%)
	PENDENTES A FIN ANO	10.707	3.877	2.488	7.986	25.066	24.157	909 (3,76%)
REMATADAS (FINALIZACIÓN / TRANSFORMACIÓN)	ACUMULACIÓN / INHIBICIÓN	4.897	1.639	1.530	12.484	20.550	18.252	2.298 (12,59%)
	ARQUIVO DEFINITIVO	1.402	789	657	5.432	8.302	8.772	-470 (-5,36%)
	SOBRESEMENTO PROVIS.	10.478	3.925	3.159	11.674	29.236	28.624	612 (2,14%)
	TOTAL FINALIZADAS	16.777	6.353	5.346	29.590	58.088	55.648	2.440 (4,38%)
	EN XÚIZO DELITO LEVE	1.156	495	340	1.195	3.186	2.756	430 (15,60%)
	EN P. ABREVIADO	3.943	1.174	959	2.927	9.003	6.771	2.232 (32,96%)
	EN SUMARIO	24	12	4	26	66	40	26 (65,00%)
	EN P. XURADO	8	2	0	5	15	17	-2 (-11,77%)
	EN D. URXENTES	257	71	115	243	686	585	101 (17,26%)
	TOTAL TRANSFORMADAS	5.388	1.754	1418	4.396	12.956	10.169	2.787 (27,41%)
	TOTAL REMATADAS (SUMA DE FINALIZADAS E TRANSFORMADAS)	22.165	8.107	6.764	33.986	71.044	65.817	5.227 (7,94%)


Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

APLICACIÓN ART. 324 LACRIM EN D. PREVIAS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	
DECLARACIÓN DE COMPLEXIDADE	513	510	164	813	2.000	1.468	532 (36,24%)
DECLARACIÓN DE PRAZO MÁXIMO	164	578	26	177	945	867	78 (9,00%)
TOTAL APLICACIÓN 324 LACrim	677	1.088	190	990	2.945	2.335	610 (26,12%)

DILIXENCIAS PREVIAS - GALICIA 2019 - DATOS TOTAIS




§ 2. ANÁLISE DE DATOS

§ 2.1. DP TRAMITADAS E INCOADAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS “INGRESADAS” EN FISCALÍA

§ 2.1.1. DATOS TOTAIS DE DP TRAMITADAS E INCOADAS NO PERÍODO 2015-2019

■ Exposición de datos

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS TRAMITADAS E INCOADAS
GALICIA - PERIODO 2015-2019



■ Análise de datos

Durante o referido período 2015-2019 apreciamos un descenso case continuo das DP tramitadas e incoadas, cunha media anual de 116.352 e 93.203. Entre o inicio e o final do período hai un marcado descenso acumulado próximo á metade (-47,78% DP tramitadas e -54,09% DP incoadas).

Destaca o marcado descenso rexistrado en 2016, sobre o 40% (-37,08% tramitadas e -43,47% incoadas), derivado do impacto da reforma operada pola Lei 41/2015. Esta estableceu medidas de axilización da xustiza penal, co fin de evitar dilacións indebidas. Unha desas medidas foi a supresión, por regra xeral, da obrigada remisión aos órganos xudiciais e fiscalías dos atestados policiais sen autor coñecido (novo art. 284 LACrim). Esta medida afectou moi especialmente



ao procedemento de DP, auténtico “filtro preliminar”, como reflicte o destacado descenso apreciado a partir de 2016 nas cifras de DP tramitadas e incoadas.

Posteriormente, no período 2017-2019 observamos unha *tendencia ao descenso e estabilización*, malia a folga funcional de 2018, con cifras medias anuais de 93.971 DP tramitadas e 73.187 incoadas. Entre o inicio e o final do referido período hai só pequenas variacións (-0,29% de tramitadas e -5,10% de incoadas), moi inferior ao referido descenso de arredor da metade do período 2015-2019.

Polo tanto, a diminución das cifras de DP tramitadas e incoadas parece que comeza a se asentarse e estabilizar, con descensos paulatinamente menores e incluso cun lixeiro incremento no último ano.

§ 2.1. 2. DATOS DE DP TRAMITADAS E INCOADAS NO ANO 2019

■ Datos xerais de DP tramitadas

Conforme a estatística fiscal, consta un total de 96.110 DP tramitadas nos órganos xudiciais de Galicia en 2019, cun lixeiro aumento interanual de 6.130 (6,82%). Esa cifra total supón unha elevada porcentaxe do 66,56% no total de procedementos tramitados en Galicia (144.381). Isto significa, como todos os anos, que as DP son o procedemento penal tramitado con maior peso cuantitativo, dada a súa función procesual de “filtro preliminar”. No total de 96.110 incluíronse as cifras das DP tramitadas nas catro provincias galegas (96.080) máis as tramitadas no TSX de Galicia (30).

O lixeiro incremento de 2019 (6,82%) resalta fronte aos descensos dos anos anteriores (-6,11% en 2018, -17,24 en 2017 e -37,08% en 2016). E parece un dato puntual, atribuíble á normalización e recuperación tras a folga funcional do ano anterior.

■ Datos particulares das DP tramitadas e incoadas (pendentes, reabertas e incoadas)

- *Pendientes a inicio de ano:* 22.395, cun apreciable aumento interanual de 4.759 (26,98%) e unha porcentaxe de máis de 23,30% no cifra total de DP tramitadas (96.110)
- *Reabertas:* 1.423, cun incremento de 176 (14,11%) e unha porcentaxe do 1,48%.
- *Incoadas:* 72.292, cun lixeiro aumento de 1.201, equivalente ao 1,69% e unha porcentaxe do 75,22% no total de tramitadas (96.110), así como dun 66,35% do total de procedementos incoados na CA (108.964). Como sempre, é o procedemento penal incoado con maior peso cuantitativo, pola súa función de “filtro preliminar”. Na cifra total de 72.292 incluíronse as cifras das DP incoadas nas catro provincias galegas (72.266) máis as incoadas no TSX de Galicia (26).

O leve incremento das incoacións de DP en 2019 (1,69%) contrasta co descenso de anos anteriores (-6,68% en 2018, -14,41% en 2017 e -43,47% en 2016). E parece un dato puntual, atribuíble á normalización e recuperación tras a folga funcional do ano anterior.



■ Datos particulares por provincias de DP tramitadas e incoadas

■ DP tramitadas

- A Coruña: 32.872 DP tramitadas en 2019, cun aumento interanual de 2.031, equivalente a 6,59% (-7,36% en 2018) e unha porcentaxe do 34,21% na cifra total das provincias de Galicia (96.080).
- Lugo: 11.984, cun incremento de 373, equivalente a 3,21% (-9,96% en 2018) e unha porcentaxe do 12,47%.
- Ourense: 9.252, cun aumento de 220, equivalente a 2,44% (-3,09%) e unha porcentaxe do 9,63%.
- Pontevedra; 41.972, cun incremento de 3.512, equivalente a 9,13% (-4,65% en 2018) e unha porcentaxe do 43,69% na cifra total das provincias galegas (96.080).


■ DP incoadas

- A Coruña: 24.009 DP incoadas en 2019, cun aumento interanual de 624, equivalente ao 2,67% (-6,57% en 2018), e unha porcentaxe do 33,22% na cifra total das provincias de Galicia (72.266).
- Lugo: 7.845, cun descenso de -372, equivalente ao -4,53% (-13,39% en 2018), e unha porcentaxe do 10,86%.
- Ourense: 6.529, cun descenso de -525, equivalente ao -7,44% (-4,46% en 2018), e unha porcentaxe do 9,03%.
- Pontevedra: 33.883, cun aumento de 1.476, equivalente ao 4,55% (-5,46 en 2018), e unha porcentaxe do 46,89% na cifra total das provincias galegas (72.266).

§ 2.1.3. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DP “INGRESADAS” EN FISCALÍA (INCOADAS CON ENTRADA NO ANO)

■ Datos totais de DP “ingresadas” no período 2015-2019

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS “INGRESADAS” EN FISCALÍA GALICIA - PERIODO 2015-2019



■ Datos de DP “ingresadas” no ano 2019

Consta que tiveron entrada en Fiscalía (“ingresadas”) un total de 67.235 DP, cun lixeiro incremento interanual de 2.377 (3,66%) e unha porcentaxe do 93,00% das 72.292 DP incoadas, cunha diferenza respecto da estas de -5.057, equivalente a un -6,99% (-8,77% de 2018). Este lixeiro aumento destaca fronte aos descensos de anos anteriores (-9,15% en 2018, -15,64% en 2017 e -4,10% en 2016) e parece un dato puntual, atribuíble á normalización e recuperación tras a folga funcional do ano anterior.

Dado que en 2019 foron “ingresadas” o 93% das DP incoadas, resulta evidente que *hai unha porcentaxe do 7% que non tiveron entrada en Fiscalía, fronte ao 8,77% de 2018*. Estes datos reflicten un incremento dunha cuarta parte (25,29%) das DP ingresadas no último ano, tras a folga funcional de 2018. Malia esa mellora significativa, o certo é que, en canto ás incoacións de DP, aínda segue sendo incompleta a interoperabilidade (intercambio telemático de datos e información) entre os órganos xudiciais e as fiscalías (a través de aplicacións Minerva e Fortuny).


Debe notarse que a cifra de 72.292 incoacións da estatística fiscal contrasta coa de 79.967 que resulta da estatística xudicial (PNX), cifra probablemente máis próxima á realidade, polo que as 67.235 DP ingresadas en Fiscalía supoñerían, con maior probabilidade, un inferior 84,08% da totalidade real incoada (superior ao 81,48% de 2018). Así, a cifra de DP non ingresadas sería un 15,92% (mellorando o 18,52% de 2018).



§ 2.2. DP REMATADAS. ESPECIAL REFERENCIA Á TERMINACIÓN POR ACUMULACIÓN/ INHIBICIÓN (A/I) E SOBRESEMENTO PROVISIONAL (SP)

§ 2.2.1. DATOS TOTAIS DE DP REMATADAS NO PERÍODO 2015-2019

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS TERMINADAS
GALICIA - PERIODO 2015-2019



§ 2.2.2. DATOS DE DP REMATADAS NO ANO 2019

§ 2.2.2.1. DATOS XERAIS E POR PROVINCIAS

■ *Datos xerais.* Conforme á estatística fiscal consta a cifra total de 71.044 DP finalizadas nos órganos xudiciais de Galicia en 2019, cun lixeiro incremento interanual de 5.227, equivalente ao 7,94%, e unha porcentaxe do 73,92% na cifra total de DP tramitadas (96.110). Á suma das cifras provinciais (71.022) engadíronse 22 DP finalizados (arquivo) no ámbito autonómico (TSX), co resultado da referida cifra total.

O lixeiro aumento das DP finalizadas en 2019 (7,94%) contrasta co descenso do ano anterior (-18,65%). E parece un dato puntual, atribuíble á normalización e recuperación tras a folga funcional do ano anterior.



■ *Datos por provincias*

- A Coruña: 22.165, cun aumento de 790, equivalente a 3,56% (-17,02% en 2018, ano de folga funcional), e unha porcentaxe do 31,21% na cifra total das provincias galegas (71.022).
- Lugo: 8.107, cun incremento de 155, equivalente a 1,91% (-20,22% en 2018), e unha porcentaxe do 11,42%.
- Ourense: 6.764, cun descenso de -225, equivalente a un -3,22% (-11,75% en 2018), e unha porcentaxe do 9,52%.
- Pontevedra: 33.986, cun aumento de 4.511, equivalente ao 15,30% (-20,88% en 2018), e unha porcentaxe do 47,85% na cantidade total das provincias galegas (71.022).

§ 2.2.2.2. DATOS DE DP REMATADAS POR FINALIZACIÓN ANTICIPADA (FA) E POR TRANSFORMACIÓN (TF)

A cifra total de 71.004 DP finalizadas en 2019 distribúese entre: a) *finalizacións anticipadas* (FA), que comprende as terminacións por acumulación/inhibición, sobresemento provisional (SP) e arquivo definitivo; b) *transformacións de procedemento* (TF).

■ **Finalización anticipada (FA).** Consta a cifra total de 58.088, cun lixeiro aumento interanual de 2.440, equivalente ao 4,38% (-17,58% en 2018, ano de folga funcional), e unha porcentaxe do 81,76% do total de rematadas (71.044). Case todo ese incremento (o 94,18%) concéntrase nas finalizacións por A/I.

Na seguinte epígrafe § 2.2.2.3 examínanse os datos particulares de A/I, SP e arquivo definitivo (AD).

■ **Transformación (TF)**

Figura a cantidade total de 12.956, cun apreciable incremento interanual de 2.787, equivalente ao 27,41% (-24,05 en 2018, ano de folga funcional), e unha porcentaxe do 18,24% do total de rematadas (71.044). Distribución do total de TF:

- TF en PA: 9.003, cun aumento de 2.232, equivalente ao 32,96% (-20,29% en 2018, ano de folga funcional), e unha porcentaxe de máis de dous terzos (66,58%) no total de TF.
- TF en XDL: 3.186, cun incremento de 430, equivalente ao 15,60% (-27,07% en 2018), e unha porcentaxe do 4,48%.
- TF en DU: 686, cun aumento de 101, equivalente ao 17,26% (-43,15% en 2018), e unha porcentaxe do 0,97%.
- TF en SU: 66, cun aumento de 26, equivalente ao 65,00% (-38,46% en 2018)
- TF en PX: 15, cun descenso de -2, equivalente a -11,77% (-22,73% en 2018).




§ 2.2.2.3. ESPECIAL REFERENCIA Á FINALIZACIÓN ANTICIPADA POR ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN, SP E ARQUIVO DEFINITIVO

A cifra total de 58.088 FA en 2019 distribúese en tres modalidades concretas de *acumulación/inhibición (A/I)*, *sobresemento provisional (SP)* e *archivo definitivo (AD)*.

§ 2.2.2.3.1. FINALIZACIÓN ANTICIPADA POR ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN (A/I)

■ *Datos totais durante o período 2015-2019*

EVOLUCIÓN TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN / INHIBICIÓN GALICIA - PERIODO 2015-2019



■ *Datos xerais de 2019.* Consta a cifra total de 20.550, cun lixeiro aumento interanual de 2.298, equivalente ao 12,59%, e cunha porcentaxe do 35,38% na cantidade total de finalizadas por FA (58.088). Ademais, representan importantes porcentaxes do 21,38%, 28,43% e 28,93% respecto das respectivas cifras de DP tramitadas, incoadas e rematadas.

O leve incremento total de 2019 (12,67%) contrasta co descenso do ano anterior (-12,67%) e parece un dato puntual, atribuíble á normalización e recuperación tras a folga funcional de 2018.

■ *Datos particulares de 2019 por provincias.* Ao igual que nos datos totais, detectamos a nivel provincial unha similar tendencia de diminución e estabilización, como se reflicte no cadro que segue. Rexístranse algunhas variacións en todas as provincias, aínda que con tendencia a unha estabilización das cifras de A/I. Como en anos anteriores, destaca a elevada cifra de Pontevedra, 12.484, que supón un 60,75% de toda Galicia (20.550). Tamén resaltan os aumentos experimentados polas dúas provincias maiores, A Coruña e Pontevedra (21,36% e 20,42%, respectivamente); fronte aos descensos nas provincias menores, Lugo e Ourense (-13,83% e -21,46%).




§ 2.2.2.3.2. FINALIZACIÓN ANTICIPADA POR ARCHIVO DEFINITIVO (AD)

Figura na estatística fiscal a cifra de 8.302, cun descenso interanual de -470, equivalente ao -5,36% (-29,61% en 2018), e unha porcentaxe do 14,29% na cifra total de final de FA (58.088), así como de 11,69% na de DP rematadas (71.044). Destaca, como en anos anteriores, o elevado volume de Pontevedra, onde consta a cifra de 5.432, que representa o 65,43% (62,55% en 2018), do total de Galicia, malia o leve particular descenso provincial (-1,00%).

§ 2.2.2.3.3. FINALIZACIÓN ANTICIPADA POR SOBRESAMENTO PROVISIONAL (SP)

■ *Datos totais durante o período 2015-2019*

EVOLUCIÓN TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR SP
GALICIA - PERIODO 2015-2019



■ *Datos xerais de 2019*

Consta na estatística fiscal a cifra total de 29.236, cun leve aumento interanual de 612, equivalente a 2,14%, e representa unha porcentaxe do 50,33% da cifra total de FA (58.088), de 41,15% na de DP rematadas (71.044), e de 30,42% de DP tramitadas (96.110).

O lixeiro incremento de SP en 2019 (2,14%), parece algo puntual tras a cadea previa de descensos anuais, xa mencionada. En todo caso, ese aumento non parece contradicir o descenso e asentamento das cifras, como o demostra que o número de SP de 2019 representa unha porcentaxe do 30,42% das DP tramitadas e un 40,44% de incoadas, bastante inferior ás cifras de 2015 (52,03% e 60,82%), segundo se detalla na anterior táboa de datos totais durante o período 2015-2019.



■ *Datos particulares de 2019 por provincias*

- A Coruña: 10.478, cun descenso interanual de -485 (-7,46%) e unha porcentaxe do 35,84% na cifra total de Galicia (29.236).
- Lugo: 3.925, cun descenso de -231 (-7,34%) e unha porcentaxe do 13,42%.
- Ourense: 3.159, cun descenso de -12 (-0,38%) e unha porcentaxe do 10,81%.
- Pontevedra: 11.674, cun aumento de 1.214 (4,15%) e unha porcentaxe do 39,93%.

§ 2.3. DP PENDENTES AO FINAL DO ANO

Conforme a estatística fiscal, consta a cifra de 25.066 DP pendentes ao finalizar o ano, cun incremento interanual de 909 (3,76%) e unha porcentaxe do 26,02% no total de DP tramitadas (96.110). A distribución por provincias desta pendencia final é como segue: A Coruña, 10.707; Lugo, 3.877; Ourense, 2.488; e Pontevedra, 7.986. Os datos totais e provinciais expostos obtivéronse da operación “tramitados” - “rematados” = “pendentes”.

§ 2.4. ESPECIAL REFERENCIA Á APLICACIÓN DO ART. 324 LACRIM NAS DP (CONTROL PRAZO DE INSTRUCIÓN)

Ao igual que os tres anos anteriores, recóllense en 2019 datos sobre este particular na estatística fiscal: unha cifra total de 2.000 “declaracións de complexidade” no conxunto das provincias de Galicia, cun aumento interanual de 532, equivalente a 36,24%, en contraste co descenso do ano anterior (-23,42%). A distribución por provincias desa cifra total é: A Coruña, 513 (25,65% do total); Lugo, 510 (25,50%); Ourense, 164 (8,20%); e Pontevedra, 813 (40,65%). En canto a “declaracións de prazo máximo”, a cifra total foi de 945, cun incremento de 78, equivalente ao 9,00%, fronte ao descenso do ano precedente (-24,21%). Distribución por provincias desa cifra total: A Coruña 164 (17,36%), Lugo 578 (61,16%), Ourense 26 (2,75%) e Pontevedra 177 (18,73%).



SECCIÓN 1.1.1.3.2.
 PROCEDEMENTOS ABREVIADOS (PA)

§ 1. EXPOSICIÓN DE DATOS


ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2019 PROCEDEMENTOS ABREVIADOS NOS XULGADOS DE INSTRUCIÓN DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
VOLUME TRAMITADO	PENDENTES AO INICIO DO ANO	2.165	654	762	1.285	4.866	4.973	-107 (-2,15%)
	REABERTOS DURANTE ANO	111	45	43	137	336	295	41 (13,90%)
	INCOADOS DURANTE ANO	3.943	1.174	959	2.927	9.003	6.771	2.232 (32,96%)
	TOTAL TRAMITADOS (SUMA DE ANTERIORES)	6.219	1.873	1.764	4.349	14.205	12.039	2.166 (17,99%)
	PENDENTES AO FINAL DO ANO	2.228	700	790	1.337	5.055	5.094	-39 (-0,77%)
TRAMITACIÓN	CUALIFICADOS ANTE XULGADO DO PENAL	3.228	920	884	2.297	7.329	5.488	1.841 (33,55%)
	CUALIFICADOS ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL	135	32	21	135	323	267	56 (20,97%)
	TOTAL CUALIFICADOS	3.363	952	905	2.432	7.652	5.755	1.897 (32,96%)
	SOBRESEMENTOS/ ARQUIVOS	338	93	59	268	758	554	204 (36,82%)
	TRANSFORMACIÓN NOUTROS PROCEDEMENTOS	68	24	10	61	163	129	34 (26,36%)



§ 2. ANÁLISE DE DATOS

■ PA tramitados e incoados

- *Datos totais de PA tramitados e incoados no período 2015-2019*



- *Datos de PA tramitados e incoados no ano 2019*

Conforme á estatística fiscal, consta a cifra total de 14.205 PA tramitados, cun apreciable aumento interanual de 2.166 (17,99%) e unha porcentaxe do 9,84% na cifra total de procedementos tramitados o mesmo ano nas provincias de Galicia (144.381). Por tal razón, é o terceiro tipo procedemental máis representativo cuantitativamente (despois de DP e do novo XDL).

O incremento apreciado deste ano, que destaca fronte ao descenso do ano anterior (1.980=-14,12%), é atribuíble á normalización do traballo tras a folga funcional dese ano 2018, que supuxo recuperar cifras similares ás de 2017.

- *Datos particulares da cifra total de PA tramitados (pendentes do ano anterior, incoados no ano e pendentes ao final do ano):*

- Pendentes ao inicio do ano: 4.866, cun descenso interanual de -107 (-2,15%).
- Reabertos: 336, cun aumento de 41 (13,90%).



- *Incoados* no ano: 9.003, cun elevado incremento de 2.232, equivalente a un terzo (32,96%). Este aumento resalta fronte ao descenso do ano precedente (-1.724=-20,29%) e parece atribuíble á normalización do traballo tras a mencionada folga, con recuperación de cifras semellantes, mesmo superiores, ás de 2017. A distribución por provincias da cantidade total é a seguinte: A Coruña, 3.943, cun aumento de 912 (30,09%) e unha porcentaxe do 43,80% do total; Lugo, 1.174 (296 =33,71%) e 13,04%; Ourense, 959 (266 =38,38%) e 10,65%; e Pontevedra, 2.927 (758 =34,97%) e 32,51%.

■ PA rematados e pendentes ao final do ano

Conforme a estatística fiscal, resultaría unha cantidade total de 8.573, cun aumento interanual de 2.135 (33,16%), que destaca fronte ao descenso de 2018, ano de folga funcional (-1.987=-23,58%). A pendencia final é de 5.055, cun lixeiro descenso de -39 (-0,77%), dato que difire do incremento do ano precedente (880=20,88%).

■ Referencia a PA cualificados

Foron obxecto de cualificación fiscal en 2019 un total de 7.652, cun apreciable aumento interanual dunha terceira parte (32,96%), cunha porcentaxe de algo máis da metade (53,86%) no total de tramitados (14.205). O mencionado incremento resalta fronte ao descenso do ano anterior, con impacto de folga funcional (-1.587=-21,61%). Distribúese a cifra total do seguinte xeito:

- a) cualificados ante o xulgado do penal: 7.239 (o 95,78%), cun elevado incremento de 1.841 (33,35%).
 - b) cualificados ante a audiencia provincial: 323 (4,22%), cun aumento de 56 (20,97%).
- Por provincias as cualificacións en PA distribúense así: A Coruña, 3.363 (o 43,95% do total); Lugo, 952 (12,44%); Ourense, 905 (11,83%); e Pontevedra, 2.432 (31,78%).



SECCIÓN 1.1.1.3.3.
DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (DU)

§ 1. EXPOSICIÓN DE DATOS


ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2019 DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (XUÍZOS RÁPIDOS POR DELITO) DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
VOLUME	PENDENTES INICIO ANO	30	20	36	32	118	139	-21 (-17,80%)
	INCOADAS DURANTE O ANO	3.445	619	1.043	3.771	8.878	8.284	594 (7,17%)
	REABERTAS	14	0	0	7	21	17	4 (23,53%)
	TOTAL TRAMITADAS (SUMA DE ANTERIORES)	3.489	639	1.079	3.810	9.017	8.440	577 (6,84%)
	PENDENTES FIN ANO	18	18	38	50	124	118	6 (5,08%)
DESTINO	SOBRESEMENTO/ ARQUIVO	238	39	56	344	677	466	211 (45,28%)
	TRANSFORMACIÓN EN DP	310	52	93	190	645	582	63 (10,82%)
	TRANSFORMACIÓN EN XDL	35	5	23	51	114	23	91 (395,65%)
	TOTAL TRANSFORMACIÓN	345	57	116	241	759	605	154 (25,45%)
	ACUMULACIÓN/ INHIBICIÓN	102	29	16	242	389	335	54 (16,12%)
	CUALIFICACIÓN	2.378	482	873	2.759	6.492	6.107	385 (6,30%)



§ 2. ANÁLISE DE DATOS

■ DU incoadas

- *Datos totais de DU incoadas no período 2015-2019*



- *Datos de DU tramitadas e incoadas o ano 2019*

□ *Datos xerais*

A estatística fiscal reflicte en 2019 un total de 9.017 DU tramitadas, cun lixeiro incremento interanual de 577 (6,84%) e unha porcentaxe do 6,24% na cifra total de procedementos tramitados o mesmo ano en Galicia (144.381). Por tal razón, é o cuarto tipo procedemental máis representativo cuantitativamente (despois de DP, XDL e PA).

□ *Datos particulares de cifra total de DU tramitadas*

- Pendentes ao inicio do ano: 118, cun descenso interanual de -21 (-17,80%)
- Reabertos: 21, cun aumento de 4 (23,53%).
- *Incoadas no ano*: 8.878, cun lixeiro incremento de 594 (7,17%) e a seguinte distribución por provincias:

A Coruña, 3.445, cun aumento de 396 (12,99%) e unha porcentaxe do 38,80% do total;

Lugo: 619, cun descenso de -4 (-0,64%) e unha porcentaxe do 6,97%

Ourense: 1.043, cun incremento de 45 (4,51%) e unha porcentaxe do 11,75%.

Pontevedra: 3.771 3.614, cun aumento de 157 (4,34%) e unha porcentaxe do 42,48%.



■ DU rematadas e pendentes ao final do ano

Conforme a estatística fiscal, resultaría unha cifra total de 8.317 DU finalizadas en 2019 (6.492 cualificadas e elevadas ao órgano axuzador, 759 transformadas e 389 acumuladas/inhibidas), cun aumento interanual de 804 (10,70%). En canto á pendencia final, consta un total de 124, cun incremento de 6 (5,08%).

■ Referencia a DU cualificadas

No ano 2019 foron obxecto de cualificación fiscal un total de 6.492, cun leve ascenso interanual de 385 (6,30%) e cunha porcentaxe de case tres cuartos (72,00%) do total de tramitadas (9.017). Distribución por provincias: A Coruña, 2.378 (o 36,63% do total); Lugo, 482 (7,42%); Ourense, 873 (13,45%); e Pontevedra, 2.759 (42,50%).

■ Referencia a datos demostrativos da grande eficacia das DU

Pode afirmarse que é o procedemento de maior eficacia, en termos de cualificación fiscal e terminación por sentenza, polas razóns observadas xa en memorias de anos anteriores, confirmadas con datos actualizados de 2019.

- Representan un elevado 38,45% do total (23.447) de procedementos tramitados con posibilidades reais de ser obxecto de cualificación fiscal (todos, menos DP, “filtro preliminar procedemental”, e XDL, sen trámite de cualificación fiscal escrita).
- Preto das tres cuartas partes (72,00%) das DU tramitadas (9.017) son obxecto de cualificación fiscal, nivel superior ao doutros procedementos (53,87% PA e 25,12% SU), só superado polo PX (77,27%)
- Case dous terzos (61,04%) das DU tramitadas son obxecto de sentenza condenatoria por conformidade (5.504).

A estatística fiscal non permite aínda cuantificar a incidencia que, en termos de axilización na resolución das DU, estea a ter a reforma do “proceso por aceptación de decreto” introducido pola Lei 41/2015 (novos arts. 803 bis a) e ss. da LACrim).



SECCIÓN 1.1.1.3.4. XUÍZO SOBRE DELITOS LEVES (XDL)

Indicacións previas (limitada intervención do MF nos XDL). Conforme á lexislación vixente e a Circular 1/2015 da FXE, o Ministerio Fiscal ten unha intervención limitada nos XDL (delitos públicos e parte dos semipúblicos). Por iso, é moi probable que non cheguen ás fiscalías todos os datos deste tipo procedemental e que os rexistrados como incoados sexan os únicos ingresados.

§ 1. EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2019 PROCEDEMENTOS POR DELITOS LEVES - DATOS XERAIS (PROVINCIAIS E DE GALICIA) (ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DE ESTADÍSTICA XUDICIAL)								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
VOLUME TRAMITADO	PENDENTES AO INICIO DO ANO	2.489	656	540	2.120	5.805	4.465	1.340 30,01%
	INCOADOS	6.591	1.974	1.607	8.495	18.667	17.114	1.553 (9,07%)
	REABERTOS	197	6	21	128	352	214	138 (64,49%)
	TOTAL TRAMITADOS	9.277	2.636	2.168	10.743	24.824	21.793	3.031 (13,91%)
	REMATADOS	6.761	2.054	1.665	9.019	19.499	15.829	3.670 (23,19%)
	PENDENTES AO FINAL DO ANO	2.516	582	503	1.723	5.325	5.964	-639 (-10,71%)
XUÍZOS	XUÍZOS SINALADOS	6.197	1.673	1.617	5.702	15.189 (100%)	13.806 (100%)	1.383 (10,02%)
	XUÍZOS CELEBRADOS	5.048	1.348	1.403	4.793	12.592 (82,90%)	9.723 (70,43%)	2.869 (29,51%)
	XUÍZOS SUSPENDIDOS	1.149	325	214	909	2.597 (17,10%)	4.083 (29,57%)	-1.486 (-36,39%)



**ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2019 -
 PROCEDIMIENTOS POR DELITOS LEVES - INTERVENCIÓN FISCAL
 DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA
 (ELABORACIÓN A PARTIR DE ESTADÍSTICAS FISCALÍAS PROVINCIAIS)**


	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
XUÍZOS INCOADOS (INGRESADOS EN FISCALÍA)	1.764	1.600	1.460	7.594	12.418	10.388	2.030 (19,54%)
XUÍZOS CELEBRADOS CON INTERVENCIÓN FISCAL	1.245	1.013	1.024	3.807	7.089	5.047	2.042 (40,46%)
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS	5.048	1.348	1.403	4.793	12.592 (100%)	9.723 (100%)	2.869 (29,51%)
% DE XUÍZOS CELEBRADOS CON INTERVENCIÓN FISCAL EN TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS	24,66%	75,15%	72,99%	79,43%	56,30%	51,91%	

§ 2. ANÁLISE DE DATOS

■ Xuízos sobre delitos leves (XDL incoados)

■ *Datos totais no período 2015-2019*

**EVOLUCIÓN DE XUÍZO DELITOS LEVES (XDL) - INCOADOS
 GALICIA - PERIODO 2015-2019**



■ *Datos do ano 2019*

□ *Datos xerais.* Conforme a estatística xudicial (PNX), como se recolle na táboa precedente, no ano 2019 foron incoados un total de 18.667 XDL, cun aumento interanual de 1.553, equivalente ao 9,07% (-7,40% no ano anterior) e unha porcentaxe do 17,13% no total de procedementos incoados por delito nos órganos xudiciais de Galicia no mesmo ano (108.964). Os datos por provincias son os seguintes: A Coruña, 6.591 (35,31% do total); Lugo, 1.974 (10,57%); Ourense, 1.607 (8,61%); e Pontevedra, 8.495 (45,51%).

□ *Valoración de datos.* En cambio, segundo a estatística das fiscalías provinciais esa cifra total de incoacións de XDL é de só 12.418, cun descenso interanual de 2.030, equivalente a 19,54% (-6.249=-33,48% respecto á xudicial) e coa seguinte distribución provincial: A Coruña, 1.764; Lugo, 1.600; Ourense, 1.460; e Pontevedra, 7.594. Comparando os números de ambas as dúas fontes estatísticas (18.667-12.418) resulta unha diferenza de -6.249 XDL (33,48%). Esta diferenza de datos pode explicarse polo feito de que, conforme a lexislación vixente e a Circular 1/2015 da FXE, o MF ten unha intervención limitada nos XDL (delitos públicos e parte dos semipúblicos). Por iso, moi probablemente non cheguen ás fiscalías todos os datos deste tipo procedemental. Partindo desta premisa, é moi probable que a intervención do MF na cifra total de XDL incoados en 2019 (18.667 segundo estatística xudicial) se limitase a eses 12.418 da estatística fiscal, equivalente ao 66,52% da totalidade.


Tal como deixamos comentado na memoria relativa ao ano 2018, antes da irrupción do novo tipo procedemental de XDL e a supresión do XF (reforma operada pola LO 1/2015), constaban incoados, segundo a estatística fiscal, un total de 47.530 XF, mentres que a cifra anual de incoacións do xa consolidado XDL se estabilizou desde 2016 en arredor de 17.000/18.000, concretamente 18.667 en 2019, o que supón menos da metade da cifra anual dos antigos XF (45,08% en 2016, 38,88% en 2017, 36,01% en 2018 e 39,27% en 2019%).

Resulta evidente que todo iso supuxo unha gran liberación de recursos, tanto para os órganos xudiciais como para as propias fiscalías, sen prexuízo de que agora, fronte aos ilícitos despenalizados (antigas faltas), poida acudirse á vía xudicial civil ou contencioso-administrativa, segundo os casos.



■ XDL celebrados con intervención do MF

■ *Datos totais no período 2015-2019*



■ *Datos do ano 2019*

□ *Datos xerais*

Segundo a estatística fiscal, no ano 2019 foron celebrados con intervención do MF un total de 7.089 XDL, cun elevado aumento interanual de 2.042 (40,46%) e unha porcentaxe de cerca da metade (47,05%) do total de xuízos celebrados en Galicia con intervención do MF (15.067).

□ *Valoración de datos.* Antes da referida reforma de 2015, segundo a estatística fiscal constaba unha cifra de 13.183 XF celebrados con intervención do MF. Agora, en 2019, a cifra de XDL celebrados con intervención fiscal (7.089) representa algo máis da metade (53,77%) daquela antiga cifra de XF (52,23% en 2017 e o 38,28% en 2018, ano de folga funcional). Estes datos evidencian a consolidación da liberación de recursos (para órganos xudiciais e fiscalías).

Na memoria anual relativa ao ano 2018 constamos a repercusión da folga funcional dese ano nos XDL (descenso interanual de -16,57% na cifra de xuízos sinalados celebrados, aumento do 64,84% de suspensións de xuízos e descenso de -16,90% nos xuízos celebrados con intervención do MF).

Pola súa banda, os datos de 2019 parecen evidenciar a superación do impacto negativo da referida folga. Así o demostra o aumento de 9,07% das incoacións, fronte ao descenso de -7,40% do ano anterior (segundo estatística xudicial), así como o elevado aumento de 40,46% da cifra de xuízos celebrados con intervención do MF.



SECCIÓN 1.1.1.3.5.
SUMARIOS (SU)

§ 1. EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2019 - SUMARIOS (PROCEDEMENTOS ORDINARIOS)								
DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
XULGADO	PENDENTES AO INICIO DO ANO	78	11	5	7	101	110	-9 (-8,18%)
	INCOADOS DURANTE O ANO	36	15	8	43	102	70	32 (45,71%)
	REABERTOS DURANTE O ANO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)
	TRAMITADOS (SUMA DOS ANTERIORES)	114	26	13	50	203	180	23 (12,78%)
	PENDENTES AO FINAL DO ANO	78	18	6	26	128	106	22 (20,75%)
	CONCLUSOS	18	6	7	12	43	38	5 (13,16%)
	TRANSFORMACIÓNS	0	0	0	5	5	2	3 (150%)
AUDIENCIA	CUALIFICACIÓNS	23	5	5	18	51	60	-9 (-15%)
	SOBRESEMENTOS/ ARQUIVOS	1	0	0	2	3	1	2 (200%)
	REVOGACIÓNS	0	1	0	1	2	1	1 (100%)
APLICACIÓN ART. 324 LACRIM EN SUMARIOS		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	
DECLARACIÓN DE COMPLEXIDADE		63	0	0	3	66	3	63
DECLARACIÓN DE PRAZO MÁXIMO		0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)




§ 2. ANÁLISE DE DATOS

■ Sumarios (SU) no xulgado de Instrución

■ SU tramitados e incoados

□ *Datos totais do período 2015-2019*



□ *Datos do ano 2019*

Datos xerais

Conforme a estatística fiscal, consta un total de 203 SU tramitados no xulgado de instrución, cun aumento interanual de 23 (12,78%) e unha porcentaxe do 0,15% na cifra total de procedementos tramitados o mesmo ano en Galicia (144.381).

Datos particulares de SU tramitados

- Pendentes ao inicio do ano: 101 cun descenso de -9 (-8,18%).
- Reabertos: 0, sen variación interanual.
- *Incoados no ano*: 102, cun elevado incremento de 32 (45,71%), que parece reflectir a superación da folga funcional do ano anterior; e a seguinte distribución por provincias: A Coruña, 36 (35,29%); Lugo, 15 (14,71%); Ourense, 8 (7,84%); e Pontevedra, 43 (42,16%).



■ **SU rematados (conclusos e transformacións).** Constan 43 terminacións por “conclusión” (incremento de 5 =13,16%) e 5 por “transformación” noutro procedemento (3 =-150%).

■ **Referencia á aplicación do art. 324 da LACrim (control duración instrución)**

A estatística fiscal reflicte un total de 66 “declaracións de complexidade” - 63 na Fiscalía Provincial da Coruña e 3 na de Pontevedra-; así como 0 como “declaración de prazo máximo”.

■ **Sumarios (SU) na audiencia provincial (procedementos ordinarios)**

■ **Cualificacións.** No ano 2019 foron obxecto de cualificación fiscal un total de 51 procedementos ordinarios (SU) na audiencia provincial, cun lixeiro descenso interanual de -9 (-15%) e unha porcentaxe do 25,12% respecto do total de tramitados no xulgado de instrución (203). Por provincias as cualificacións distribúense así: A Coruña, 23 (45,10%); Lugo e Ourense, 5 cada unha (9,80%); Pontevedra, 18 (35,30%).

■ **Terminacións.** Constan 3 sobresementos/arquivos (aumento de 2) e 2 revogacións (aumento de 1).



SECCIÓN 1.1.1.3.6.
 PROCEDEMENTO DO TRIBUNAL DO XURADO (PX)


§ 1. EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2019 - PROCEDEMENTOS DO TRIBUNAL DO XURADO DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
INCOACIÓNS	11	1	1	9	22	28	-6 (-21,43%)
SOBRESEMENTOS/ ARQUIVOS	2	1	0	3	6	4	2 (50%)
CUALIFICACIÓNS	10	2	0	5	17	24	-7 (-29,17%)
XUÍZOS	9	3	3	9	24	19	5 (26,32%)
CONFORMIDADES SEN XUÍZO	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)

§ 2. ANÁLISE DE DATOS

■ PX incoados

■ *Datos totais do período 2015-2019*



■ *Datos do ano 2109.* A estatística fiscal reflicte un total de 22 PX incoados, cun descenso interanual de -6 (-21,43%) e unha porcentaxe de só un 0,020% na cifra total de procedementos incoados o mesmo ano en Galicia (108.964).





■ **PX cualificados.** Consta en 2019 a cifra total de 17 cualificacións no ámbito do PX (na audiencia provincial), cun descenso interanual de -7 (-29,17%) e unha porcentaxe do 77,27% en relación co total de procedementos incoados. Distribución por provincias do número de cualificacións: A Coruña, 10 (58,82% do total); Lugo, 2 (11,77%); Ourense, 0 (0%); e Pontevedra, 5 (29,41%).


SECCIÓN 1.1.1.4.
 ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL

§ 1. DATOS TOTAIS DE CUALIFICACIÓNS FISCAIS

§ 1.1. EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA CUALIFICACIÓNS FISCAIS - DATOS TOTAIS DE GALICIA - ANOS 2015-2019				
ANO	TOTAL	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	PORCENTAXE (%)	
2015	12.696	-1.146 (-8,28%)	% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (215.701)	5,89%
			% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS INCOADOS (183.186)	6,93%
2016	13.923	1.227 (9,66%)	% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (158.695)	8,77%
			% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS INCOADOS (126.447)	11,01%
2017	13.561	-362 (-2,60%)	% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (136.751)	9,92%
			% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS INCOADOS (111.455)	12,17%
2018	11.946	-1.615 (-11,91%)	% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS INCOADOS (132.454)	9,02%
			% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (103.358)	11,56%
2019	14.212	2.266 (18,97%)	% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (144.381)	9,84%
			% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS INCOADOS (108.964)	13,04%
V.I. 2015-2019		1.516 (11,94%)		
MEDIA ANUAL 2015-2019	13.268		% cifra total procedementos tramitados (157.596)	8,42%

CUALIFICACIÓNS FISCAIS
 GALICIA PERÍODO 2015-2019



§ 1.2. ANÁLISE DE DATOS

■ **Datos totais do período 2015-2019.** Durante ese período apreciamos algunhas fluctuacións, debidas principalmente ás reformas legais de 2015 (Lei 1/2015 e LO 1/2015) e, tamén, ao impacto da folga funcional de 2018 en Galicia. A cifra media anual de cualificacións fiscais no ciclo é de algo máis de 13.000 (exactamente 13.268), cunha porcentaxe media de 9,84% na correlativa cifra media anual de procedementos tramitados (157.596). Superadas as referidas fluctuacións, parece que a cifra total de cualificacións tende a situarse arredor de 14.000 anuais. Entre o inicio e o final do período (12.696 e 14.212) apréciase un aumento acumulado de 1.516 (11,94%), en contraste co correlativo descenso de -33,06% dos procedementos tramitados. Isto evidencia que a liberación de recursos coas reformas legais de 2015 permitiu un incremento progresivo da actividade de cualificación do MF: 5,89% en 2015, 8,77% en 2016, 9,92% en 2017, 9,02% en 2018 e 9,84% en 2019%.

■ Datos totais de cualificacións fiscais no ano 2019

□ *Datos xerais.* Consta en 2019 un total de 14.212 cualificacións, cun apreciable aumento interanual de 2.266, equivalente a case unha quinta parte (18,97%), en contraste co descenso rexistrado en 2018 (-11,91%).

Esa cifra total equivale a unha alta porcentaxe do 9,84% na correlativa cifra bruta total de *procedementos tramitados* ese ano (144.381). Esta porcentaxe elévase mesmo a 11,89% se á cifra de procedementos tramitados lle restamos a cifra correlativa de XDL (24.824), que non teñen trámite de cualificación escrita, así como a máis da metade (60,61%) se adicionalmente restamos a cifra de tramitacións de DP (96.110), o habitual “filtro procedemental preliminar”.

En relación coa cifra bruta de *procedementos incoados* no ano (108.964) a porcentaxe de cualificacións sobe 13,04%. Porcentaxe que se eleva mesmo ata 15,71% se á cifra de procedementos incoados lle restamos tamén a cifra correlativa de XDL (18.667), así como a máis de tres cuartos (78,93%) se adicionalmente restamos tamén a cifra de incoacións de DP (72.292). A táboa seguinte recolle unha síntese dos datos expostos.

CUALIFICACIÓNS FISCAIS - GALICIA 2019					
PORCENTAXES DA CIFRA DE CUALIFICACIÓNS					
EN RELACIÓN COAS CIFRAS DE PROCEDEMENTOS (TRAMITADOS E INCOADOS)					
TOTAL CUALIFICACIÓNS	14.212	% CUALIFICACIÓNS/ PROCEDEMENTOS	TOTAL CUALIFICACIÓNS	14.212	% CUALIFICACIÓNS/ PROCEDEMENTOS
TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (PT)	144.381	9,84%	TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (PI)	108.964	13,04%
PT SEN XDL	119.557	11,89%	PI SEN XDL	90.297	15,74%
PT SEN XDL NIN DP	23.447	60,61%	PI SEN XDL NIN DP	18.005	78,93%



A referida ratio de 9,84% é bastante próxima á de 13,83% que a cifra total de sentenzas da estatística fiscal de 2019 (19.976) ten en relación coa cifra total de procedementos tramitados (144.381), aínda que hai que ter en conta que as sentenzas se ditan en procedementos con cualificacións efectuadas ben no mesmo ano ou en anteriores (polo que non necesariamente teñen que coincidir as cifras de cualificacións e sentenzas dun mesmo ano).

Se á indicada cifra total de cualificacións lle sumamos 812 *escritos de alegacións formulados no proceso de menores* polo MF en 2019, obteremos unha *cifra conxunta de 15.024 cualificacións fiscais* nesa anualidade, cun destacable incremento interanual total de 2.429, equivalente a case un quinto (19,29%), que contrasta co descenso do ano anterior (-10,88%), atribuíble ao impacto da folga funcional. Os escritos de alegacións referidos terían un peso de só 5,40% na cifra conxunta mencionada.

□ *Valoración de datos.* Tras as referidas reformas legais de 2015, a cifra total tendía a estabilizarse arredor de 13.500/14.000 cualificacións. O cambio de dinámica propiciou un gran descenso nas cifras de incoación e tramitación de procedementos (sobre todo, DP), coa conseguinte liberación de recursos e a posibilidade de incrementar a actividade xudicial e fiscal (particularmente, cualificacións fiscais e asistencia a xuízos).

Pero en 2018 produciuse un descenso de -1.615 (-11,91%), atribuíble ao impacto da folga funcional dese ano. Finalmente, en 2019 produciuse un incremento de 2.266, case unha quinta parte (18,97%), en contraste co descenso citado do ano anterior. A suma de ambas as dúas variacións interanuais supón unha diferenza de 3.881 cualificacións e unha elevada porcentaxe de máis dunha cuarta parte (28,62%) respecto da cifra do ano 2017 (13.561). Estas variacións á alza son atribuíbles moi probablemente á normalización do traballo tras a folga funcional de 2018, posto que se recuperan e incluso se superan as cifras de 2017.




§ 2. DATOS PARTICULARES DE CUALIFICACIÓNS FISCAIS POR TIPO DE PROCEDEMENTO

■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA CUALIFICACIÓNS FISCAIS - DATOS PARTICULARES POR PROCEDEMENTOS ANOS 2015-2019							
ANO	DU	PA			SU	PX	TOTAL
		PA-XP	PA-AP	PA-Total			
2015	5.791	6.556	269	6.825	67	13	12.696
2016	6.009	7.514	321	7.835	66	13	13.923
2017	6.129	7.036	306	7.342	72	18	13.561
2018	6.107	5.488	267	5.755	60	24	11.946
2019	6.492	7.329	323	7.652	51	17	14.212
V.I.	385 (6,30%)	1.841 (33,55%)	56 (20,97%)	1.897 (32,96%)	-9 (-15%)	-7 (-29,17%)	2.226 (18,97%)
% NA CIFRA TOTAL DE GALICIA	45,68%	51,57%	2,27%	53,84%	0,36%	0,12%	100%
% EN PROCEDEMENTOS TRAMITADOS	72,00% (de 9.017)						
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2015-2019	6.106	6.785	297,2	7.082	63,2	17	13.267,60

CUALIFICACIÓNS FISCAIS- GALICIA 2019 DATOS PARTICULARES POR TIPOS PROCEDEMENTAIS



■ **Análise de datos.** Por procedementos, a cifra total de 14.212 cualificacións en 2019 distribúese así:

1º. Dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU): 6.492 cualificacións, cun lixeiro aumento interanual de 385 (6,30%), e unha porcentaxe algo inferior á metade (45,68%) na cifra total, así como de 72,00% na cifra correlativa de procedementos de DU tramitados (9.017).

Este leve incremento nas DU, inferior ao rexistrado na cifra total de cualificacións (18,97%), demostra a menor repercusión da folga funcional de 2018 neste tipo procedemental de tramitación preferente.

Gran mostra da grande eficacia das DU é que, segundo o dito, a cifra de 6.492 cualificacións deste procedemento, equivale a *case tres cuartos (72,00%) da cifra correlativa de procedementos tramitados* (9.017), porcentaxe moi superior aos doutros tipos procedementais (PA e SU, con 53,87% e 25,12%, respectivamente), só superado polo PX (77,27%). Estes datos e outros significativos detállanse na seguinte táboa.

QUALIFICACIÓNS FISCAIS - GALICIA 2019					
PORCENTAXES DA CIFRA DE QUALIFICACIÓNS EN DILIXENCIAS URXENTES (DU) EN RELACIÓN CON CIFRAS DE PROCEDEMENTOS (TRAMITADOS E INCOADOS)					
TOTAL QUALIFICACIÓNS	6.492	% QUALIFICACIÓNS/ PROCEDEMENTOS	TOTAL QUALIFICACIÓNS	6.492	% QUALIFICACIÓNS/ PROCEDEMENTOS
TOTAL DU TRAMITADAS	9.017	72,00%	TOTAL DU INCOADAS	8.878	73,12%
TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (PT)	144.381	4,50%	TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (PI)	108.964	5,96%
PT SEN XDL	119.557	5,43%	PI SEN XDL	90.297	7,19%
PT SEN XDL NIN DP	23.447	27,69%	PI SEN XDL NIN DP	18.005	36,06%

2º. Procedemento abreviado (PA) no Xulgado de Instrución: 7.652 cualificacións, cun elevado aumento interanual de 1.987, equivalente a case un terzo (32,96%), e unha porcentaxe de algo máis da metade (53,84%) na cifra total de cualificacións, así como de 53,89% na cifra correlativa de procedementos de PA tramitados (14.205).

O referido incremento destaca fronte ao descenso do ano anterior (-1.587=21,16%), cun marcado descenso interanual de -1.587, equivalente a máis dun quinto (-21,61%). A suma de ambas as dúas variacións interanuais supón unha diferenza de 3.574 cualificacións e unha notable porcentaxe de case a metade (48,68%) respecto da cifra do ano 2017 (7.342). Entendemos que estas flutuacións á alza moi probablemente se deben á normalización e recuperación do traballo tras a folga funcional de 2018, xa que se alcanza unha cifra similar, mesmo superior, á de 2017.



Estas últimas e destacadas variacións súmanse á rexistrada en 2016. Entón producírase un elevado aumento do 14,80% nas cualificacións de PA, debido á maior repercusión que tivo nel a aplicación do novo art. 284 da LACrim, reformado pola Lei 41/2015 (descenso de incoacións nas DP e liberación de recursos que aumentaron a actividade en PA).

Superadas as referidas oscilacións (por reforma legal e folga funcional), parece que a cifra anual tende a situarse ao redor de 7.700/7.800 cualificacións anuais en PA.

A cifra de cualificacións nos PA divídese en dúas cifras concretas:

- 7.239 (95,78%) cualificacións ante o xulgado do penal (XP), cun elevado aumento interanual de 1.841, equivalente a un terzo (33,35%) e unha porcentaxe de máis da metade (51,57%) do total de cualificacións (14.212). O aumento deste ano destaca fronte ao descenso do ano pasado (-1.548 (-22%).

- 323 (4,22%) cualificacións ante a audiencia provincial (AP), cun apreciable incremento de 56 (20,97%) e unha porcentaxe do 2,27% na cifra total. O aumento referido destaca en relación co descenso do ano anterior (-39=-12,74%).

3º. Sumarios (procedementos ordinarios) (SU): 51 cualificacións, cun descenso de -9 (-15%) e unha porcentaxe de só un 0,36% do total, así como de 25,12% na cifra correlativa de procedementos tramitados (203).

4º. Procedementos do Tribunal do Xurado (PX): 17 cualificacións, cun descenso de -7 (-29,17%) e unha porcentaxe de só un 0,12% na cifra total, así como de 77,27% da cifra correlativa de procedementos tramitados (22).



§ 3. DATOS PARTICULARES DE CUALIFICACIÓNS FISCAIS POR PROVINCIAS

■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA					
CUALIFICACIÓNS FISCAIS - DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS - ANOS 2015-2019					
ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2015	4.629	1.420	1.692	4.955	12.696
2016	5.741	1.543	1.617	5.022	13.923
2017	5.420	1.475	1.672	4.994	13.561
2018	4.654	1.287	1.445	4.560	11.946
2019	5.774	1.441	1.783	5.214	14.212
V.I.	1.120 (24,07%)	154 (11,97%)	338 (23,39%)	654 (14,34%)	2.226 (18,97%)
% NA CIFRA TOTAL DE GALICIA	40,63%	10,14%	12,54%	36,69%	100%
% EN PROCEDEMENTOS TRAMITADOS NA PROVINCIA (SEN COMPUTAR XDL)*	11,91% (de 48.493)	8,72% (de 16.520)	13,51% (de 13.198)	9,13% (de 57.123)	11,89% (de 119.557)
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2019	5.244	1.433	1.642	4.949	13.267,60

■ Análise de datos

1º) A Coruña: 5.774, cun aumento interanual de 1.120 (24,07%) e unha porcentaxe do 40,63% no total de Galicia (14.212). Así mesmo, unha porcentaxe do 11,91% na cifra total de procedementos tramitados na provincia, sen contabilizar os XDL —en diante, CTPT sen XDL— (48.493). A cifra media anual durante o período 2015-2019 é de 5.244 cualificacións. É a provincia con maior número de cualificacións en termos absolutos e en relación coa cantidade total de Galicia. Distribución de cualificacións nesta provincia, por tipos procedementais: PA, 2.378; DU, 3.363; SU, 23; e PX, 10.

2º) Pontevedra: 5.214, cun incremento de 654 (14,34%) e unha porcentaxe do 36,69% no total de Galicia; así como de 9,13% CTPT sen XDL (57.123). No período 2015-2019 a cifra media anual foi de 4.949 cualificacións. Distribución por tipos procedementais: PA, 2.432; DU, 2.759; SU, 18; e PX, 5.

3º) Ourense: 1.783, cun aumento de 338 (23,39%) e unha porcentaxe do 12,54% na cifra total de Galicia, así como de 13,51% en CTPT sen XDL (13.198). Ten unha cifra media anual de 1.642 cualificacións no período 2015-2019. Distribución por tipos procedementais: PA, 905; DU, 873; SU, 5; e PX, 0.

4º) Lugo: 1.441, cun lixeiro aumento de 154 (11,97%) e unha porcentaxe do 10,14% na cifra total de Galicia, así como do 8,72% en CTPT sen XDL (16.520). No período 2015-2019 rexistrouse unha cifra media anual de 1.433 cualificacións. Distribución por tipos procedementais: PA, 952; DU, 482; SU, 5; e PX, 2.



SECCIÓN 1.1.1.5. MEDIDAS CAUTELARES. SOLICITUDES DE PRISIÓN

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA SOLICITUDES DE PRISIÓN E MEDIDAS CAUTELARES DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
PETICIÓN FISCAL DE PRISIÓN SEN FIANZA	ACORDADA POR ÓRGANO XUDICIAL	557	557	557	557	557	601	-44 (-7,32%)
	NON ACORDADA	45	45	45	45	45	45	0 (0%)
PETICIÓN FISCAL DE PRISIÓN CON FIANZA	ACORDADA POR ÓRGANO XUDICIAL	1	1	1	1	1	12	-11
	NON ACORDADA	2	2	2	2	2	3	-1 (-33%)
PETICIÓN FISCAL DE LIBERDADE	ACORDADA POR ÓRGANO XUDICIAL	409	409	409	409	409	405	4 (0,99%)
	NON ACORDADA	17	17	17	17	17	29	-12 (41,38%)
TOTAL SOLICITUDES DE FISCAL (PRISIÓN/ LIBERDADE)	ACORDADAS POR ÓRGANO XUDICIAL	336	52	63	516	967	1.018	-51 (-5,01%)
	NON ACORDADAS	19	3	10	32	64	77	-13 (-16,88%)
	TOTAL SOLICITUDES (ACORDADAS E NON ACORDADAS)	355	55	73	548	1.031	1.095	-64 (-5,84%)

Análise de datos

- Datos xerais de peticións.** Segundo a estatística fiscal de 2019, houbo en Galicia un total de 1.031 solicitudes do Fiscal relativas á situación persoal (prisión/liberdade provisional) de inculcados, cun lixeiro descenso interanual de -64 (-5,84%), das que 93,79% foron acordadas polo órgano xudicial.
- Datos particulares de peticións de prisión (con ou sen fianza).** Estas peticións sumaron unha cifra de 605, cun descenso de -56 (-8,47%) e unha porcentaxe do 58,68% respecto do total de peticións (1.031). A maior parte foron peticións de prisión sen fianza, concretamente 557,



cun leve descenso interanual de -44 (-7,32%) e unha porcentaxe do 92,61%, e foron case todas acordadas polo órgano xudicial (o 92,07%).

Pola súa banda, as peticións de prisión sen fianza foron só 3, e só 1 foi acordada.

■ *Datos xerais de peticións de liberdade.* Foron 426, cun lixeiro descenso de -8 (-1,84%) e unha porcentaxe do 41,32% do total de peticións (1.031). Case todas, concretamente 409 (96,01%) foron acordadas polo órgano xudicial.

SECCIÓN 1.1.1.6. XUÍZOS

■ Exposición de datos

■ Datos xerais de xuízos

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA XUÍZOS (POR DELITO) CON INTERVENCIÓN FISCAL - DATOS TOTAIS DE GALICIA					
		GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.	% 2019
ANTE XULGADOS DE INSTRUCCIÓN (EN XUÍZO DELITOS LEVES, INCLÚIDOS XULGADOS VSMX)	CELEBRADOS	12.592	9.723	2.869 (29,51%)	61,22%
	SUSPENDIDOS	2.597	4.083	-1.486 (-36,39%)	
	TOTAL SINALADOS	15.189	13.806	-1.383 (-10,02%)	
ANTE XULGADOS DO PENAL (EN PÁX. ABREVIADO, D. URXENTES E X. RÁPIDO)	CELEBRADOS	7.515	6.216	1.299 (20,90%)	36,53%
	SUSPENDIDOS	3.523	4.030	-507 (-12,58%)	
	TOTAL SINALADOS	11.038	10.246	792 (7,73%)	
ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL (EN PROCEDIMENTOS ABREVIADO, ORDINARIO, SUMARIO E XURADO)	CELEBRADOS	463	402	61 (15,17%)	2,25%
	SUSPENDIDOS	216	249	-33 (-13,25%)	
	TOTAL SINALADOS	679	651	28 (4,30%)	
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS		20.570	16.341	4.229 (25,88%)	100%
TOTAL XUÍZOS SUSPENDIDOS		6.336	8.632	-2.296 (-26,60%)	
TOTAL XUÍZOS SINALADOS		26.906	24.703	2.203 (8,92%)	



■ Datos particulares de xuízos celebrados con intervención de MF

□ Resumen de xuízos celebrados con intervención de MF

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA XUÍZOS (POR DELITO) CON INTERVENCIÓN FISCAL RESUMO DE TOTAIS DE GALICIA (DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE ESTADÍSTICA XUDICIAL E ESTADÍSTICA FISCAL)				
	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.	% 2019
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS	20.570	16.341	4.229 (25,88%)	100%
CELEBRADOS CON INTERVENCIÓN MF	15.067	11.665	3.402 (29,16%)	73,25%
TOTAL XUÍZOS SUSPENDIDOS	6.336	8.632	-2.296 (-26,60%)	100%
SUSPENDIDOS CON INTERVENCIÓN MF	5.171	5.289	-108 (-2,04%)	81,77%
TOTAL XUÍZOS SINALADOS	26.906	24.703	2.203 (8,92%)	100%
SINALADOS CON INTERVENCIÓN MF	20.238	16.954	3.294 (19,43%)	75,25%

□ Detalle de xuízos celebrados con intervención do MF

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA - XUÍZOS (POR DELITO) CON INTERVENCIÓN FISCAL DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA (DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE ESTADÍSTICAS ANUAIS DE FISCALÍAS PROVINCIAIS)					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
ANTE XULGADOS INSTRUCCIÓN EN XUÍZO DELITOS LEVES	CELEBRADOS	1.245	1.013	1.024	3.807
	SUSPENDIDOS	36	229	143	1.034
TOTAL SINALADOS (CON INTERVENCIÓN DO MF)		1.281	1.242	1.167	4.841
ANTE XULGADOS PENAL EN P. ABREVIADO E D. URXENTES	CELEBRADOS	3.356	900	928	2.331
	SUSPENDIDOS	1.711	452	277	1.083
TOTAL SINALADOS (CON INTERVENCIÓN DO MF)		5.067	1.352	1.205	3.414
ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL EN P. ABREVIADO, SUMARIO E XURADO	CELEBRADOS	158	49	37	219
	SUSPENDIDOS	80	18	18	100
TOTAL SINALADOS (CON INTERVENCIÓN DO MF)		238	67	55	319
ANTE TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA	CELEBRADOS				
	SUSPENDIDOS				
TOTAL SINALADOS (CON INTERVENCIÓN DO MF)					
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS		4.759	1.962	1.989	6.357
TOTAL XUÍZOS SUSPENDIDOS		1.827	699	438	2.217
TOTAL XUÍZOS SINALADOS (CON INTEVENCIÓN DO MF)		6.586	2.661	2.427	8.574

Continúa na páxina seguinte



GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.	% 2019		
7.089	5.047	2.042 (40,60%)	47,05%	ANTE XULGADOS INSTRUCIÓN EN XUIZO DELITOS LEVES	CELEBRADOS
1.442	1.010	432 (42,77%)			SUSPENDIDOS
8.531	6.057	2.474 (40,84%)		TOTAL SINALADOS (CON INTERVENCIÓN DO MF)	
7.515	6.216	1.299 (20,90%)	49,88%	ANTE XULGADOS PENAL EN P. ABREVIADO E D. URXENTES	CELEBRADOS
3.523	4.030	-507 (-12,58%)			SUSPENDIDOS
11.038	10.246	792 (7,73%)		TOTAL SINALADOS (CON INTERVENCIÓN DO MF)	
463	402	61 (15,17%)	3,07%	ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL EN P. ABREVIADO, SUMARIO E XURADO	CELEBRADOS
216	249	-33 (-13,25%)			SUSPENDIDOS
679	651	28 (4,30%)		TOTAL SINALADOS (CON INTERVENCIÓN DO MF)	
0	0			ANTE TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA	CELEBRADOS
0	0				SUSPENDIDOS
0	0			TOTAL SINALADOS (CON INTERVENCIÓN DO MF)	
15.067	11.665	3.402 (29,16%)	100%	TOTAL XUIZOS CELEBRADOS	
5.181	5.289	-108 (-2,04%)		TOTAL XUIZOS SUSPENDIDOS	
20.248	16.954	3.294 (19,43%)		TOTAL XUIZOS SINALADOS (CON INTEVENCIÓN DO MF)	

■ Análise de datos

■ *Datos xerais.* Conforme a estatística fiscal, en 2019 a cifra total de xuízos penais celebrados (por delito) coa intervención do MF situouse en 15.067, cun elevado aumento interanual de 3.402 (29,16%), que contrasta co destacado descenso do ano anterior (-27,11%).

■ *Valoración.* Tras as reformas legais de 2015 (Lei 41/2015 e LO 1/2015), a cifra total de xuízos celebrados coa intervención do MF tendía a normalizarse e asentarse ao redor de 15.000/16.000. (Tales reformas supuxeran un gran descenso nas cifras de incoación e tramitación de procedementos —sobre todo DP— coa conseguinte liberación de recursos para posibilitar o aumento da actividade xudicial e fiscal (particularmente, cualificacións fiscais e asistencia a xuízos).

Malia esa tendencia, en 2018 rexistrárase un gran descenso de -27,11%, moi probablemente atribuíble á repercusión da folga funcional en Galicia entre febreiro e maio dese ano. Ese dato de 2018 contrastaba cos aumentos dos anos precedentes (50,89% en 2016, case a metade pola emerxencia do novo XDL; e 0,83% en 2017).



Finalmente, *en 2019 hai sinais de recuperación da normalidade tras o impacto da folga de 2018*. Así o demostra o elevado aumento interanual de 3.402 xuízos celebrados (29,16%) e o descenso das suspensións (-2,04%), o que se traduciu en tres cuartas partes (74,41%) de xuízos celebrados respecto dos sinalados (15.067 de 20.248), fronte ás dúas terceiras partes (68,80%) do ano anterior (11.665 de 16.954).

□ *Datos particulares por tipo de órganos xudiciais*. A cifra total de 15.067 xuízos celebrados en 2019 con intervención do MF distribúese da seguinte forma:

□ *Xuízos celebrados nos xulgados de instrución (XDL)*: 7.089, cun elevado aumento interanual de 2.042 (40,60%) e unha porcentaxe do 47,05% da referida totalidade. Parece que tende a superarse o impacto da folga de 2018, dado que a pesar do incremento das suspensións nun 42,77% se lograron celebrar o 83,10% dos xuízos sinalados (7.089 de 8.531 sinalados).

□ *Xuízos celebrados nos xulgados do penal (PA e DU)*: 7.515, cun incremento de 1.299 (20,90%) e unha porcentaxe de case a metade (49,88%) na cifra total (15.067). Nestes xulgados apréciase aínda máis a normalización posterior á folga, dado que xunto co mencionado incremento das celebracións se produciu un descenso das suspensións (-12,58%), e puideron celebrarse o 68,08% dos xuízos sinalados (7.515 de 11.038), porcentaxe superior á do pasado ano (60,67%).

□ *Xuízos celebrados nas audiencias provinciais (PA, SU e PX)*: 463, cun aumento interanual de 61 (15,17%) e unha exigua porcentaxe do 3,07% no total de xuízos celebrados en 2019 en Galicia con intervención do MF (15.067). Tamén se aprecia nestes órganos xudiciais colexiados a normalización posterior á folga, xa que xunto co referido incremento das celebracións rexistrouse un descenso das suspensións (-13,25%); e puideron celebrarse o 68,19% dos xuízos sinalados (463 de 679), porcentaxe superior á do pasado ano (61,75%).



SECCIÓN 1.1.1.7.

SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL (XP) E DAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS (AP)

Facemos aquí un repaso dos datos de sentenzas segundo a estatística das fiscalías territoriais de Galicia correspondente ao ano 2019.

§ 1. DATOS TOTAIS DE SENTENZAS (POR DELITO)

§ 1.1. EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA SENTENZAS POR DELITO - DATOS TOTAIS GALICIA - PERÍODO ANOS 2015-2019				
ANO	TOTAL SENTENZAS	TOTAL SENTENZAS ABSOLUTORIAS	TOTAL SENTENZAS CONDENATORIAS	SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
2015	15.646	2.620	13.026	9.051
2016	20.115	5.009	15.106	9.278
2017	20.798	4.920	15.878	9.560
2018	17.035	3.865	13.170	8.434
2019	19.976	4.920	15.056	9.340
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	2.941 (17,26%)	1.055 (27,30%)	1.886 (14,32%)	906 (10,74%)
% NA CIFRA TOTAL SENTENZAS	100%	24,63%	75,37%	46,76%
% NA CIFRA DE SENTENZAS CONDENATORIAS			100%	62,04%
% NA CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (144.381)	13,84%%	3,41%%	10,43%	6,47%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2015-2019	18.714	4.267	14.447	9.133
% NA CIFRA MEDIA PROCEDEMENTOS TRAMITADOS EN PERÍODO 2015-2019 (157.596)	11,87%	2,71%	9,17%	5,80%



SENTENZAS (POR DELITO) GALICIA 2019 - DATOS GLOBAIS

TOTAL SENTENZAS	19.976
ABSOLUTORIAS	4.920
CONDENATORIAS	15.056
CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE	9.340

§ 1.2. ANÁLISE DE DATOS

■ Datos totais de sentenzas no período 2015-2019

A cifra total media anual nese ciclo é de 18.714 sentenzas, cunha porcentaxe media anual de 11,87% na cifra media anual equivalente de procedementos tramitados (157.596). A cifra media anual de sentenzas absolutórias é de 4.267 (22,80% do total), 14.447 (77,20%) as condenatorias e 9.133 (48,80%) as condenatorias por conformidade do acusado.

Entre o inicio e o final de período apréciase un aumento de 4.330 (27,67%), atribuíble á emerxencia das sentenzas dos novos XDL polas reformas legais de 2015. Sen contar os datos dese novo procedemento (6.722 en 2019), a diferenza sería dun descenso de -2.392 (-15,29%).

Salientable é o descenso interanual de case unha cuarta parte (18,09%) en 2018, atribuíble ao impacto dunha folga funcional, con posterior recuperación en 2019, onde, como veremos, se produciu un aumento do 17,26%.

■ Datos totais de sentenzas en ano 2019

- *Datos xerais.* A teor da estatística fiscal, consta en 2019 a cifra total de 19.976 sentenzas por delito, cun apreciable aumento interanual de 2.941, equivalente a un 17,26%, e cunha porcentaxe do 13,84% na cifra total de procedementos tramitados este ano (144.381), próximo ao equivalente de 11,89% das cualificacións respecto dos procedementos tramitados (sen contabilizar os XDL).

Segundo a mesma fonte fiscal, resulta unha correcta *ratio de 1,13 delito/sentenza condenatoria* (mínimo de 1 delito/sentenza), dado que consta un total de 16.951 delitos asociados a un total de 15.056 sentenzas condenatorias. Pero como non constan na estatística fiscal os delitos asociados a sentenzas condenatorias no XDL (son 3.204 en



2019) a *ratio* referida resultaría mesmo superior, ao redor de 1,34 (20.155 delitos/15.056 sentenzas condenatorias).

■ *Valoración de datos.* De forma semellante ao acontecido coas cualificacións fiscais e os xuízos celebrados con asistencia do Fiscal, as reformas legais de 2015 (Lei 41/2015 e LO 1/2015) parecen ter repercutido nas sentenzas ditadas, pola liberación de recursos lograda, con tendencia a se estabilizar ao redor de 20.000.

Malia esta tendencia, observamos en 2019 o referido incremento de 17,26%, que contrasta co descenso de -18,09% rexistrado no ano anterior, marcado polo impacto da folga funcional na Xustiza de Galicia. Estes datos acreditan unha máis que probable recuperación e normalización tras a referida folga.

§ 2. DATOS PARTICULARES DE SENTENZAS POR PROVINCIAS

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - SENTENZAS POR DELITO GALICIA 2019 - DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS			
PROVINCIA	CIFRA SENTENZAS	V.I.	PORCENTAXE (%)
A CORUÑA	6.444	1.047 (19,40%)	32,26%
LUGO	2.273	324 (16,62%)	11,38%
OURENSE	2.685	184 (7,36%)	13,44%
PONTEVEDRA	8.574	1.386 (19,28%)	42,92%
TOTAL GALICIA	19.976	2.941 (17,26%)	100%

§ 3. DATOS PARTICULARES DE SENTENZAS POR SENTIDO DO PRONUNCIAMENTO

■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA SENTENZAS POR DELITO GALICIA 2019 - DATOS PARTICULARES POR SENTIDO DO PRONUNCIAMENTO				
SENTENZAS	PRONUNCIAMENTO	CIFRA SENTENZAS	V.I.	%
ABSOLUTORIAS	Conforme fiscal	263		
	Desconforme fiscal	938		
	Absolutorias en XDL	2.664		
	Total absolutorias	3.865	-1.055 (-21,44%)	22,69%
CONDENATORIAS	Conforme fiscal	8.434	-78 (-1,48%)	56,12%
	por conformidade acusado (5.504 en DU X. Instrución)			
	Conforme fiscal sen conformidade acusado	860		
	Desconforme fiscal	1.233		
Total condenatorias	13.170		77,31%	
TOTAL GALICIA	19.976		2.941 (17,26%)	100%



■ Análise de datos

■ Sentenzas absolutorias (STA)

Cifra total. Consta en 2019 a cifra total de 4.920, cun apreciable aumento interanual de 1.055 (27,30%) e unha porcentaxe de 1/4 (24,63%) na cifra total de sentenzas (19.976). Ese incremento destaca fronte ao descenso do ano anterior (-1.055=-21,44%). A suma de ambas as dúas variacións interanuais supón unha diferenza de 2.110 sentenzas e unha elevada porcentaxe do 42,89% respecto da cifra do ano 2017 (4.920, tamén). Estas variacións á alza débense moi probablemente á normalización do traballo tras a folga funcional de 2018, posto que se recuperan as cifras de 2017.

■ *Distribución da cifra total*

- *STA conforme con Fiscal:* 341 (325 en XP e 16 en AP).
- *STA desconforme con Fiscal:* 1.061 (1.004 en XP e 57 en AP).
- *STA en XDL:* 3.518, cun aumento de 854 (32,06%), sen que conste distinción entre conformidade ou desconformidade con Fiscal.

■ Sentenzas condenatorias (STC). Especial referencia a condenatorias por conformidade do acusado (STC-CA)

- *Cifra total.* Figura en 2019 a cifra total de 15.056, cun incremento interanual de 1.886 (14,32%) e unha porcentaxe de tres cuartos (75,37%) do total de sentenzas ditadas (19.976).

Destaca aquí tamén ese aumento fronte ao descenso do ano anterior (-1.126=-11,78%). A suma de ambas as dúas variacións interanuais supón unha diferenza de 3.012 sentenzas e unha porcentaxe do 18,97% respecto da cifra de 2017 (15.878). Estas oscilacións son igualmente atribuíbles á normalización do traballo tras a referida folga, pois recupérase unha cifra bastante próxima á mencionada de 2017.

□ *Distribución da cifra total*

- *Sentenzas condenatorias por conformidade do acusado coa acusación fiscal (STC-CA):* 9.340, cun aumento interanual de 906 (10,74%) e unha porcentaxe de case dous terzos (62,04%) das STC (15.056), así como de cerca da metade (46,76%) do total de ST ditadas (19.976). A maior parte desta modalidade de STC (58,93%) corresponde ás 5.504 ditadas en DU do xulgado de instrución, que examinamos a seguir. O resto son 3.672 en XP e 164 en AP.
- *Sentenzas condenatorias conformes co Fiscal, pero sen conformidade do acusado (STCF-SCA):* 1.048 (188 =21,86%), distribuídas entre 945 en XP e 103 en AP.
- *Sentenzas condenatorias desconformes co Fiscal (STC-DF):* 1.233 (-263=-17,58%), distribuídas entre 1.126 en XP e 107 en AP.



§ 4. DATOS PARTICULARES DE SENTENZAS POR ÓRGANO XUDICIAL SENTENCIADOR

■ Resumo xeral

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA - SENTENZAS POR DELITO - GALICIA 2019 DATOS PARTICULARES POR ÓRGANO XUDICIAL SENTENCIADOR - RESUMO XERAL			
PROVINCIA	CIFRA SENTENZAS	V.I.	%
XULGADOS DE INSTRUCCIÓN	12.226 (5.504 sentenzas en DU, condenatorias con conformidade acusado)	1.718 (16,35%)	61,20%
XULGADOS DO PENAL	7.316	1.184 (19,31%)	36,63%
AUDIENCIAS PROVINCIAIS	434	39 (9,87%)	2,17%
TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA	0	0	0%
TOTAL GALICIA	19.976	2.941 (17,26%)	100%

A maior parte das sentenzas, concretamente 12.226, cunha porcentaxe de preto de dous terzos (61,20% do total) foron ditadas nos xulgados de instrución; máis dun terzo (36,63%) nos xulgados do penal, e un exíguo 2,17% nas audiencias provinciais. En todo caso, confirmase que, tras a reforma legal en 2015 de XDL, máis da metade das sentenzas por delito son ditadas nos xulgados de instrución.

Datos salientables son os relativos ás *sentenzas condenatorias por conformidade do acusado (STC-CA)* ditadas neses órganos xudiciais. Nos xulgados de instrución constan 5.504, cunha destacada porcentaxe do 42% de todas as ditadas nese órgano (12.226). En canto aos XP, figuran 3.672 destas sentenzas, cunha elevada porcentaxe da metade (50.19%) da cifra total (7.316). Menor, pero tamén significativo, foi o resultado de 164 ditadas na audiencia provincial, cunha porcentaxe de máis dun terzo (37,79%) do total (434).

■ Sentenzas ditadas nos xulgados de instrución (XDL e DU)

■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA SENTENZAS DITADAS POR XULGADOS DE INSTRUCCIÓN (1): EN XUÍZOS POR DELITOS LEVES (XDL) DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
CONDENATORIAS	785	311	406	1.702	3.204	2.643	561 (21,23%)
ABSOLUTORIAS	418	640	572	1.888	3.518	2.664	854 (32,06%)
TOTAL SENTENZAS	1.203	951	978	3.590	6.722	5.307	1.415 (26,66%)
% NA CIFRA TOTAL SENTENZAS (19.976)					33,65%		
RECURSOS DO FISCAL	11	7	6	19	43	25	-29 (-53,70%)



ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA SENTENZAS DITADAS POR XULGADOS DE INSTRUCCIÓN (2): SENTENZAS (CONDENATORIAS) POR CONFORMIDADE EN DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (DU) DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
SENTENZAS	1.916	378	743	2.467	5.504	5.201	303 (5,82%)
V.I.	-214 (-12,57%)	-42 (-10%)	63 (9,26%)	68 (2,83%)			
%	34,81%	6,87%	13,50%	44,82%	100%		
% CIFRA TOTAL DE SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE (9.340)					58,93%		
% CIFRA TOTAL DE SENTENZAS CONDENATORIAS (15.056)					36,56%		
% CIFRA TOTAL SENTENZAS (19.976)					27,55%		
RECURSOS DO FISCAL	0	0	0	1	1	-1	0 (0%)

■ Análise de datos

- *Cifra total.* Da estatística fiscal de 2019 resulta un total de 12.226 sentenzas, cun apreciable aumento interanual de 1.718 (16,35%) e unha elevada porcentaxe do 61,20% na cifra total de sentenzas ditadas (19.976).

O mencionado incremento destaca fronte ao descenso do ano anterior (-1.910=-15,38%). A suma de ambas as dúas variacións interanuais supón unha diferenza de 3.628 sentenzas e unha porcentaxe de case unha terceira parte (29,22%) respecto da cifra de 2017 (12.418). Estas fluctuacións á alza moi probablemente son debidas á normalización e recuperación do traballo tras a folga funcional de 2018, posto que se recupera unha cifra similar á referida de 2017.

□ *Distribución da cifra total*

Da cifra total, 5.504 (o 45,02%) son sentenzas ditadas en DU (condenatorias por conformidade do acusado); mentres que o resto, 6.722 (54,98%) foron ditadas nos XDL.

□ *Sentenzas ditadas en DU:*

Consta a cifra de 5.504, cun lixeiro aumento interanual de 303 (5,82%) e unha porcentaxe do 45,02% das sentenzas ditadas nos xulgados de instrucción. Ademais, tamén supoñen



unha porcentaxe de máis da metade (58,93%) nas STC-CA (9.340); máis dun terzo (36,56%) nas STC (15.056), e máis dun cuarto (27,55%) na cifra total de sentenzas (19.976).

Por provincias, foi Pontevedra a que rexistrou unha porcentaxe maior, bastante cerca da metade de toda Galicia (44,82%); A Coruña, algo máis dun terzo (34,81%); e porcentaxes menores en Lugo e Ourense (6,87% e 13,50%, respectivamente).

A recuperación da cifra total destas sentenzas en DU, tras a folga funcional de 2018, podemos cifrala en só 381 sentenzas e un 7,22% respecto a 2017 (5.279). Probablemente iso foi debido a que as DU de xuízos rápidos estaban incluídas nos “servizos mínimos” da folga.

▣ *Sentenzas ditadas en XDL.* A estatística fiscal de 2019 reflicte a cifra de 6.722, cun apreciable incremento interanual de 1.415 (26,66%) e unha porcentaxe do 54,98% na totalidade de sentenzas ditadas nos xulgados de instrución (12.26). Por provincias, é a de Pontevedra a que concentra máis da metade, concretamente 3.590 (53,41% do total). Neste tipo de sentenzas a recuperación posterior á folga cifrámosa en 3.247 sentenzas e unha porcentaxe do 45,48% respecto de 2017 (7.139).

■ Sentenzas ditadas nos xulgados do penal (PA e XR)

■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA -SENTENZAS DITADAS POR XULGADOS DO PENAL (EN PROCEDEMENTOS ABREVIADOS E XUIZOS RÁPIDOS) DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
CONDENATORIAS	CONFORME FISCAL POR CONFORMIDADE	1.642	383	417	1.230
	CONFORME FISCAL SEN CONFORMIDADE	445	63	34	403
	DESCONFORME FISCAL	622	197	221	330
	TOTAL CONDENATORIAS	2.709	643	672	1.963
ABSOLUTORIAS	CONFORME FISCAL	190	17	9	109
	DESCONFORME FISCAL	275	233	245	251
	TOTAL ABSOLUTORIAS	465	250	254	360
TOTAL SENTENZAS (ABSOLUTORIAS E CONDENATORIAS)		3.174	893	926	2.323
V.I.		485 (18,04%)	169 (23,34%)	18 (1,98%)	512 (28,27%)
%		43,38%	12,21%	12,66%	31,75%
% NA CIFRA TOTAL SENTENZAS (19.976)					
RECURSOS DO FISCAL		77	14	17	49

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.		
3.672	3.085	587(19,03%)	CONDENATORIAS	CONFORME FISCAL POR CONFORMIDADE
945	783	162 (20,69%)		CONFORME FISCAL SEN CONFORMIDADE
1.370	1.126	244 (21,67%)		DESCONFORME FISCAL
5.987	4.994	993 (19,88%)		TOTAL CONDENATORIAS
325	252	73 (28,97%)	ABSOLUTORIAS	CONFORME FISCAL
1004	886	118 (13,32%)		DESCONFORME FISCAL
1.329	1.138	191 (16,78%)		TOTAL ABSOLUTORIAS
7.316	6.132	1.184 (19,31%)	TOTAL SENTENZAS (ABSOLUTORIAS E CONDENATORIAS)	
1.184 (19,31%)			V.I.	
100%			%	
36,63%			% NA CIFRA TOTAL SENTENZAS (19.976)	
157	122	35 (28,69%)	RECURSOS DO FISCAL	

■ Análise de datos

□ Cifra total. Constan 7.316 sentenzas ditadas nos xulgados do penal, cun destacado incremento interanual de 1.184, equivalente a unha quinta parte (19,31%) e unha porcentaxe de máis dun terzo (36,63%) na cifra total de sentenzas ditadas (19.976). A provincia con maior porcentaxe é a da Coruña (43,38%), seguida de Pontevedra (31.75%), Ourense (12,66%) e Lugo (12,21%).

Destaca aquí tamén o aumento da cifra total fronte ao descenso do ano anterior (-1.813=-22,82%), o que significa que a suma de ambas as variacións interanuais supón unha diferenza de 2.997 sentenzas e unha porcentaxe de máis dun terzo (37,72%) respecto da cifra de 2017 (7.945). Estas flutuacións á alza son igualmente atribuíbles á normalización do traballo tras a referida folga, pois recupérase unha cifra bastante próxima á mencionada de 2017.



■ Sentenzas ditadas nas audiencias provinciais (PA, PO-SU e PX)

■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA - SENTENZAS POR DELITO DITADAS POLAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS (EN P. ABREVIADOS, P. ORDINARIOS -SUMARIOS- E P. XURADO) DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I
CONDENATORIAS	CONFORME FISCAL POR CONFORMIDADE	54	22	14	74	164	148	16 (10,81%)
	CONFORME FISCAL SEN CONFORMIDADE	30	4	0	69	103	77	26 (33,77%)
	DESCONFORME FISCAL	40	16	14	24	94	107	-13 (-12,15%)
	TOTAL CONDENATORIAS	124	42	28	167	361	332	29 (8,73%)
ABSOLUTORIAS	CONFORME FISCAL	7	1	2	6	16	11	5 (45,45%)
	DESCONFORME FISCAL	20	8	8	21	57	52	5 (9,62)
	TOTAL ABSOLUTORIAS	27	9	10	27	73	63	10 (15,87%)
TOTAL SENTENZAS (ABSOLUTORIAS E CONDENATORIAS)		151	51	38	194	434	395	39 (9,87%)
V.I.		-33 (-17,93%)	-1 (2%)	17 (80,95%)	54 (38,57%)	39 (9,87%)		
%		34,79%	11,75%	8,76%	44,70%	100%		
% NA CIFRA TOTAL DE SENTENZAS (19.976)						2,17%		
RECURSOS DO FISCAL		10	2	1	4	17	37	-20 (-54,05%)

■ Análise de datos

A estatística fiscal de 2019 recolle unha cifra total de 434 sentenzas ditadas nas audiencias provinciais, cun aumento interanual de 39 (9,87%) e unha porcentaxe do 2,17% na cifra total de sentenzas (19.976). A provincia con maior porcentaxe é Pontevedra (44,70%), seguida da Coruña (34,79%), Lugo (11,75%) e Ourense (8,76%).

Como nos anteriores órganos xudiciais unipersoais, observamos nestes colexiados un lixeiro incremento fronte ao leve descenso do ano anterior (-40=-9,19%). Isto comporta unha diferenza de 79 sentenzas e unha porcentaxe do 18,16% respecto da cifra de 2017 (435), atribuíble, igualmente, á normalización posterior á folga de 2018.



SECCIÓN 1.1.1.8.
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP). REFERENCIA A DILIXENCIAS PREPROCESUAIS (DPP) E EXPEDIENTES GOBERNATIVOS (EG)

§ 1. DIP no ámbito das fiscalías provinciais de Galicia

■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA - DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.	
TOTAL TRAMITADAS	482	155	161	373	1.171	1.220	-49 (-4,02%)	
PENDENTES AO INICIO DO ANO	27	1	22	0	50	107	-57 (-53,27%)	
REABERTAS	-	-	-	-	-	-	-	
INCOADAS	455	154	139	373	1.121	1.113	8 (0,72%)	
ORIXE INCOADAS	TESTEMUÑO PROCEDEMENTO XUDICIAL	18	2	5	32	57	59	-2 (-3,39%)
	DENUNCIA DE ADMINISTRACIÓN	146	86	30	99	361	370	-9 (-2,43%)
	ATESTADO DE POLICÍA	30	0	61	65	156	185	-29 (-15,68%)
	DE OFICIO	43	3	12	46	104	87	17 (19,54%)
	DENUNCIA DE PARTICULARES	217	63	31	113	424	400	24 (6,00%)
	OUTROS	1	0	0	18	19	12	7 (58,33%)
REMATADAS (DESTINO)	REMITIDAS A ÓRGANO XUDICIAL	151	83	16	115	365	375	-10 (-2,67%)
	REMITIDAS A UNHA FISCALÍA	-	-	-	-	-	-	-
	ARQUIVADAS	446	82	115	416	1.059	829	230 (27,74%)
	TOTAL REMATADAS	597	165	131	531	1.424	1.204	220 (18,27%)
PENDENTES AO FINAL DO ANO	57	11	24	43	135	177	-42 (-23,73%)	
PROCEDEMENTOS DE ACEPTACIÓN DE DECRETO	0	0	0	0		0		



■ Análise de datos (resumo)

■ *DIP incoadas*

Segundo a estatística fiscal de 2019, consta a cifra total de 1.121 DIP incoadas nas fiscalías provinciais de Galicia, cun leve incremento interanual de 8 (0,72%), coa seguinte distribución por provincias:

Provincia		Cifra incoacións	V.I.	% sobre total (1.121)
1º	A Coruña	455	131 (40,43%)	40,59%
2º	Lugo	373	-68 (-15,42%)	33,27%
3º	Ourense	154	-28 (-15,38%)	13,74%
4º	Pontevedra	139	-27 (-16,27%)	12,40%

■ *Orixes das DIP incoadas*

Tipo de incoación		Cifra incoacións	% sobre total (1.121)
1º	Denuncia de particulares	424	37,82%
2º	Denuncia da Administración	361	32,20%
3º	Atestado policial	156	13,92%
4º	De oficio	104	9,28%
5º	Testemuño de procedemento xudicial	57	5,08%
6º	Outros	19	1,70%

Terminación de DIP (destino). A cifra total de DIP rematadas distribúese entre: a) “xudicialización”, ou sexa, remisión ao órgano xudicial, cunha porcentaxe aproximada dunha cuarta parte do total (25,63%); b) arquivadas, cunha porcentaxe de cerca de tres cuartas partes (74,37%).



§ 2. DIP NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) NA FISCALÍA DE COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA				
		2019	2018	V.I.
TOTAL TRAMITADAS		62	66	-4 (-6,25%)
PENDENTES AO INICIO DO ANO		2	2	0 (0%)
REABERTAS		0	0	0 (0%)
INCOADAS		60	64	-4 (-6,06%)
ORIXE INCOADAS	TESTEMUÑO DE PROCEDEMENTO XUDICIAL	2	6	-4 (-66,67%)
	DENUNCIA DA ADMINISTRACIÓN	4	5	-1 (-20%)
	ATESTADO DA POLICÍA	1	0	1 (100%)
	DE OFICIO	2	2	0 (0%)
	DENUNCIA DE PARTICULARES	51	51	0 (0%)
	OUTROS	0	0	0 (0%)
REMATADAS (DESTINO)	REMITIDAS AO ÓRGANO XUDICIAL	0	0	0 (0%)
	REMITIDAS A UNHA FISCALÍA	37	41	-4 (-9,76%)
	ARQUIVADAS	24	23	1 (4,35%)
	TOTAL REMATADAS	61	64	-3 (-4,69%)
PENDENTES AO FIN DE ANO		1	2	-1 (-50%)

DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) EN FISCALÍA CA DE GALICIA PERSOAS AFORADAS - ANO 2019			
	ANO 2019	ANO 2018	V.I.
TOTAL AFORADOS	28	25	3 (12%)
CARREIRA XUDICIAL	11	19	-8
CARREIRA FISCAL	17	5	12
TOTAL AFORADOS CARREIRAS XUDICIAL E FISCAL	28	24	4 (16,67%)
GOBERNO AUTONÓMICO	0	1	-1
PARLAMENTO AUTONÓMICO	0	0	0
OUTROS	0	0	0
TOTAL AFORADOS GOBERNO E PARLAMENTO AUTONÓMICO E OUTROS	0	1	-1 (-100%)



■ Análise de datos

■ *DIP tramitadas (pendentes, reabertas e incoadas). Referencia a incoadas (orixe)*

Segundo a estatística da Fiscalía da CA de Galicia, consta en 2019 a cifra total de 62 DIP tramitadas, cun descenso interanual de -4 (-6,25%), con tres cifras parciais concretas:

- *Pendientes a inicio do ano*: 2 (0=0%).
- *Incoadas no ano (orixe)*: 60, cun descenso interanual de -4 (-6,06%). A orixe das DIP incoadas é o seguinte: 51 denuncias de particulares (85% do total), 4 denuncias da Administración, 2 testemuños de procedemento xudicial, 2 de oficio e atestado policial.

■ *DIP rematadas (destino)*. Foron finalizadas 61, cun descenso de -3 (-4,69%), coa seguinte distribución:

- *Remitidas ao órgano xudicial (xudicialización)*: 0, sen variación interanual.
- *Remitidas a unha Fiscalía* ("inhibición"): 37, cun descenso de -4 (-9,76%) e unha porcentaxe do 60,66% das rematadas.
- *Arquivadas*: 24, cun aumento de 1 (4,35%) e unha porcentaxe do 39,44% das rematadas

■ *DIP pendentes co fin de ano*: 1, cun descenso interanual de -1 (-50%)

Referencia persoas aforadas en DIP (denunciadas/quereladas):

Nas DIP incoadas en 2019 consta a cifra total de 28 aforados, cun aumento interanual de 3 (12%), distribuída do seguinte xeito:

- 28 aforados membros das carreira xudicial e fiscal (11 carreira xudicial e 17 fiscal)
- 0 outros aforados (Goberno e Parlamento autonómicos e outros).

§ 3. REFERENCIA A DILIXENCIAS PREPROCESUAIS (DPP) NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

Á parte das DIP, cabe facer unha referencia resumida ás DPP. Segundo as fontes propias de Fiscalía (Fortuny e arquivos convencionais), consta a cifra total de 11, cun descenso interanual de 3 (-21,43%), das cales só 1 foron DPP penais (cun descenso de -1) e 10 DPP civís (cun descenso de -2). A totalidade destas 11 DPP incoadas en 2019 foron finalizadas no mesmo ano (a maior parte por arquivo).



§ 4. REFERENCIA A EXPEDIENTES GOBERNATIVOS (EG) NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

Neste apartado, reflíctense datos da actividade da Fiscalía que non teñen propiamente natureza procesual, conforme aos criterios fixados nos documentos sobre “boas prácticas na xestión estatística” da Unidade de Apoio-FXE, así como a “Guía” elaborada por esa unidade para a nova aplicación pendente de implantación.

No ano 2019 consta a cifra total de 48 expedientes gubernativos (EG) incoados, cun descenso interanual de -32 (-40%), a maior parte finalizados por arquivo. Dentro desa cifra total de EG, 5 expedientes refírense a materia disciplinaria, sen incremento interanual.

A xeito de aclaración, digamos que, a partir de 2017, se realizaron algúns cambios no sistema de rexistro, con afán de mellor coordinación, axilidade e eficiencia. Á falta nese momento dunha modalidade xenérica de rexistro de EG viñéronse rexistrando *na aplicación Fortuny como dilixencias preprocesuais civís (DPPC)*, á parte do referido rexistro xenérico de “dilixencias preprocesuais” (DPP). Esta práctica ten apoio no *apartado XX da Circular 4/2013*, referido a DPP en ámbitos non penais (o parágrafo 5º do devandito apartado establece que “Tamén estas dilixencias poderán canalizar outras actuacións de natureza gobernativa ou disciplinaria”).

O pasado ano 2019 desde a Unidade de Apoio-FXE comunicouse a esta Fiscalía autonómica de Galicia a próxima implantación dunha nova aplicación de EG (achegouse unha “guía rápida” para a xestión destes EG, na que se recollen boa parte das propostas formuladas no noso informe do día 19/11/2018, remitido á Unidade de Apoio, a través do noso EG 67/2018). Parece que esta nova aplicación para a xestión dos EG se incorporará á nova ferramenta de “escritorio integrado”, actualmente pendente de implantación.



SECCIÓN 1.1.1.9. EXECUTORIAS

Conforme á *Instrución 1/2010, do 29 de xullo, sobre funcións do MF na fase de execución dos procesos penais, as fiscalías provinciais de Galicia, coas propias singularidades de cada unha*, levan un sistema de control de executorias, co fin de garantir a “uniformidade de criterio e actuación no curso da tramitación das executorias e o seguimento permanente da súa evolución e das incidencias que nesta se están a producir”.

■ Estatística fiscal sobre executorias nas fiscalías provinciais

Faise a seguir unha breve análise das executorias despachadas e dos ditames fiscais emitidos durante o ano 2019 nas fiscalías provinciais de Galicia; non hai constancia (como en anos anteriores) de executoria ningunha na Fiscalía autonómica.

■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA - EXECUTORIAS DATOS POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEV	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
ANTE TSX GALICIA	EXECUTORIAS DESPACHADAS					0	0	
	DITAMES EMITIDOS					0	0	
ANTE AUDIENCIAS PROVINCIAIS	EXECUTORIAS DESPACHADAS	469	155	77	304	1.005	950	55 (5,79%)
	DITAMES EMITIDOS	862	342	256	806	2.266	2.098	168 (8,01%)
ANTE XULGADOS DO PENAL	EXECUTORIAS DESPACHADAS	5.307	1.807	2.286	5.819	15.219	14.534	685 (4,71%)
	DITAMES EMITIDOS	7.902	3.405	4.600	12.234	28.141	23.831	4.310 (18,09%)
ANTE XULGADOS INSTRUCCIÓN	EXECUTORIAS DESPACHADAS				7	7	42	-35
	DITAMES EMITIDOS				0	0	30	-30
TOTAL EXECUTORIAS DESPACHADAS		5.776	1.962	2.363	6.130	16.231	15.526	705 (4,54%)
TOTAL DE DITAMES EMITIDOS		8.764	3.747	4.856	13.040	30.407	25.959	4.448 (17,13%)



■ **Análise de datos**

□ *Resumo xeral de executorias e ditames*

De acordo coa estatística fiscal, o ano 2019 foron despachadas un total de 16.231 executorias, cun aumento interanual de 705 (4,54%), o que contrasta co descenso apreciado no ano anterior (-10,74%). Foron emitidos un total de 30.407 ditames fiscais nesas executorias, cun incremento de 4.448 (17,13%), dato que tamén difire do ano precedente (-16,46%), e cunha porcentaxe de 1,87 ditames por executoria despachada.

□ *Datos particulares relativos a audiencias provinciais*

Foron despachadas nestes órganos xudiciais un total de 1.005 executorias, cun lixeiro aumento de 705 (5,79%). Emitíronse nelas 2.266 ditames fiscais, cun lixeiro incremento de 168 (8,01%) e unha porcentaxe de 2,26 ditames emitidos por executoria despachada.

□ *Datos particulares relativos aos xulgados do penal*

A cifra total de executorias despachadas no ano foi de 15.219, cun leve aumento de 685 (4,71%). Foron emitidos un total de 28.141 ditames fiscais, cun apreciable incremento de 4.310 (18,09), que destaca fronte ao descenso do ano anterior (-17,38%), e cunha porcentaxe de 1,85 ditames emitidos por executoria despachada.



*SECCIÓN 1.1.2.
EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)*

*SECCIÓN 1.1.2.1
EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)*

*SECCIÓN 1.1.2.2
EXAME ESPECIAL DE GRUPOS DELITUOSOS*

*SECCIÓN 1.1.2.3
EXAME ESPECIAL DOS DELITOS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA*

*SECCIÓN 1.1.2.4 EXAME ESPECIAL DOS DELITOS EN DIP DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS E
EN MEDIDAS CAUTELARES (PRISIÓN PROVISIONAL)*

Tras dedicar a anterior sección 1.1.1 deste capítulo II da memoria ao exame da evolución da criminalidade polos procedementos, corresponde agora, nesta sección 1.1.2, o exame da evolución da criminalidade a través dos delitos asociados aos procedementos ingresados (delitos incoados), ás cualificacións fiscais (delitos cualificados) e ás sentenzas condenatorias (delitos sentenciados).



SECCIÓN 1.1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)

Advertencia previa. - Na estatística fiscal non aparecen datos de delitos asociados aos xuízos por delito leve (XDL), como xa acontecía co seu “predecesor” XF; o que se ten en conta para o exame de delitos que segue. De existir datos sobre delitos asociados a este novo XDL, habería que sumar unha cifra adicional mínima de 18.667 delitos incoados (1 delito/procedemento incoado. De maneira similar, habería que sumar outra cifra mínima adicional de 3.204 delitos sentenciados (1 delito/sentenza condenatoria). En todo caso, non cabería achegar datos de delitos cualificados en canto non existe neste procedemento o trámite de cualificación escrita).

Así pois, *ao examinar os delitos incoados e cualificados* consideramos a cifra total de procedementos tramitados e incoados en Galicia sen computar as correspondentes aos XDL (119.557 e 90.297 en 2019). E *ao falar dos delitos sentenciados*, poñémolos en relación coa cifra total de sentenzas condenatorias, sen contar as que constan ditadas en XDL segundo a estatística fiscal (3.204), é dicir, unha cifra total de 10.527.

Por último, téñase en conta que ademais das cifras totais de delitos de Galicia inclúense non só os dos procedementos de tramitados nas catro provincias galegas, senón tamén as pequenas cifras correspondentes aos procedementos do TSX de Galicia (26 delitos incoados e 0 cualificados e 0 sentenciados).



SECCIÓN 1.1.2.1.1
RESUMO DOS DELITOS

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA DELITOS ASOCIADOS AOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS RESUMO PERÍODO 2015-2019 - DATOS TOTAIS DE GALICIA			
ANO	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	DELITOS SENTENCIADOS
2015	170.767	13.102	13.475
2016	106.327	15.750	13.741
2017	86.393	14.733	14.023
2018	86.037	13.350	12.270
2019	118.673	18.478	16.951
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.) ANOS 2018-2019	32.636 (37,93%)	5.128 (38,41%)	4.681 (38,15%)
V.I. ENTRE INICIO E FINAL PERÍODO 2015-2019	-52.094 (-30,51%)	5.376 (41,03%)	3.476 (25,80%)
TOTAL PERÍODO 2015-2019	568.197	75.413	70.460
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2015-2019	113.639	15.083	14.092
% DELITOS PERÍODO 2015-2019	100%	13,27% respecto da cifra media anual de incoados	93,43 % respecto da cifra media anual de cualificados

RESUMO DELITOS
GALICIA 2019


DELITOS INCOADOS	118.673
DELITOS CUALIFICADOS	18.478
DELITOS SENTENCIADOS	16.951



SECCIÓN 1.1.2.1.2. EXAME DOS DELITOS INCOADOS

§ 1. DATOS XERAIS DE DELITOS INCOADOS NO PERÍODO 2015-2019

EVOLUCIÓN DE DELITOS INCOADOS
GALICIA - PERIODO 2015-2019



§ 2. DATOS XERAIS DE DELITOS INCOADOS EN 2019

■ *Datos xerais.* Conforme a estatística fiscal no ano 2019 consta a cifra total de 118.673 delitos incoados en Galicia (delitos asociados ao conxunto dos procedementos xudiciais incoados), cun apreciable aumento interanual de 32.636 (37,93%), como mostra de recuperación tras a folga funcional do ano anterior, e unha correcta ratio de 1,31 delitos por procedemento incoado, sen incluír XDL (118.673/90.297). (A referida ratio supón unha mellora dun 32,32% respecto do ano anterior). Se tivésemos datos de delitos asociados á incoación de XDL, habería que engadir unha cifra adicional mínima de 18.667 delitos incoados en 2019 (1 delito/procedemento incoado).

□ *Valoración de datos.* Como xa indicamos en memorias anteriores, cómpre tomar con certa cautela as cifras totais de delitos asociados aos procedementos incoados, posto que poden estar afectadas de distorsións á alza, derivadas de vicisitudes procedementais como as “transformacións” e as “acumulacións/inhibicións”. Polo tanto, o cómputo da cifra real de delitos pode non ser coincidente co dos procedementos a que están asociados, dado que un mesmo delito pode “viaxar” a través de varios procedementos.

Quizais un bo xeito de achegarse á cifra real de delitos, sería ter en conta só os asociados á incoación inicial dos procedementos de DP e DU, por ser as canles iniciais procedementais



da maioría dos delitos, que posteriormente pode ser ou non obxecto dalgunha vicisitude procedemental como as indicadas (transformación ou acumulación/inhibición).

Polo que se refire ao ano 2019, este *modus operandi* daríanos unha cifra menor que a de 118.673 mencionada, concretamente un *total inferior de 81.170 (72.292 DP e 8.878 DU), o que supón unha diferenza de 37.503 (-31,60%)*. Esa cifra inferior podería ser máis próxima á *delincuencia real coñecida*, dado que se aproxima á *cifra de 80.238 infraccións penais coñecidas (2,2% aumento interanual) ofrecida polo Portal Estatístico de Criminalidade do Ministerio do Interior (3,64% do total estatal, 2.201.859, con 3,9% de incremento)*. Desá cifra de 80.238 *feitos delituosos coñecidos* en 2019 polas forzas policiais, só logran esclarecerse (*feitos esclarecidos*) unha parte deles (41,77%, Galicia 2018; 31,61%, total España 2018).

Esta estatística administrativa ten como fontes os *datos achegados polas forzas e corpos policiais estatais, autonómicos e locais*, pero non inclúe os *casos iniciados de forma distinta do atestado* (denuncia/querela, de oficio etc.). Por suposto, tampouco inclúe esta *estatística oficial ou rexistrada de criminalidade* os feitos delituosos non coñecidos (*delincuencia oculta* ou *cifras negras da criminalidade*). Para coñecer as cifras da *criminalidade real*, tarefa nada sinxela, habería que ter en conta non só a criminalidade coñecida oficialmente senón tamén a oculta

A partir da reforma pola Lei 41/2015, salvo algunhas excepcións concretas, por regra xeral os *atestados relativos a delitos sen autor coñecido, como feitos non esclarecidos* (58,23% Galicia 2018 e 68,39% España 2018), xa non son remitidos pola Policía Xudicial ao MF e á autoridade xudicial, senón que os conservan á súa disposición (art. 284.2 da LACrim). Non obstante, poderá reiterar o denunciante a denuncia ante a Fiscalía ou o Xulgado de Instrución en caso de non ser identificado o autor do feito delituoso no prazo de 72 horas, dereito do que deberá ser informado pola Policía Xudicial (*ibidem*). En todo caso, unha excepción á regra xeral mencionada da non remisión de atestados é, precisamente, que o MF ou a autoridade xudicial soliciten a súa remisión (*ibidem*).



§ 3. DATOS PARTICULARES DE DELITOS INCOADOS POR PROCEDEMENTOS EN 2019

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA DELITOS INCOADOS - DATOS PARTICULARES POR PROCEDEMENTOS XUDICIAIS								
	DP	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
DELITOS INCOADOS	95.371	10.823	12.319	133	27	118.673	118.673	32.636 (37,93%)
V.I.	25.344 (36,19%)	2.532 (30,54%)	4.698 (38,14%)	62 (87,32%)	0 (0%)	32.636 (37,93%)	-356(- 0,41%)	
%	80,36%	9,12%	10,38%	0,112%	0,023%	100%	100%	
PROCEDEMENTOS INCOADOS	72.292	8.878	9.003	102	22	90.297 (sen XDL)	86.244 (sen XDL)	4.053 (4,70%)
RATIO DELITOS INCOADOS / PROCEDEMENTOS INCOADOS	1,32	1,22	1,37	1,30	1,23	1,31	0,99	32,32%

§ 4. DATOS PARTICULARES DE DELITOS INCOADOS POR PROVINCIAS EN 2019

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA DELITOS INCOADOS - DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
DELITOS INCOADOS	31.739	9.762	8.736	68.410	118.673	118.673	32.636 (37,93%)
V.I.	2.136 (7,21%)	-19 (-0,19%)	282(3,34%)	30.235 (79,20%)	32.636 (37,93%)	-356(- 0,41%)	
%	26,75%	8,23%	7,36%	57,66%	100%	100%	
PROCEDEMENTOS INCOADOS (SEN XDL)	31.464	9.654	8.540	40.639	90.297 (sen XDL)	86.244 (sen XDL)	4.053 (4,70%)
RATIO DELITOS INCOADOS/ PROCEDEMENTOS INCOADOS	1,009	1,01	1,02	1,68	1,31	0,99	32,32%



§ 5. GRUPOS DE DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE EN 2019

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍA DE GALICIA GRUPOS DE DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE DATOS TOTAIS DE GALICIA				
	GRUPO DELITUOSO	2019	%	V.I.
	CIFRA TOTAL	118.673	100%	32.636 (37,93%)
1º	DELITOS DE LESIÓNS	36.487	30,75%	9.045 (32,96%)
2º	DELITOS PATRIMONIAIS E SOCIOECONÓMICOS (CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIOECONÓMICA)	27.660	23,31%	8.310 (42,95%)
3º	DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA	9.258	7,80%	1.974 (27,10%)
4º	DELITOS CONTRA A LIBERDADE	5.856	4,93%	1.670 (39,89%)
5º	DELITOS CONTRA ADMÓN. DE XUSTIZA	5.117	4,31%	1.666 (48,28%)
6º	DELITOS CONTRA AS RELACIÓNS FAMILIARES	2.388	2,01%	646 (37,08%)
7º	DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL (TORTURAS E OUTROS DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL)	2.271	1,91%	560 (32,73%)
8º	DELITOS SEXUAIS (CONTRA A LIBERDADE E A INDEMNIDADE SEXUAIS)	1.894	1,60%	-639 (-50,92%)
9º	DELITOS CONTRA A SAÚDE PÚBLICA (RELATIVOS A SUBSTANCIAS NOCIVAS, MEDICAMENTOS, ALIMENTOS E TRÁFICO DE DROGAS)	1.632	1,38%	492 (43,16%)
10º	DELITOS CONTRA A ORDE PÚBLICA	1.459	1,23%	396 (37,25%)
	TOTAL DE 10 PRIMEIROS GRUPOS	94.022	79,23%	25.398 (37,01%)
	RESTO DOS DELITOS (DEMAIS GRUPOS, INCLUIDO "DELITOS SEN ESPECIFICAR")	24.651	20,77%	7.238 (41,57%)

Os dez primeiros grupos de delitos incoados en 2019 suman a cifra de 94.022, cun destacado aumento interanual de 25.398 (37,01%) e unha porcentaxe superior a tres cuartos (79,23%) do total (118.673). A suma dos tres primeiros grupos (lesiões, patrimoniais e seguridade viaria) supón a cantidade de 73.405, cun incremento de 19.329 (35,74%) e unha porcentaxe de case dous terzos (61,85%) do total. Como o ano anterior, o grupo das lesiões foi o de máis delitos incoados, cunha cifra total de 36.487, aumento de 9.045 (32,96%) e unha porcentaxe de case un terzo (30,75%) na cifra total.



§ 6. DELITOS CONCRETOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE EN 2019

TIPOS DELITUOSOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE - ANO 2019				
	TIPO DELITUOSO	CIFRA	V.I	% NA CIFRA TOTAL DE DELITOS INCOADOS (118.673)
1º	DELITO DE LESIÓNS POR IMPRUDENCIA	14.390	4.553 (46,28%)	12,13%
2º	DELITO DE LESIÓNS (SIMPLES)	14.274	3.157 (28,40%)	12,03%
3º	DELITO DE LESIÓNS E MALTRATO OCASIONAL NO ÁMBITO DA VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)	7.703	1.333 (20,93%)	6,49%
4º	DELITO DE ESTAFA	7.047	2.463 (53,73%)	5,94%
5º	DELITO DE FURTO	5.524	1.439 (35,23%)	4,65%
6º	DELITO DE CONDUCCIÓN INFLUENCIADA (CONDUCCIÓN BAIXO EFECTO BEBIDAS ALCOHÓLICAS/DROGAS)	5.362	976 (22,25%)	4,52%
7º	DELITO DE DANOS	4.666	1.198 (35,34%)	3,93%
8º	DELITO DE ROUBO CON FORZA NAS COUSAS	4.249	1.319 (45,02%)	3,58%
9º	DELITO DE QUEBRANTAMENTO DE CONDENA OU MEDIDA CAUTELAR	4.152	1.329 (47,08%)	3,50%
10º	DELITO DE CONDUCCIÓN SEN LICENZA/ PERMISO	3.442	838 (32,18%)	2,90%
TOTAL		70.809	2.185 (3,18%)	59,67%


Os dez primeiros tipos delituosos incoados en 2019 supoñen unha cifra total de 70.809, cun aumento interanual de 2.185 (3,18%) e unha porcentaxe equivalente a máis da metade (59,67%) do total de delitos incoados (118.673). Só os tres primeiros suman 36.367 ilícitos, cun incremento de 9.043 (33,10%) e unha porcentaxe de case un terzo (30,64%) da cifra total. Destaca como delito máis incoado o de lesións imprudentes, cunha apreciable cifra de 14.390, cun aumento de 4.553 (46,28%), seguido do de lesións simples (culposas), cunha cifra de 14.274 e incremento de 3.157 (28,40%); suman ambos os dous tipos delituosos de lesións un total de 28.664, equivalente a case un cuarto (24,16%) do total. Significa isto que de cada dez delitos incoados en 2019 case 2,5 foron delitos de lesións imprudentes ou culposas.



SECCIÓN 1.1.2.1.3. EXAME DOS DELITOS CUALIFICADOS

§ 1. DATOS XERAIS DE DELITOS CUALIFICADOS NO PERÍODO 2015-2019

EVOLUCIÓN DE DELITOS CUALIFICADOS
GALICIA - PERIODO 2008-2019



§ 2. DATOS XERAIS DE DELITOS CUALIFICADOS EN 2019

- *Datos xerais.* Consta este ano a cifra total de 18.478 delitos cualificados polo Fiscal (delitos asociados ás cualificacións fiscais), cun elevado aumento interanual de 5.128, equivalente a 38,41% (-9,39% en 2018), e unha cunha coherente *ratio* de 1,30 delitos por cada cualificación fiscal (18.478 delitos/14.212 cualificacións).
- *Valoración de datos.* A diferenza entre o descenso de 2018 e o incremento de 2019 encontra explicación, polo menos en boa medida, na recuperación e normalización tras a folga funcional de 2018, sen esquecer a liberación de recursos das reformas de 2015 para órganos xudiciais e fiscalías.
- *Referencia á “volatilización” ou “evaporación” de delitos (diferenza entre delitos incoados e cualificados).*

Ata o ano 2015 a maior parte dos delitos incoados se “volatilizábanse” ou “evaporábanse” entre a fase de instrución e a de cualificación fiscal (o 92,33% ese mesmo ano), por causa, sobre todo en DP, da transformación noutro procedemento (TF) ou por finalización anticipada (SP/A ou A/I).



A partir das reformas legais de 2015 produciuse un cambio de tendencia cara ao descenso da cantidade de “volatilizacións”, paralela en boa medida á dos asuntos ingresados.

Durante o período 2015-2019 a cifra total de evaporación foi de 492.784 (86,73%), cunha cifra media anual de 98.557, igual ao 85,87%. Entre o inicio e o final dese período, en paralelo ao descenso de -30,51% nos delitos incoados, rexistrouse un descenso de -36,45% dos “evaporados”, en contraste co aumento de 41,03% dos cualificados, probablemente debido, fundamentalmente, á liberación de recursos.

A tendencia de descenso foi acentuada en 2016 e 2017 (-42,5% e -20,88%). Pero repuntou en positivo en 2018, ano de folga funcional (1,43%) e, sobre todo, en 2019, ano de recuperación tras a folga, cun total de 100.195 e unha alta porcentaxe de máis dun terzo (37,84%) respecto da cifra total de delitos incoados (118.673). A maior parte dos delitos evaporados en 2019, cunha cifra de 57.710 e unha porcentaxe de máis da metade (57,60%), concéntrase en dous grupos delituosos: delitos de lesións, con 33.734 (33,67% do total), e delitos patrimoniais, con 23.976 (23,93%).

“VOLATILIZACIÓN” DE DELITOS (DIFERENZA ENTRE DELITOS INCOADOS E CUALIFICADOS) PERÍODO 2015-2019 GALICIA					
ANO	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	CIFRA VOLATILIZACIÓN	V.I.	% VOLATILIZACIÓN
2015	170.767	13.102	157.665	-5.722 (-3,51%)	92,33%
2016	106.327	15.750	90.577	-67.088 (-42,55%)	85,18%
2017	86.393	14.733	71.660	-18.917 (-20,88%)	82,95%
2018	86.037	13.350	72.687	1.027 (1,43%)	84,48%
2019	118.673	18.478	100.195	27.508 (37,84%)	84,43%
V.I. ENTRE INICIO E FINAL PERÍODO	-52.094 (-30,51%)	5.376 (41,03%)	57.470 (-36,45%)	27.508 (37,84%)	85,87%
CIFRAS MEDIAS NO PERÍODO	113.639	15.083	98.557		85,87%



**“VOLATILIZACIÓN” DE DELITOS (DIFERENZA ENTRE DELITOS INCOADOS E CUALIFICADOS)-
ANO 2019 - GALICIA**

	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	CIFRA VOLATILIZACIÓN	V.I.	% VOLATILIZACIÓN
CIFRA TOTAL	118.673	18.478	100.195	27.508 (37,84%)	84,43%
SUMA GRUPOS DELITOS PATRIMONIAIS E DE LESIÓNS	64.147	6.437	57.710	15.320 (36,14%)	89,97% (57,60% de cifra total VOLATILIZACIÓN; e 48,63% de cifra total delitos incoados)
GRUPO DELITOS DE LESIÓNS	36.487	2.753	33.734	8.228 (32,26%)	92,45% (33,67% de cifra total VOLATILIZACIÓN; e 28,43% de total delitos incoados)
GRUPO DELITOS PATRIMONIAIS	27.660	3.684	23.976	7.092 (42,00%)	86,68% (23,93% de cifra total VOLATILIZACIÓN; e 20,20% de total de incoados)
SUBGRUPO FURTOS/ ROUBOS	12.578	2.114	10.464	3.054 (41,21%)	83,19% (43,64% de volatilización en delitos patrimoniais; e 10,44% de cifra total volatilización)

§ 3. DATOS PARTICULARES DE DELITOS CUALIFICADOS POR PROCEDIMIENTOS EN 2019

ESTADÍSTICA 2019 DE FISCALÍA DE GALICIA DELITOS CUALIFICADOS - DATOS PARTICULARES POR PROCEDIMIENTOS XUDICIAIS							
	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
DELITOS CUALIFICADOS	8.149	10.203	101	25	18.478	13.350	5.128 (38,41%)
V.I.	1.845 (29,27%)	3.331 (48,047)	-27 (-58,70%)	-21 (-45,65%)	5.128 (38,41%)	-1.383 (-9,39%)	
%	44,10%	55,22%	0,547	0,134%	100%	100%	
CUALIFICACIÓNS FISCAIS	6.492	7.652	51	17	14.212	11.946	2.226 (18,97%)
RATIO DELITOS CUALIFICADOS/ CUALIFICACIÓNS FISCAIS	1,26	1,33	1,98	1,47	1,30	1,18	



§ 4. DATOS PARTICULARES DE DELITOS CUALIFICADOS POR PROVINCIAS EN 2019

ESTADÍSTICA 2019 DE FISCALÍA DE GALICIA DELITOS CUALIFICADOS - DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
DELITOS CUALIFICADOS	7.102	1.599	2.011	7.766	18.478	13.350	5.128 (38,41%)
V.I.	1.449 (25,63%)	136 (9,30%)	203 (11,23%)	3.340 (75,46%)	5.128 (38,41%)	-1.383 (-9,39%)	
%	38,44%	8,65%	10,88%	42,03%	100%	100%	
CUALIFICACIÓNS FISCAIS	5.774	1.441	1.783	5.214	14.212	11.946	-1.615(- 11,91%)
RATIO DELITOS CUALIFICADOS/ CUALIFICACIÓNS FISCAIS	1,23	1,11	1,13	1,49	1,30	1,12	


§ 5. GRUPOS DE DELITOS CUALIFICADOS CUANTITATIVAMENTE MÁIS REPRESENTATIVOS EN 2019

ESTADÍSTICA 2019 DE FISCALÍA DE GALICIA GRUPOS DE DELITOS CUALIFICADOS CUANTITATIVAMENTE MÁIS REPRESENTATIVOS DATOS TOTAIS DE GALICIA				
	GRUPO DELITUOSO	2019	%	V.I.
	CIFRA TOTAL	18.478	100%	5.128 (38,41%)
1º	DELITOS CONTRA SEGURIDADE VIARIA	6.731	36,43%	1.345 (24,97%)
2º	DELITOS PATRIMONIAIS E SOCIOECONÓMICOS (CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIOECONÓMICA)	3.684	19,94%	1.218 (49,39%)
3º	DELITOS DE LESIÓNS	2.753	14,90%	817 (42,20%)
4º	DELITOS CONTRA ADMÓN. XUSTIZA	1.483	8,03%	569 (62,25%)
5º	DELITOS CONTRA A LIBERDADE	1.032	5,60%	220 (27,09%)
6º	DELITOS CONTRA A ORDE PÚBLICA	698	3,78%	225 (47,57%)
7º	DELITOS DE FALSIDADE	349	1,89%	166 (90,71%)
8º	DELITOS CONTRA A SAÚDE PÚBLICA (RELATIVOS A SUBSTANCIAS NOCIVAS, MEDICAMENTOS, ALIMENTOS E TRÁFICO DE DROGAS)	340	1,84%	111 (48,47%)
9º	DELITOS CONTRA AS RELACIÓNS FAMILIARES	336	1,82%	90 (36,59%)
10º	DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL (TORTURAS E OUTROS DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL)	333	1,80%	95 (39,92%)
	TOTAL DE 10 PRIMEIROS GRUPOS	17.739	4.905 38,22%)	96,00%
	RESTO DOS DELITOS (REstantes GRUPOS)	739	223 (43,22%)	4,00%



Os dez primeiros grupos de delitos cualificados en 2019 suman a cifra de 17.739, cun aumento interanual de 4.905 (38,22%) e unha alta porcentaxe do 96,00% do total (18.478). A suma dos tres primeiros grupos (seguridade viaria, patrimoniais e lesións) supón a cifra de 13.168, cun incremento de 3.380 (34,53%) e unha porcentaxe de case tres cuartos (71,26%) do total. Como todos os anos, o grupo con máis delitos cualificados é o de seguridade viaria, cunha cifra total de 6.731, aumento de 1.345 (24,97%) e unha elevada porcentaxe de máis dun terzo (36,43%) respecto do total.

GRUPOS DELITOS CALIFICADOS MÁS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE GALICIA 2019



§ 6. DELITOS CONCRETOS CUALIFICADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE EN 2019

TIPOS DELITUOSOS CUALIFICADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE ANO 2019				
	TIPO DELITUOSO	CIFRA	V.I.	% NA CIFRA TOTAL DE DELITOS CUALIFICADOS (18.478)
1º	DELITO DE CONDUCCIÓN INFLUENCIADA (CONDUCCIÓN BAIXO O EFECTO DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS/DROGAS)	3.940	718 (22,28%)	21,32%
2º	DELITO DE CONDUCCIÓN SEN LICENZA/ PERMISO	2.523	551 (27,94%)	13,65%
3º	DELITO DE QUEBRANTAMENTO DE CONDENA OU MEDIDA CAUTELAR	1.300	533 (69,49%)	7,04%
4º	DELITO DE LESÍONS E MALTRATO OCASIONAL NO ÁMBITO DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)	1.276	338 (36,03%)	6,91%
5º	DELITO DE LESÍONS (SIMPLES)	1.191	388 (48,32%)	6,45%
6º	DELITO DE ROUBO CON FORZA NAS COUSAS	712	292 (69,52%)	3,85%
7º	DELITO DE ESTAFA	673	394 (141,22%)	3,64%
8º	DELITO DE FURTO	648	250 (62,81%)	3,51%
9º	DELITO DE AMEAZAS NO ÁMBITO DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)	418	94 (29,01%)	2,26%
10º	DELITO DE DANOS	406	166 (69,17%)	2,20%
TOTAL		13.087	3.365 (34,61%)	70,82%


Os dez primeiros tipos delituosos cualificados en 2019 suman unha cifra total de 13.087, cun aumento interanual de 3.365 (34,61%) e unha porcentaxe de algo máis de dous terzos (70,82%) do total de delitos sentenciados (16.591). Só os tres primeiros suman 7.763 ilícitos, cun incremento de 1.636 (26,60%) e unha porcentaxe de case a metade (46,46%) no total. Ao igual que en anos anteriores, destaca como delito máis cualificado o de condución influenciada, cunha destacada cifra de 3.940, cun aumento de 718 (22,28%) e unha porcentaxe de algo máis dunha quinta parte (21,32%) da cifra global. Así pois, pode afirmarse que 2,13 delitos de cada dez cualificados en 2019 foron delitos de condución influenciada.



SECCIÓN 1.1.2.1.4.
EXAME DOS DELITOS SENTENCIADOS

§ 1. DATOS XERAIS DOS DELITOS SENTENCIADOS NO PERÍODO 2015-2019

EVOLUCIÓN DE DELITOS SENTENCIADOS
GALICIA - PERIODO 2015-2019



Segundo resulta da estatística fiscal, durante o período 2015-2019, con algunha oscilación, compróbase unha tendencia ao aumento nos delitos sentenciados en Galicia, cunha media anual de 14.092 e unha coherente *ratio* de 1,06 delitos cualificados en relación coa cifra media anual de cualificacións fiscais en igual período (13.268). Entre o inicio e o final do ciclo rexistrouse un destacado aumento acumulado de 3.476, equivalente a un cuarto (25,80%), case igual que nos delitos cualificados (24,99%), o que contrasta co correlativo e marcado descenso de case un terzo (30,51%) dos delitos incoados. Estes datos demostran que, tras as reformas legais de 2015 e o seu efecto de diminución dos asuntos ingresados e liberación de recursos, ao igual que as fiscalías cos seus escritos de cualificación, os órganos xudiciais incrementaron nunha cuarta parte o número de delitos sentenciados.

Despois do leve incremento interanual en 2016 (2,05%) e o lixeiro descenso en 2018 (-12,50%) resulta destacable o apreciable aumento en 2019 (38,15%), que, como cos delitos cualificados, parece unha variación puntual derivada da recuperación tras a folga funcional do ano anterior.



§ 2. DATOS XERAIS DE DELITOS SENTENCIADOS EN 2019

De acordo coa estatística fiscal, consta nese ano a cifra total de 16.951 delitos sentenciados en Galicia (delitos asociados a sentenzas condenatorias ditadas, sen incluír os XDL), cun aumento interanual de 4.681, equivalente a máis do 38,15% (-12,50%) e unha correcta *ratio* de 1,13 delitos sentenciados por sentenza condenatoria (16.951/15.056); aínda que maior e máis próxima á realidade sería a *ratio* de 1,43 (16.951/11.852) se non contamos as sentenzas condenatorias de XDL (3.204 segundo estatística fiscal), dado que a nosa estatística non recolle os delitos destas sentenzas.

§ 3. DATOS PARTICULARES DE DELITOS SENTENCIADOS POR PROVINCIAS EN 2019

A estatística fiscal ofrece datos dos delitos sentenciados por provincias, sen facer precisións por tipo de procedementos.

ESTADÍSTICA 2019 DE FISCALÍA DE GALICIA DELITOS SENTENCIADOS - DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I.
DELITOS SENTENCIADOS	5.735	1.245	1.768	8.203	16.951	12.270	5.128 (38,41%)
V.I.	821 (16,71%)	113 (9,98%)	101 (6,06%)	3.646 (80,01%)	5.128 (38,41%)	-1.753 (-12,50%)	
%	33,83%	7,35%	10,43%	48,39%	100%	100%	
SENTENZAS (CONDENATORIAS), sen sentenzas XDL	4.749	1.063	1.443	4.597	11.852	10.527	1.325 (12,59%)
RATIO DELITOS SENTENCIADOS/ SENTENZAS CONDENAT.	1,23	1,17	1,23	1,78	1,43	1,16	




§ 4. GRUPOS DE DELITOS SENTENCIADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE EN 2019

ESTADÍSTICA 2019 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA				
GRUPOS DE DELITOS SENTENCIADOS MÁIS REPRESENTATIVOS - DATOS TOTAIS DE GALICIA				
	GRUPO DELITUOSO	2019	%	V.I.
	CIFRA TOTAL	16.951	100%	5.128 (38,41%)
1º	DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA	6.615	39,02%	1.269 (23,74%)
2º	DELITOS DE LESIÓNS	2.783	16,42%	972 (53,67%)
3º	DELITOS PATRIMONIAIS E SOCIOECONÓMICOS (DELITOS CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIOECONÓMICA)	2.809	16,57%	850 (4,34%)
4º	DELITOS CONTRA ADMÓN. DE XUSTIZA	1.241	7,32%	437 (54,35%)
5º	DELITOS CONTRA A LIBERDADE	937	5,53%	210 (28,89%)
6º	DELITOS CONTRA A ORDE PÚBLICA	717	4,23%	286 (66,36%)
7º	DELITOS CONTRA RELACIÓNS FAMILIARES	504	2,97%	276 (121,05%)
8º	DELITOS CONTRA A SAÚDE PÚBLICA (RELATIVOS A SUBSTANCIAS NOCIVAS, MEDICAMENTOS, ALIMENTOS E TRÁFICO DE DROGAS)	259	1,53%	42 (19,35%)
9º	DELITOS DE FALSIDADE	271	1,60%	108 (66,26%)
10º	DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL (DELITOS DE TORTURAS E OUTROS DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL)	198	1,17%	-2 (-1,00%)
	TOTAL DE 10 PRIMEIROS GRUPOS	16.334	96,36%	4.448 (37,42%)
	RESTO DOS DELITOS (RESTANTES GRUPOS)	617	3,64%	233 (60,68%)

Os dez primeiros grupos de delitos sentenciados en 2019 suman a cifra de 16.334, cun aumento interanual de 4.448 (37,42%) e unha alta porcentaxe do 96,36% do total (16.951). A suma dos tres primeiros grupos (seguridade viaria, lesións e patrimoniais) supón a cifra de 11.487, cun incremento de 2.371 (26,01%) e unha porcentaxe de arredor de tres cuartos (67,77%) do total. Como en anos anteriores, o grupo delituoso máis numeroso é o dos delitos contra a seguridade viaria, cun número de 6.615, aumento de 1.269 (23,74%) e unha porcentaxe do 39,02% na cifra total. Polo tanto, case catro de cada dez delitos sentenciados en 2019 foron delitos contra a seguridade viaria.



GRUPOS DELITOS SENTENCIADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE GALICIA 2019



§ 5. DELITOS CONCRETOS SENTENCIADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE EN 2019

TIPOS DELITUOSOS SENTENCIADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE ANO 2018				
	TIPO DELITUOSO	CIFRA	V.I.	% NA CIFRA GLOBAL DE DELITOS SENTENCIADOS (16.951)
1º	DELITO DE CONDUCCIÓN INFLUENCIADA (BAIXO EFECTO BEBIDAS ALCOHÓLICAS/DROGAS)	3.981	643 (19,80%)	23,49%
2º	DELITO DE CONDUCCIÓN SEN LICENZA/PERMISO	2.454	538 (28,08%)	14,48%
3º	DELITO DE LESIÓNS (SIMPLES)	1.441	575 (66,34%)	8,50%
4º	DELITO DE QUEBRANTAMENTO CONDENA OU MEDIDA CAUTELAR	1.111	388 (34,92%)	6,55%
5º	DELITO DE LESIÓNS E MALTRATO OCASIONAL EN ÁMBITO VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)	945	118 (14,27%)	5,57%
6º	DELITO DE ROUBO CON FORZA NAS COUSAS	554	134 (31,90%)	3,27%
7º	DELITO DE FURTO	520	122 (30,65%)	3,07%
8º	DELITO DE ESTAFA	403	124 (44,44%)	2,38%
9º	DELITO ROUBO CON VIOLENCIA E INTIMIDACIÓN	354	157 (79,70%)	2,09%
10º	DELITO DE RESISTENCIA OU GRAVE DESOBEDIENCIA Á AUTORIDADE E AXENTES	349	166 (90,71%)	2,06%
TOTAL		12.112	2.871 (31,07%)	71,45%


Os dez primeiros tipos delituosos sentenciados en 2019 supoñen unha cifra total de 12.112, cun aumento interanual de 2.871 (31,07%) e unha porcentaxe equivalente a algo máis de tres cuartos (71,45%) da cifra global de delitos sentenciados (16.951). Só os tres primeiros suman 7.876 ilícitos, cun incremento de 1.846 (30,61%) e unha porcentaxe de case a metade (46,46%) na cifra total. Como todos os anos, sobresaee como delito máis sentenciado o de condución influenciada, cunha destacada cifra de 3.981, cun aumento de 759 (23,56%) e unha porcentaxe de case un cuarto (23,49%) da cantidade total. Pode dicirse, polo tanto, que 2,35 delitos de cada dez sentenciados en 2019 foron delitos de condución influenciada.



SECCIÓN 1.1.2.2. EXAME ESPECIAL DE GRUPOS DELITUOSOS

§ 1. DELITOS CONTRA A VIDA (HOMICIDIOS)

Consideracións previas. Este grupo delituoso tipifica e sanciona os *ilícitos relacionados con mortes violentas (non naturais) con orixe homicida, accidental ou suicida* (auxilio/indución). A súa pouca entidade cuantitativa contrasta coa entidade cualitativa da súa gravidade — nomeadamente nos supostos de homicidios dolosos e asasinatos— dado que teñen como ben xurídico protexido *a vida humana* (independente), *ben xurídico primario*. O *dereito á vida*, recoñecido e garantida no art. 15 CE configúrase, asemade, como *un valor e un dereito fundamental esencial e troncal*, do que dimanan todos os demais (así, v.gr., SSTC 53/1985, do 11 de abril e 120/1990, do 27 de xuño).

■ **Resumo xeral**DELITOS DE HOMICIDIO
GALICIA 2019

■ **Delitos incoados:** 246, cun descenso interanual (d.i.) de 10, equivalente a -3,91% (aumento 10,28% ano anterior) e unha porcentaxe escasa de 0,21% na cifra global de delitos incoados en Galicia en 2019 (118.673).

■ **Delitos cualificados:** 49, cun d.i. de -6, equivalente ao -10,91% (-24,66% ano anterior) e unha porcentaxe do 0,27% no total de delitos cualificados (18.478), así como de só un cuarto (19,92%) respecto da cifra equivalente de delitos incoados (246). O resto de delitos incoados, 197 (o 80,08%) se “volatilizaron” na fase de instrución (sobre todo en DP), ben por finalización anticipada, FA (SP/A, A/I) ou por transformación (TF).

■ **Delitos sentenciados:** 64, cun aumento interanual (a.i.) de 24, equivalente ao 60% (-23,08% ano anterior) e unha porcentaxe do 0,38% na cifra total de delitos sentenciados (16.951).



■ Exame de delitos incoados

■ Exposición de datos

DELITOS INCOADOS (POR PROVINCIAS)	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA TSX
DELITOS DE HOMICIDIO (DO HOMICIDIO E AS SÚAS FORMAS)	49	9	90	98	0
HOMICIDIO	23	5	78	60	0
ASASINATO	2	1	0	9	0
HOMICIDIO POR IMPRUDENCIA	24	3	12	23	0
AUXILIO E INDUCCIÓN AO SUICIDIO	0	0	0	6	0
% TOTAL DELITOS GRUPO	19,92%	3,66%	36,58%	39,84%	0 (0%)
% NO TOTAL DE DELITOS INCOADOS (118.673)					

Continua abaixo

TOTAL GALICIA 2019	TOTAL GALICIA 2018	V.I	% 2019	DELITOS INCOADOS (POR PROVINCIAS)
246	256	-10 (-3,91%)	100%	DELITOS DE HOMICIDIO (DO HOMICIDIO E AS SÚAS FORMAS)
166	170	-4 (-2,35%)	67,48%	HOMICIDIO
12	9	3 (33,33%)	4,88%	ASASINATO
62	76	-14 (-18,42%)	25,20%	HOMICIDIO POR IMPRUDENCIA
6	1	5	2,44%	AUXILIO E INDUCCIÓN AO SUICIDIO
100%				% TOTAL DELITOS GRUPO
0,21%				% NO TOTAL DE DELITOS INCOADOS (118.673)

Vén de arriba

DELITOS INCOADOS (POR PROCEDEMENTOS)	DP	DU	PA	SU	PX	TOTAL GALICIA 2019	TOTAL GALICIA 2018	V.I	% 2019
DELITOS DE HOMICIDIO (DO HOMICIDIO E AS SÚAS FORMAS)	188	1	23	26	8	246	256	-10 (-3,91%)	100%
HOMICIDIO	137	0	4	18	7	166	170	-4 (-2,35%)	67,48%
ASASINATO	4	0	0	7	1	12	9	3 (33,33%)	4,88%
HOMICIDIO POR IMPRUDENCIA	43	1	17	1	0	62	76	-14 (-18,42%)	25,20%
AUXILIO E INDUCCIÓN AO SUICIDIO	4	0	2	0	0	6	1	5	2,44%
% TOTAL DELITOS GRUPO	76,43%	0,41%	9,35%	10,57%	3,25%	100%			
% NO TOTAL DELITOS INCOADOS (118.673)						0,21%			



■ *Análise de datos*

□ *Distribución por provincias:* A Coruña, 19,92% dos ilícitos; Lugo, 3,66%; Ourense, 36,58%; e Pontevedra, 39,84%. A distribución por delitos dentro de cada provincia detállase na táboa precedente.

□ *Distribución por procedementos:* DP, 188 (76,43% de total, como “filtro preliminar”); DU, 1 (0,41%); PA, 23 (9,35%); SU, 26 (10,57%); e PX, 8 (3,25%). A alta porcentaxe de ilícitos en DP débese á súa función de “filtro preliminar”. Os procedementos de SU e PX son o ámbito máis propio das mortes violentas (homicidio doloso e asasinato); e os de DP e PA sono dos homicidios imprudentes (como os orixinados en accidentes laborais ou de tráfico). Na táboa anterior detállase a distribución por delitos dentro de cada tipo procedemental.

□ *Distribución por tipos delituosos.* Por provincias e procedementos, concrétese en táboas anteriores. Resaltamos os seguintes datos:

- *Delito de homicidio.* Consta en 2019 cunha cifra de 166, cun lixeiro d.i. de -4 (-2,35%) e unha porcentaxe de dous terzos (67,48%) na cifra total do seu grupo delituoso (246). Aínda que se refire á modalidade de delito doloso, moi probablemente (segundo logo se aclara) a maior parte sexan realmente “homicidios imprudentes” situados neste tipo delituoso no momento do rexistro inicial do procedemento no órgano xudicial (precalificación). As tres cuartos partes (76,43%) destes delitos de homicidio foron canalizadas a través de DP (filtro preliminar). No ámbito de PA, SU e PX rexistráronse porcentaxes loxicamente menores (9,35%, 10,57% e 3,25%, respectivamente); seguramente tras a tramitación en DP e posterior transformación (no mesmo ano 2019 ou anteriores).

Como ocorre cos delitos económicos, tamén no ámbito desta delincuencia de odio e discriminación, non existe aínda *un sistema ou modelo estatístico específico* para esta área que permita, coa debida precisión, rexistrar e computar os diversos tipos delituosos que integran o amplo catálogo ao que xa fixemos referencia, máis aló do art. 510 CP.

Os datos e información facilitada polas fiscalías territoriais resultan escasos ou de difícil sistematización. Por tal razón, a continuación faremos unha *exposición sintética de datos estatísticos*, centrada nos dous únicos tipos penais desta área que parecen recollidos no sistema de xestión procesual *Fortuny*. Por unha banda, o *delito de discriminación*, que englobaría os distintos tipos básicos e modalidades consideradas nos arts. 510 a 512 CP, por outra, o delito de discriminación laboral.

O primeiro delito é o tipo penal máis xenérico e transversal (como a nova agravante do art. 22.4 CP), a través do cal se protexe a dignidade persoal e o dereito á igualdade e non discriminación



(arts. 101. e 14 CE). En canto ao segundo delito (discriminación laboral, art. 314 CP), a súa finalidade é a de ofrecer tutela penal á discriminación no específico ámbito laboral, con base no dereito xenérico de igualdade constitucional (art. 14 CE), así como ao previsto na lexislación laboral, que recoñece ás persoas traballadoras o dereito á non discriminación directa ou indirecta para o emprego, ou unha vez empregados, por razóns de sexo, estado civil, idade, raza ou etnia, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, afiliación sindical ou lingua (art. 4.2 c) Estatuto dos Traballadores, aprobado por RD lexislativo 2/2015).

Nas seguintes táboas recóllense algúns datos estatísticos sobre delitos de odio e discriminación, asociados a incoación, cualificación e sentenza: a) delito de discriminación xenérica (arts. 510 a 512, coas súas distintas modalidades); e b) delito específico de discriminación laboral. A fonte de procedencia son as estatísticas anuais das fiscalías provinciais, con datos rexistrados na aplicación Fortuny.

■ Delitos incoados

■ Delitos cualificados

DELITOS INCOADOS DE ODIOS E DISCRIMINACIÓN	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I	% 2019
DELITO DE DISCRIMINACIÓN (ARTS. 510-512 CP)	5	0	2	2	9	6	3 (50%)	60%
DELITO DISCRIMINACIÓN LABORAL (ART. 314 CP)	1	0	0	5	6	7	-1 (-14,29%)	40%
TOTAL DELITOS INCOADOS	6	0	2	7	15	13	2 (15,38%)	100%

■ Delitos sentenciados

DELITOS INCOADOS DE ODIOS E DISCRIMINACIÓN	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2019	GALICIA 2018	V.I	% 2019
DELITO DE DISCRIMINACIÓN (ARTS. 510-512 CP)	0	1	0	0	2	0	2 (100%)	66,67%
DELITO DISCRIMINACIÓN LABORAL (ART. 314 CP)	0	0	0	1	1	0	=	
TOTAL DELITOS SENTENCIADOS	0	1	0	1	3	0	3 (100%)	33,33%



§ 3. TEMAS OU CUESTIÓNS DE INTERESE:

§ 3.1. DELITOS DE ODIOS E A SÚA RELACIÓN COAS TIC E A LIBERDADE DE EXPRESIÓN

Trátase dunha cuestión de gran interese e relevancia e moi presente na realidade diaria. Precisamente porque *dous aspectos destacados desta tipoloxía delituosa* son a súa *facilitación e magnificación a través das TIC e as redes sociais (difusión mediática)*, así como a súa *confrontación co exercicio da liberdade de expresión*.

■ **Difusión mediática dos delitos de odio.** Efectivamente é certo e constatable que co desenvolvemento exponencial dos medios de comunicación, as TIC e as redes sociais, os delitos de odio concéntranse e potencianse na súa forma típica do *discurso do odio* (declaracións intimidatorias, hostís ou discriminatorias). Esta utilización instrumental dos medios de comunicación masiva (*mass media*) e a súa enorme potencialidade expansiva supón un maior desvalor á acción e unha maior dificultade na investigación do delito e da identidade do seu autor, o que xustifica unha coherente agravación da pena (tipo agravado do art. 510.3 CP). No contexto de difusión mediática, a fundamentación da agravación radica na proxección, buscado polo seu autor, da mensaxe emitida (así, STS nº 72/2018).

■ **Confrontación delitos de odio/liberdade de expresión.** Nesta polémica cuestión a opinión doutrinal maioritaria coincide esencialmente co criterio asentado tanto polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH) como polo noso Tribunal Constitucional. E tal criterio non é outro que o dereito fundamental á liberdade de expresión atopa o seu límite nas manifestacións innecesarias e excesivas, é dicir, aquelas que non se limitan ao simple cuestionamento ou crítica teórica do sistema democrático senón que, máis alá diso, o poñen en situación material de perigo. A maiores, podería dicirse que supoñen unha quebra “da orde política e a paz social”, que se fundamenta, segundo o art. 10.1 da CE, na dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade e o respecto á lei e aos dereitos dos demais.

Para apreciar a existencia do delito de odio –matiza a Circular 7/2019– importa non só o teor literal das palabras vertidas na mensaxe, senón tamén o particular sentido ou intención con que son utilizadas, en liña coa doutrina xurisprudencial do TC e do TS (STC Nº 112/2016 e STS Nº 31/2011). Resulta evidente que a linguaxe admite ordinariamente interpretacións diversas e, igualmente, debe terse en conta o contexto e as circunstancias de cada caso concreto (SSTS nº 299/2011 e 106/2015); así como o xogo do *principio favor libertatis* nos casos dubidosos, ao tratarse do exercicio de dereitos de liberdade de expresión e ideolóxica (arts. 20 e 15 CE), auténticos sinais identitarios dunha sociedade democrática.

Como deixou ben asentado a xa mencionada Circular FGE 7/2019, *o discurso do odio non está amparado pola liberdade de expresión* (art. 20 CE), a cal non pode colocarse nun plano de superioridade fronte á dignidade doutra persoa. A liberdade de expresión é un sostén básico do



Estado democrático, pero non é un dereito absoluto; polo que, en caso de conflito, procederá efectuar unha *adecuada ponderación dos diversos bens xurídicos en conflito*.

Neste sentido, resulta destacable a STS nº 646/2018 –referida na mesma circular. Segundo esta, é necesaria unha *ponderación dos valores en xogo*, é dicir, *a liberdade de expresión e a agresión a través de expresións xeradoras de odio*. Para o que hai que partir da *constatación dunha serie de elementos*, que esencialmente son: a) o autor debe seleccionar as súas vítimas, como nos delitos de terrorismo, por motivos de intolerancia dentro os colectivos vulnerables aludidos na norma (os “grupos diana”); b) a conduta non só debe atemorizar a persoa concreta destinataria da mensaxe senón a todo o colectivo ao que pertence; c) as expresións realizadas teñen que supoñer unha agresión ás normas básicas de convivencia, baseadas no respecto e a tolerancia; d) debe tratarse de mensaxes merecedoras de seren cualificadas como graves e serias para a incitación á comisión de actos terroristas (art. 579 CP) ou para a xeración dun sentimento de odio que lesione a dignidade; e) debe existir no autor un ánimo de agresión, polo que quedarán excluídas as manifestacións pretendidamente hilarantes e as efectuadas desde a vinganza puntual, desprovistas da necesaria medida.

§ 3.2. ACTUACIÓNS A NIVEL ESTATAL FRONTE AOS DELITOS DE ODIO. ALGÚNS DATOS ESTATÍSTICOS

■ Actuacións e documentos relevantes

■ *Estratexia integral contra o racismo, a discriminación racial, a xenofobia e outras formas conexas de intolerancia*. Documento aprobado en reunión do Consello de Ministros do 4 de novembro de 2011. Posteriormente daría lugar ao *Convenio interinstitucional contra o racismo, a xenofobia e todas as formas de intolerancia*, suscrito o día 19 de setembro de 2018 polo CXPX, a FXE, os Ministerios de Xustiza e Interior e outros organismos e entidades.

■ *Plan de acción de loita contra os delitos de odio* (14 de xaneiro de 2019). Foi aprobado mediante Instrución 1/2019 da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior. Contén a dirección estratéxica do conxunto de accións que teñen que levar a cabo as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (FCSE) na loita orientada a previr e impedir os incidentes e delitos de odio, así como mitigar ou reducir o dano causado ás vítimas. Artículase a través da Secretaría de Estado de Seguridade e encárgase do seu impulso, coordinación e supervisión a *Oficina Nacional de Loita contra os Delitos de Odio*, creada en 2018, dependente do Gabinete de Coordinación e Estudos. O contido do Plan de Acción artículase a través de 4 liñas de actuación, 13 obxectivos a conseguir e 47 medidas concretas a desenvolver. As 4 liñas de actuación ou eixos principais do plan son: 1) a formación das FCSE; 2) a prevención dos incidentes e delitos de odio; 3) a atención ás vítimas; e 4) a resposta policial ante este tipo de feitos.



■ *Protocolo de actuación para as FCSE para os delitos de odio e condutas que vulneran as normas legais sobre discriminación.* É unha das ferramentas previstas no plan de actuación. Foi aprobado pola Instrución nº 16/2014 da Secretaría de Estado de Seguridade Secretario de Estado de Seguridade, actualizada no 2015. Proporciona os instrumentos xurídicos e técnico-criminolóxicos para poder identificar incidentes relacionados co odio, que por simple presunción, poidan encadrarse entre os supostos previstos no CP ou nas normas administrativas que sancionan a discriminación.

■ *Observatorio Español do Racismo e a Xenofobia.* Foi creado pola LOEX do ano 2000 (art. 71) con funcións de estudo e análise, e con capacidade para elevar propostas de actuación, en materia de loita contra o racismo e a xenofobia. Actualmente está adscrito ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

■ Información estatística sobre delitos de odio

Polo menos desde 2013, o Ministerio do Interior vén elaborando datos estatísticos e informes anuais sobre a evolución dos incidentes relacionados cos delitos de odio en España, que poden consultarse na súa web oficial ¹². Nos ditos informes compútanse como “delitos de odio” os referidos aos seguintes ámbitos: 1) racismo/xenofobia; 2) orientación/identidade sexual; 3) crenzas/prácticas relixiosas; 4) antisemitismo; 5) diversidade funcional; 6) aporofobia; 7) ideoloxía; 8) discriminación por razón de sexo/xénero; ás que se engadiron dúas máis finalmente: 9) discriminación por razón de enfermidade; e 10) discriminación xeracional ou por idade (idadismo, *ageims* anglosaxón)

Do último informe anual publicado, referido ao ano 2018, destacamos os seguintes datos:

Delitos de odio- Informe ano 2018 de Ministerio do Interior					
Datos totais de España e particulares de Galicia					
	España		Galicia		% de Galicia en España
Feitos coñecidos	1.598 (a.i. 12,61%)	100%	42 (a.i. 2,44%)	100%	2,63%
Feitos esclarecidos	885 (a.i. 3,03%)	55,38%	20 (d.i. -20%)	47,62%	2,26%
Detencións/investigacións	548 (-50,36%)	34,29%	6 (d.i. -50%)	14,29%	1,09%
Vitimizacións	1.557 (d.i. -7,92%)		21 (d.i. -48,78%)		



§ 3.3. ACTUACIÓNS DA CA DE GALICIA EN RELACIÓN COS DELITOS DE ODIIO

Merecen ser resaltadas algunhas das actuacións realizadas pola CA de Galicia en relación cun ámbito concreto dos delitos de odio, como é a discriminación por orientación ou identidade sexuais.

Desde hai xa varios anos está vixente a Lei autonómica 2/2014, do 14 de abril, *pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia* (DOG nº 79, data 25 de abril, BOE nº 127, do 26 de maio). Segundo o Goberno autónomo, Galicia foi a primeira CA española en contar cunha lei desta natureza. Segundo o seu artigo 1 é obxecto da lei garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transxénero e intersexuais (colectivo LGTBI). Para lograr este obxectivo prevé o desenvolvemento de políticas públicas orientadas ao fomento e á promoción da igualdade, a visibilidade e a non discriminación do colectivo LGTBI, mediante un conxunto de medidas relativas a todos os ámbitos da vida política, social, económica, cultural e familiar. Particularmente estas medidas refírense ás seguintes áreas ou ámbitos: 1) policial e xudicial; 2) laboral; 3) familiar; 4) educación; 5) cultura e lecer; 6) deporte; 7) mocidade; e 8) comunicación.

Con base nesta lei, por Decreto 1321/2018 da VCPAPX, do 10 de outubro, creouse e regulou o *Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero* (DOG nº 201 do 22 de outubro). Desesta forma, Galicia converteuse na terceira CA en contar cun órgano colexiado de participación do colectivo LGTBI. A indicada norma configura o referido observatorio como un órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de diversidade sexual e de xénero.

A Xunta de Galicia fai gala de manter un firme compromiso á defensa dos dereitos do colectivo LGTBI. Nesa liña, desde o ano 2016 vén asinando convenios de colaboración con entidades dese colectivo; o último deles foi subscrito en agosto de 2019. Ademais, desde o ano 2017 a Xunta establece nos orzamentos autonómicos unha partida específica para as asociacións dese colectivo.





CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





CAPÍTULO III

REDES E DELITOS CONTRA BENS XURÍDICOS EMINENTEMENTE PERSOAIS





CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

As fiscalías provinciais advirten da dificultade de cómputo dos delitos cometidos contra bens xurídicos eminentemente persoais relacionados coas redes. Subliñan que non existe unha ferramenta informática útil que permita unha mínima estatística fiable e unha imaxe fiel e real; razón pola que describen problemas puntuais relacionados coas redes.

§ 1. FISCALÍA SUPERIOR DE GALICIA

O 30 de setembro de 2019 tivo lugar na Coruña a cerimonia de apertura do curso universitario a nivel estatal, presidido polo Rei Felipe VI. A lección maxistral foi pronunciada pola catedrática Amparo Alonso, investigadora en intelixencia artificial da Facultade de Informática da Coruña sobre: *“La inteligencia artificial, ser o no ser en el siglo XI”*.

No seu discurso deslindou o que ben poderíamos bautizar como problemas estruturais de España no ámbito tecnolóxico, comezando por constatar que mentres no noso país o número total de matriculados en Graos de Informática en 2017-2018 era de 36.174, China, que aspira a constituírse na primeira potencia mundial en tecnoloxía sobre 2030, dispoñía en 2017 de 1,6 millóns de titulados. O diagnóstico xeral evidencia que a nosa poboación está atrasada en habilidades dixitais básicas, na posición 21 dos 28 de Europa por cantidade de especialistas. España avanza en todos os apartados que inclúe a Axenda Dixital europea, menos no capital humano, e o investimento do Estado e empresas necesita aínda un grande impulso.

Deste xeito, a defensa e loita contra a criminalidade informática presenta connotacións sistémicas. A intimidade, as esferas de liberdade, a dignidade, integridade moral e o patrimonio que se ven con frecuencia invadidos e lesionados co uso perverso das novas tecnoloxías, require para o seu descubrimento e obtención de probas métodos de investigación avanzados, persoal especializado e a adecuación da lexislación penal ante un panorama dinámico e cambiante cada día.

Dificultades substantivas e procesuais son postas de relevo polas fiscalías provinciais, advertindo da imposibilidade de constar estatísticas fiables polo carácter transversal destas condutas.



§ 2. RESUMO DAS ACHEGAS DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA NAS SÚAS RESPECTIVAS MEMORIAS

Ameazas (artigos 169 a 171 CP), coaccións e acoso (artigos 172 e 172 ter CP) integridade moral (artigo 173.1 CP), descubrimento e revelación de segredos (artigo 197 CP)

A **Fiscalía Provincial da Coruña** apunta que non se contabilizan de forma efectiva en Fortuny, a súa incidencia é transversal ao seren despachados en boa parte polo fiscal do xulgado ou polos especialistas de criminalidade informática, menores, etc.

Ameazas e coaccións: 18 procedementos xudiciais incoados, que supoñen o 9% dos delitos informáticos, 2 escritos de acusación e 7 sentenzas condenatorias.

Contra integridade moral: 1 procedemento xudicial, 1 escrito de acusación e 1 sentenza condenatoria.

Descubrimento e revelación de segredos: 1 procedemento xudicial, 0 escritos de acusación e 3 sentenzas condenatorias.

No plano das cuestións substantivas propónse a tipificación dun delito de usurpación de identidade nas redes sociais. Descríbense condutas constatadas, tales como:

- utilizar as claves de acceso da conta de Facebook da súa exparella e apoderarse dun contido íntimo que despois se difunde;
- suplantar a identidade da vítima e ofrecer servizos sexuais;
- contactar con menores e solicitarlles imaxes de contido sexual;
- en violencia sobre a muller, tras romper a relación: realizar unha insistente comunicación por todos os medios;
- en menores: crear un falso perfil masculino en Instagram e enganar unha amiga para mocear con ela e controlar a súa vida.

No plano das cuestións procesuais, resáltase a dificultade de articular unha proba sobre a autoría, excepto nos delitos de violencia sobre a muller.

A **Fiscalía Provincial de Lugo** reitera a importancia de tipificar os supostos de suplantación de identidade. E dedica boa parte do seu estudo á problemática acerca da tipicidade da conduta relativa á colocación dun xeolocalizador ou baliza de seguimento no vehículo doutro, como medio para coñecer o seu paradiro e situación en calquera momento, cometido por particulares; ou supostos de vídeos tutoriais como os que ensinan a espiar ás mulleres no ámbito da parella. Estuda a cuestión substantiva advertindo que a maioría das sentenzas parecen decantarse por considerar que non pode encadrarse a conduta no artigo 197 CP.



A Fiscalía Provincial de Ourense destaca, no plano das cuestións substantivas, que a conduta de anunciar ofrecendo sexo e dando para o efecto como teléfono de contacto o doutra persoa, normalmente unha muller, pode ser incardinada no artigo 172 ter 1. 3ª CP cunha soa acción do suxeito pasivo.

No plano das cuestións procesuais refire: a dificultade da proba, a de concretar a competencia xudicial, a falta de peritos expertos nestes ilícitos e a complexidade de fixar a proporcionalidade para acordar dilixencias de investigación tecnolóxicas.

A **Fiscalía Provincial de Pontevedra** dedica unha introdución para resaltar a importancia das condutas orixinadas nas redes sociais e as diversas situacións de risco, tales como o rexistro do usuario, a indexación automática dos perfís, os contidos publicitarios que utilizan a información dos usuarios ou a cesión dos dereitos de propiedade intelectual.

No plano das cuestións substantivas apunta a existencia de ameazas baseadas en código malicioso que se difunde nas redes sociais, a suplantación de identidade, a recepción de comunicacións sociais non solicitadas, o phishing (técnicas enganosas para gañar a confianza da vítima e conseguir que realice accións que non debería realizar, como dar o seus datos bancarios) e pharming (redirixir o nome de dominio dunha entidade de confianza a unha páxina web falsa creada para obter datos da vítima), sexting (envío de mensaxes de contido sexual), o acoso ou cyberbullying; todos eles cuxa situación penal entende que teñen que ser os delitos contra a liberdade sexual, a intimidade e a pornografía infantil, contra a integridade moral, acoso e chantaxe.

Refire, por último o happy slapping (agresións a outros colgándoos en plataformas como Youtube), que poden encaixar nos delitos contra a integridade moral ou descubrimento e revelación de segredos.

No plano das cuestións procesuais, subliña as dificultades para fixar a competencia territorial, de identificación do autor e partícipes, a ocultación de mensaxes ou arquivos e a formación necesaria de equipos de investigación tecnolóxica.

A **Fiscalía Provincial de Ourense** reflexiona sobre diversas problemáticas.

No plano das cuestións substantivas considera que no artigo 172 ter compréndense varios conceptos indeterminados como “gravidade ou vida cotiá”, engade que determinadas condutas non requiren que se efectúen de forma insistente e reiterada para seren incardinadas no devandito precepto.

No plano das cuestións procesuais pon de relevo a problemática competencial, a dificultade de pescudar a autoría, a difícil obtención de probas, a carestía de medios e peritos especializados e a aplicación sempre complexa da investigación tecnolóxica.





8960





CAPÍTULO IV

PROPOSTAS DE REFORMAS LEXISLATIVAS

CSV: BOPGDSPCaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

§ 1. FISCALÍA SUPERIOR DE GALICIA

Non é infrecuente que as lexislacións penais dos países hispanoamericanos (Colombia, Guatemala, Arxentina...) prevexan unha resposta penal específica nos casos de situacións con epidemias. A previsión expresa do Código penal da República Arxentina no seu artigo 205, que reprime con prisión de 6 meses a 2 anos ao que viole as medidas adoptadas polas autoridades competentes para impedir a introdución ou propagación dunha epidemia, non nos parece extrapolable ao noso país por diversas razóns que agora non procede analizar. Baste subliñar que, no fondo, se trataría dunha mera desobediencia ás ordes das autoridades competentes, que, dado o interese social de evitar unha epidemia, recibe un castigo penal especial, cun ben xurídico de lesión ou posta en perigo da saúde pública e non unha mera desobediencia ao Estado.

Entendemos, con todo, que determinados tipos penais talvez procedería reforzalos incorporando agravacións específicas cando se cometen baixo a vixencia dun estado de alarma ou de calamidades públicas. Tal sucedería con algúns dos delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica, como os furtos, roubos con forza, estafas ou danos, ou calquera outro afectado pola situación excepcional referida.

Con todo, as afirmacións precedentes deben entenderse como unha mera reflexión apresurada, necesitada de estudos máis extensos, detallados e precisos, alleos á redacción da Memoria.

§ 2. RESUMO DAS ACHEGAS DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA NAS SÚAS RESPECTIVAS MEMORIAS

■ Fiscalía Provincial da Coruña

Propón *reformas no relativo ás medidas cautelares aplicables a investigados con anomalías ou alteracións psíquicas* e suxire que se engada nas medidas cautelares de internamento nun capítulo III bis do Título VI do Libro II da LACrim. respecto daqueles investigados nos que, concorrendo os requisitos de prisión provisional dos artigos 502 e 503, se aprecien circunstancias constitutivas dunha eximente de anomalía ou alteración psíquica.

Propón, en segundo lugar, a *necesidade dunha nova regulación dos ficheiros de solvencia patrimonial*, co fin de lles evitar situacións de abuso e prexuízos inxustificadas aos afectados. Desde o noso punto de vista, a reforma debería abordar *tres aspectos fundamentais*.



1) Por un consumidor informado

Tanto o Regulamento UE como a LOPD conteñen disposicións encamiñadas a informar ao rexistrado no ficheiro dos seus dereitos e dos medios que ten para facelos efectivos. Con todo, esa información non é abonda para garantir unha protección efectiva dos consumidores. O Regulamento español de 2007, que desenvolveu a LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección *de datos de carácter persoal*, establece de forma inequívoca que é preceptivo informar o debedor, no momento en que se efectúe o requirimento de pago, de que se non o atende poderá ser incluído nun ficheiro de morosos (art. 39). Non obstante, a LOPD de 2018, admite que a información sobre a posibilidade de incluír os seus datos nun ficheiro de morosos se realice unicamente no momento de celebrar o contrato. Efectivamente, o artigo 20.1 LOPD refírese a este requisito nos seguintes termos: “Que o acredor informase ao afectado *no contrato ou no momento de requirir o pagamento* acerca da posibilidade de inclusión nos ditos sistemas [...]». Esta normativa parécenos un retroceso en comparación co disposto no Regulamento que desenvolvía a Lei anterior. O contrato non é un medio de información suficiente para estes efectos. En ocasións o consumidor non o ten á súa disposición, como sucede nos supostos de contratación telefónica. O momento en que se debe informar das consecuencias do impago é o do requirimento, como acertadamente indicaba o Regulamento. Debe terse en conta que a LOPD é posterior ao Regulamento (que desenvolvía a Lei anterior) e na súa disposición derogatoria única, apartado 3, establece:

«Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan, se opoñan, ou resulten incompatibles co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e na presente lei orgánica”. Razóns de seguridade xurídica e de protección efectiva dos consumidores aconsellan regular de forma clara esta cuestión na LOPD, de modo que, inescusablemente, no requirimento de pago advirtaselles de que os seus datos poderían comunicarse a un ficheiro de morosos se non aboan a débeda.

2) Pola calidade do dato

Un aspecto crucial para determinar se existiu unha intromisión ilexítima no dereito ao honor é o requisito da calidade do dato. Neste aspecto (como en moitos outros), a xurisprudencia camiña por diante do Dereito positivo. O artigo 20 LOPD esixe que «os datos se refiran a débedas certas, vencidas e esixibles, cuxa existencia ou contía non fose obxecto de reclamación administrativa ou xudicial polo debedor ou mediante un procedemento alternativo de resolución de disputas vinculante entre as partes». O Tribunal Supremo interpreta este requisito dunha forma máis adecuada (v. gr. sentenzas da Sala do Civil do Tribunal Supremo 245/2019, do 2 de abril; e 68/2016, do 16 de febreiro). Por unha banda, considera que non é suficiente calquera impugnación da débeda, por inustificada que resulte; e, por outra, declarou que só se poden incluír no ficheiro as débedas inequívocas; non así as que resulten incertas ou dúbidasas, e entende por tales aquelas que se cuestionasen cun principio de proba documental. Cremos que a LOPD debería incorporar a doutrina xurisprudencial acerca do requisito da «calidade do dato».



3) *Por unha tutela xudicial áxil*

O artigo 17 do Regulamento UE recoñécelles aos interesados o dereito para obteren do responsable do tratamento, *sen dilación indebida*, a supresión dos datos persoais que lles concirnan cando, entre outros supostos, fosen tratados ilicitamente. Debería recoñecérselles ás persoas afectadas un procedemento áxil para restaurar os seus dereitos no caso de que se lles incluíse de forma indebida nun ficheiro de morosos e a súa reclamación non sexa atendida polo responsable do tratamento dos datos. O interesado pode solicitar esta tutela tanto en vía administrativa, ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), como en vía xudicial. No noso Dereito, as demandas que teñan por obxecto a protección civil do dereito ao honor fundadas na inclusión indebida nun ficheiro de morosos tramítanse como xuízo ordinario (art. 249.2 LAC). A tutela xudicial nesta materia sería máis rápida se se aplicasen as normas do xuízo verbal, no que non se prevé a audiencia previa e os prazos son máis curtos (v. gr., para contestar á demanda ou para ditar sentenza). Por todo iso, considérase preferible que estes procedementos se tramiten polas normas do xuízo verbal.

Ademais propón a Fiscalía coruñesa a *tipificación dun delito de usurpación de identidade nas redes sociais* á que se fai alusión no Capítulo III.

■ **Fiscalía Provincial de Ourense**

Propón, en materia de violencia de xénero, a necesidade de reformar o artigo 416 da LACrim., como vén poñendo de relevo nas súas precedentes memorias. Efectivamente, normalmente a denunciante-vítima é a propia esposa ou parella de feito do agresor. Non parece lóxica a dispensa establecida en tal precepto, pois a experiencia dinos que se ben non adoita existir ningún problema no momento de recibirlle declaración no xulgado de instrución, pois declara malia coñecer a dispensa legal, non ocorre o mesmo no acto do plenario. Iso é debido a que xa transcorreu un curto ou medio período de tempo desde que acaeceron os feitos e, en non poucas ocasións, chegados a este punto, quen ao cabo resulta ser a única testemuña dos feitos acóllese, por diferentes razóns, á dispensa legal e négase a declarar. Reitero que sería conveniente unha reforma lexislativa de tal precepto para evitar este tipo de situacións.





CSV: BOPGDSPCaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





ANEXO

CSV: BOPGDSPGcaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

ANEXO: ALGUNHAS ABREVIATURAS UTILIZADAS

- A:** Arquivo (dun procedemento).
- AD:** Arquivo definitivo (dun procedemento).
- a.i.:** Aumento interanual (variación á alza de datos estatísticos entre dous anos).
- AMTEGA:** Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia.
- AP:** Administración Pública.
- AX:** Administración de Xustiza.
- BOE:** Boletín Oficial do Estado.
- CA:** Comunidade Autónoma.
- CAG:** Comunidade Autónoma de Galicia.
- CE:** Constitución Española.
- CPAPX:** Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.
- CTPA:** Corpo de tramitación procesual e administrativa da Administración de Xustiza.
- CXPA:** Corpo de xestión procesual e administrativa da Administración de Xustiza.
- DI:** Dilixencias informativas.
- d.i.:** Descenso interanual (variación á baixa de datos estatísticos entre dous anos).
- DIP:** Dilixencias de investigación penal.
- DPR:** Dilixencias preprocesuais.
- DU:** Dilixencias urxentes de xuízo rápido.
- DOG:** Diario Oficial de Galicia.
- DP:** Dilixencias previas de procedemento abreviado.
- DU:** Dilixencias urxentes de xuízo rápido
- DXX:** Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia (integrada na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).
- EG:** Expediente gubernativo
- ES:** Estranxeiría, área especializada de Fiscalía.
- EOMF:** Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal.
- REC:** Posto singularizado da NOF correspondente ao funcionario responsable de rexistro, estatística e calidade.
- FA:** Fiscalía de Área (FF.AA.: Fiscalías de Área).
- FCA:** Fiscalía de Comunidade Autónoma, Fiscalía autonómica, Fiscalía Superior da CA.
- FP:** Fiscalía Provincial (FF.PP.: Fiscalías Provinciais).
- INE:** Instituto Nacional de Estatística.
- LAC:** Lei de axuízamento civil.
- LACrim.:** Lei de axuízamento criminal.
- LO:** Lei orgánica .
- LOPD:** LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- LOPDGDD:** LO 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- LPACAP:** Lei 39/2016, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



LUTICAX: Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de Xustiza.

LXSS: RDL 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

MAU: Medio Ambiente e Urbanismo (área especializada)

MEN: Menores.

MF: Ministerio Fiscal.

NOF: Nova Oficina Fiscal.

MXU: Ministerio de Xustiza.

OGVX: Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero.

PA: Procedemento abreviado.

PIA: Pendente ao inicio do ano (asunto/procedemento pendente e en trámite ano anterior).

PFA: Pendente ao final do ano (asunto/procedemento pendente e en trámite a final de ano).

PNX: Punto Neutro Xudicial.

PO: Procedemento ordinario.

PX: Procedemento do Tribunal do Xurado.

RD: Real decreto.

RDL: Real decreto lexislativo.

RDSIMF: Real decreto 93/2006, do 3 de febreiro, polo que se regula o Sistema de Información do Ministerio Fiscal.

RPT: Relacións de postos de traballo.

SL: Sinistralidade laboral.

SP: Sobresemento provisional.

SIMF: Sistema de Información do Ministerio Fiscal.

ST: Sección Territorial (dunha Fiscalía Provincial)

SU: Sumario, fase de instrución preliminar do procedemento ordinario penal.

TIC: Tecnoloxías da información e da comunicación.

TSX: Tribunal Superior de Xustiza.

VCPAPX: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

V.I.: Variación interanual (diferenza de datos entre un ano e o anterior).

XDL: Xuízo por delito leve.

XF: Xuízo de faltas.

XG: Xunta de Galicia (Administración Pública da CA de Galicia).

XR: Xuízo rápido.

XVSM: Xultado de Violencia sobre á Muller



NOTAS

- 1.** Sen contar os XDL, a cifra total de procedementos incoados en Galicia en 2019 é 90.297(108.964-18.667). Tendo en conta esa cifra, entre 2015 e 2019 a cifra total de procedementos incoados tería experimentado un descenso acumulado de -92.889 (-50,71%).
- 2.** Portal estatístico da DGVX (Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero), adscrita ao Ministerio do Interior:
<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/home.htm>
- 3.** Segundo a citada fonte estatística policial, en 2019 constan 25 homicidios dolosos/asasinatos en grao de tentativa, non consumados, sen variación interanual.
- 4.** Lei orgánica 1/2019, do 20 de febreiro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, para traspoñer directivas da Unión Europea nos ámbitos financeiro e de terrorismo, e abordar cuestións de índole internacional (publicada no BOE do 21/02/2019, con entrada en vigor o día 13/03/2019).
- 6.** Por outra banda, o artigo 19.4 do EOMF, ao referirse á Fiscalía Especial contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada, inclúe no seu ámbito de actuación unha serie ampla de delitos, máis alá dos do ámbito propiamente político ou administrativo. Así acontece, por exemplo, cos delitos contra a Facenda Pública, contra a Seguridade Social e de contrabando; defraudacións e insolvencias punibles; alteración de prezos en concursos e poxas públicos; delitos relativos á propiedade intelectual e industrial, ao mercado e aos consumidores; delitos societarios; branqueo de capitais; e corrupción no sector privado.
- 7.** Lei orgánica 1/2019, do 20 de febreiro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, para traspoñer directivas da Unión Europea nos ámbitos financeiro e de terrorismo, e abordar cuestións de índole internacional (publicada no BOE do 21/02/2019, con entrada en vigor o día 13/03/2019).
- 8.** <http://www.mitramiss.gob.es/estadisticas/eat/welcome.htm>.
- 9.** Decisión Marco 2001/220/JAI do Consello, do 15 de marzo de 2001, relativa ao estatuto da vítima no proceso penal.
- 10.** Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e o Consello, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúe a Decisión Marco 2001/220/JAI
- 11.** <http://www.institucionpenitenciaria.es/web/portal/documentos/estadisticas.html>
- 12.** <https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/dynPx/inebase/index.htm?type=pcaxis&path=/Datos6/&file=pcaxis>





CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>




CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Fiscalía Superior
da Comunidade Autónoma de Galicia**

CSV: BOPGDSPFGaZU4Qc4F7
Verificación:
<https://seido.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 52.1 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **solicitud de constitución** dunha **Comisión de investigación** para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura e retomados sen conclusión na X lexislatura.

Cómpre recordar que xa na IX Lexislatura foi constituída unha comisión para tal efecto após a súa aprobación por unanimidade no Pleno do Parlamento galego celebrado o 2 de agosto do ano 2012. Após a aprobación, tamén por unanimidade, das súas normas de funcionamento e plan de traballo, as tarefas foron iniciadas recibindo documentación e desenvolvendo unha ampla axenda de comparecencias. Porén, non foron rematados os traballos antes da disolución da cámara o 1 de agosto de 2016 pola convocatoria de eleccións.

Iniciada a X lexislatura, foi aprobada a continuidade destes traballos e constituíse o 27 de xaneiro de 2017 a denominada Comisión de Investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura. O 10 de marzo de 2017 foron aprobadas as normas de funcionamento. Días despois, o 23 de marzo de 2017 foi aprobado o plan de traballo da nova Comisión, que foi modificado o 13 de Xullo de 2017 sendo esta a última reunión do organismo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É fundamental que os traballos iniciados teñan un punto de remate. Cómpre recordar, ademais, que a crise financeira que explota no ano 2008, lonxe de supoñer unha oportunidade para rectificar a política financeira e reforzar a transparencia, a intervención, o control e tutela pública para evitar novas burbullas financeiras, supuxo o contrario. Nos anos seguintes as medidas impulsadas supuxeron unha reestruturación que avanzou na concentración e centralización do sector. Desta maneira assistimos á privatización e bancarización das caixas de aforros, mais o camiño non rematou aí. Continuamos nun proceso complexo de reestruturación bancaria, que levou á redución de entidades e que chega até a actualidade acompañado dunha gran perda de emprego e de peche de oficinas e dunha transformación do sector, cada vez máis enfocado á colocación de produtos financeiros e con graves problemas de exclusión financeira dun volume cada vez máis grande de poboación, ben por falta de servizos, como acontece en moitas poboacións, ben polas condicións abusivas de acceso, así como con grandes dificultades de acceso ao crédito por parte de moitos sectores económicos. Máis aínda, as recentes mudanzas no panorama financeiro, aceleradas pola irrupción da covid-19, fan máis necesario aínda concluír estes traballos para tirar conclusións para as futuras decisións que o noso país tome neste ámbito.

Por todo isto, os deputados e deputadas abaixo asinantes solicitan:

A creación dunha Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financiera das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura e retomados sen conclusión na X lexislatura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2020

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 29/09/2020 11:42:59

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2020 11:43:29

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/09/2020 11:43:40

María del Carmen Aira Díaz na data 29/09/2020 11:43:51

Xosé Luis Bará Torres na data 29/09/2020 11:44:04

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2020 11:44:14

Daniel Castro García na data 29/09/2020 11:44:26

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/09/2020 11:44:37

Alexandra Fernández Gómez na data 29/09/2020 11:44:55

María González Albert na data 29/09/2020 11:45:05

María do Carme González Iglesias na data 29/09/2020 11:45:15

Rosana Pérez Fernández na data 29/09/2020 11:45:23

Daniel Pérez López na data 29/09/2020 11:45:36

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2020 11:45:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 29/09/2020 11:45:53


Mercedes Queixas Zas na data 29/09/2020 11:46:14

Paulo Ríos Santomé na data 29/09/2020 11:46:27

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/09/2020 11:46:34

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/09/2020 11:46:50





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGaZU4Qc4F17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

